



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 53

Sesión Plenaria
19 de decembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (19214, PL-000007)

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O señor presidente anuncia a ausencia xustificada do deputado señor López Crespo. (Páx. 9.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente comunica que se manteñen para a sesión plenaria as emendas dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea. (Páx. 9.)

Presentación do ditame da comisión: Sr. presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Losada Álvarez). (Páx. 9.)

Debate conxunto dos estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 11.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 19.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 27.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 45.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 47.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 50.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 53.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 56.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 61.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 65.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 70.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 75.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 76.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 79.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 81.)

Votación do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

Votación dos estados de gastos

Votación dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais dependentes delas

Votación conxunta dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais que non foron obxecto de emendas: *aprobados por 40 votos a favor, 20 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 83.)

O señor presidente comunica que o G. P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou a votación separada de determinadas seccións. (Páx. 83.)

Votación dos orzamentos da sección 01 (Parlamento de Galicia): *aprobados por 40 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación dos orzamentos das seccións 02 (Consello de Contas), 03 (Consello da Cultura Galega) e 20 (Consello Consultivo de Galicia): *aprobados por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais): *aprobados por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación conxunta de todas as emendas presentadas aos orzamentos da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia): *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación separada da emenda número 10 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentada á sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza). (Páx. 85.)

Votación da emenda número 10 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza): *rexeitada por 20 votos a favor, 40 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 85.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), agás a xa votada: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación conxunta das emendas presentadas á sección 06 (Consellería de Facenda): *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación da emenda número 21 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentada aos orzamentos da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio): *rexeitada por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 85.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), agás a emenda xa votada: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda): *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación separada das emendas 37, 38, 50 e 58. do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, aos orzamentos da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria). (Páx. 86.)

Votación das emendas 37, 38, 50 e 58 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria): *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 86.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria), agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación separada das emendas 206 á 238, ambas incluídas, e da 250 á 264, tamén incluídas, do Bloque Nacionalista Galego, presentadas á sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria). (Páx. 87.)

O señor Losada Álvarez intervén para aclarar que o segundo grupo de emendas comprende desde a 250 á 256. (Páx. 87.)

Votación dos grupos de emendas 206 a 238 e 250 a 256, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 87.)

O señor Losada Álvarez intervén para solicitar tamén a separación para a súa votación das emendas desta sección presentadas polo G. P. de En Marea. (Páx. 87.)

Votación das emendas 206 á 264, do G. P. de En Marea, presentadas aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 88.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), agás as xa votadas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación por separado da emenda 65 do G. P. Bloque Nacionalista Galego presentada aos orzamentos da sección 11 (Consellería de Sanidade). (Páx. 88.)

Votación da emenda número 65 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos da sección 11 (Consellería de Sanidade): rexeitada por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións. (Páx. 88.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos da sección 11 (Consellería de Sanidade), agás a xa votada: rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 12 (Consellería de Política Social): rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 13 (Consellería do Medio Rural): rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 14 (Consellería do Mar): rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)

O señor presidente anuncia a votación dos orzamentos das entidades públicas instrumentais. (Páx. 90.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Instituto Galego da Venda e Solo: rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 90.)

O señor presidente comunica que o G. P. dos Socialistas de Galicia solicitou a votación por separado das emendas 102 á 108 do G. P. Bloque Nacionalista Galego, así como tamén se pediu a separación da emenda número 265, do G. P. de En Marea, presentadas ao Servizo Galego de Saúde. (Páx. 90.)

Votación das emendas 102 á 108 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde: rexeitadas por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións. (Páx. 90.)

Votación da emenda número 265 do G. P. de En Marea presentada aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde): rexeitada por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 13 abstencións. (Páx. 90.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde, agás as xa votadas: rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia: rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas: rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 91.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da Axencia Galega de Innovación: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación da emenda número 29 do G. P. de En Marea presentada aos orzamentos do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) : *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación conxunta das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas aos orzamentos de Augas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación conxunta das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas aos orzamentos de Portos de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación conxunta das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas aos orzamentos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

O señor presidente anuncia a votación conxunta dos orzamentos das seccións e entidades públicas que foron obxecto de emendas. (Páx. 93.)

Votación conxunta dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais que foron obxecto de emendas: *aprobados por 40 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación do texto articulado do ditame

O señor presidente comunica a petición da votación por separado das emendas números 1 e 2 ao artigo 2, apartados 1 e 4, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 93.)

Votación das emendas números 1 e 2 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao artigo 2, apartados 1 e 4, do texto articulado do ditame: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 94.)

O señor presidente comunica a petición da votación por separado das emendas 1 a 5 ao artigo 2, apartados 1 a 5, do Grupo Parlamentario de En Marea. (Páx. 94.)

Votación das emendas 1 a 5 do G. P. de En Marea ao artigo 2, apartados 1 a 5, do texto articulado do ditame: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 94.)

Votación conxunta das emendas presentadas ao texto articulado do ditame, agás as xa votadas: rexeitadas por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 94.)

Votación do texto articulado do ditame: aprobado por 40 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 94.)

Finalizada a votación e antes de dar por rematada a sesión, o señor presidente recorda que se cumpren nesta data trinta e seis anos do nacemento do Parlamento de Galicia, coa súa primeira sesión constitutiva no Pazo de Xelmírez, e dedica unhas palabras de recoñecemento aos predecesores no traballo parlamentario. (Páx. 95.)

Remata a sesión ás tres e dous minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno o deputado don Carlos López Crespo.

Entramos na orde do día, co punto único deste pleno.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o Pleno as emendas dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, don Abel Fermín Losada Álvarez.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Losada Álvarez): O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 20 de outubro de 2017. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 20 de outubro de 2017, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*.

As emendas á totalidade foron cualificadas o 13 de novembro de 2017. Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do Pleno do 20 de novembro de 2017.

As emendas parciais que se detallan a continuación foron cualificadas o 24 de novembro deste mesmo ano. Grupo Parlamentario Popular de Galicia: emendas ao articulado, 15; emendas aos estados numéricos, 11; total, 26. Grupo Parlamentario de En Marea: emendas ao articulado, 42; emendas aos estados numéricos, 376; total, 418; Grupo Parlamentario dos Socialistas: emendas ao articulado, 61; emendas aos estados numéricos, 445; total, 506. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: emendas ao articulado, 34; emendas aos estados numéricos, 324; total, 358. Presentáronse, polo tanto, 152 emendas ao articulado e 1.156 emendas aos estados numéricos, que fan un total de 1.308 emendas.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 27 de novembro, designou os seguintes ponentes: Grupo Popular de Galicia, don Pedro Puy Fraga, titular; don Mi-

guel Ángel Tellado Filgueira, suplente. Grupo Parlamentario de En Marea: don José Manuel Lago Peñas, titular; don Antón Sánchez García, suplente. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Abel Losada Álvarez, titular; dona Begoña Rodríguez Rumbo, suplente. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Noa Presas Bergantiños, titular; dona Olalla Rodil Fernández, suplente.

A sesión da Ponencia tivo lugar o 28 de novembro de 2017 e nela rematouse o informe que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar, por maioría, as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación das números 5, 12, 47 e 48 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e de dúas transaccións elaboradas coas emendas 5 e 56 deste mesmo grupo parlamentario.

En relación coas restantes emendas, a Ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. As emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para comisión.

A Comisión, reunida os días 7, 11 e 12 de decembro de 2017, aprobou, por maioría, o informe emitido pola Ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas mantidas para o Pleno é o seguinte: Grupo Parlamentario de En Marea: emendas ao articulado, 42; emendas aos estados numéricos, 376; un total de 418. Grupo Parlamentario Socialista: emendas ao articulado, 55; emendas aos estados numéricos, 445; total de 500 emendas. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: emendas ao articulado, 34; emendas aos estados numéricos, 324; total de 358 emendas. Polo tanto, quedan pendentes de tramitación neste pleno 1.276 emendas.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado do sector público autonómico ascende a 10.723.973.161 euros.

O texto articulado consta dunha exposición de motivos, seguida de 60 artigos, agrupados en 6 títulos, 20 disposición adicionais, 2 disposición transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais. O título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúen un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que se tramitará proximamente neste mesmo pleno.

Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a súa data de entrada en vigor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O debate plantéxase, polo tanto, sobre dous puntos: o primeiro punto é o debate conxunto dos estados de gastos e un segundo punto, que será o do articulado.

Comezamos co punto primeiro, coa rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas. (*Pausa.*)

Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e para iso ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Aquí estamos, un ano máis, nesta recta final do debate dos orzamentos, que, lamentablemente, o Partido Popular ten reducido a un ritual que repetimos ano tras ano. E o certo é que aquí estamos chegando a este punto final basicamente igual que comezamos: cun presidente da Xunta ausente no debate dos orzamentos, cegado pola súa egolatría, convencido de que está en posesión da verdade absoluta e incapaz de levantar a vista do seu propio nariz e mirar á fronte dos problemas e das necesidades que teñen os galegos e as galegas.

Señores e señoras deputados, estou convencida de que o único que imos compartir este bloque e este bloque é que os orzamentos definen a política dun goberno e que son unha radiografía de cales son as necesidades e as prioridades do seu Executivo. ¿E que é o que nos están dicindo as contas do señor Feijóo —ausente— para 2018? Pois o que nos din é que Galiza non importa, que non hai estratexia para sacar do pozo os cidadáns, que non ven esa recuperación económica da que vostedes falan, e que o Partido Popular o único que fai é acatar disciplinadamente o que mande Rajoy, nunha estratexia de subordinación a Madrid, que sitúa Galiza na irrelevancia política. E unha irrelevancia que ten consecuencias letais en termos de financiamento, en termos de desenvolvemento económico, de creación de emprego e de benestar social.

Teño que dicirlles que o mellor que podemos dicir destes orzamentos é que son rutineiros e compracentes, a repetición das mesmas receitas fracasadas que manteñen, polo tanto, un modelo que o que nos trae é precariedade laboral, salarios que non permiten chegar a fin de mes; uns orzamentos que, ademais, consolidan os recortes na sanidade, na educación, na protección social. E, dez anos despois da chegada a Montepío do señor Feijóo, o certo é que non estamos mellor que en 2009, pese á suposta recuperación económica, mantra que nos están repetindo e repetindo e que o que fai é intentar tapar a realidade, a difícil realidade que vive a maioría social deste país.

Estes orzamentos son a mostra de que o señor Feijóo —ausente neste debate— carece dun plan de futuro a medio e longo prazo para este país, e o que nos demostran é que está

instalado nunha política rutineira que nos trae unha Galiza máis desigual e con menos oportunidades.

E estes orzamentos tamén demostran que vostedes persisten na política máis necia de todas, a da prepotencia e a da arrogancia, que os levan a rexeitar todas e cada unha das 324 emendas parciais presentadas polo BNG, pero que tamén os levan a rexeitar todas e cada unha das emendas que presentaron os outros grupos da oposición. Claro, ¿para que van vostedes aceptar ningunha emenda se están en posesión da verdade absoluta? (*Aplausos.*) A apisoadora Feijóo é realmente a súa contribución á democracia neste Parlamento.

Pero, con todo, a pregunta final que nós queremos facernos neste debate é realmente moi sinxela, e é a pregunta que se están facendo miles de persoas que non están aquí pero que están preocupadas polo que hoxe se vai decidir nesta Cámara. E a pregunta é se son estes orzamentos os que precisa Galiza para encarar a solución dos problemas que teñen os galegos e galegas e mellorar a súa vida.

E eu lamento moito ter que dicir que a resposta a esa pregunta é «non», que estes son os orzamentos dun presidente acomplezado e sen ambición de país, dun presidente que exerce como alumno aplicado do centralismo de Rajoy, son as contas de quen renuncia a dar a cara polos nosos intereses e son uns orzamentos que repiten as mesmas propostas fracasadas que tanta desigualdade e tanto sufrimento causan á clase traballadora e ás maiorías sociais deste país.

Esa maioría de galegos e galegas que están cansados de escoitar a súa cantilena da recuperación económica, unha cantilena que non lles axuda a atopar traballo, que non evita que miles de persoas, de xente nova, teñan que emigrar, non trae de volta os miles de galegos e galegas que xa colleron a maleta nun país no que temos un problema de envellecemento e de perda de poboación pavoroso. A cantilena da recuperación tampouco lles vale para nada a aquelas persoas que non poden pagar as súas facturas, que este Nadal non van poder facerlles agasallos aos seus fillos e ás súas fillas, ou que seguen tendo problemas para non só chegar a fin de mes, senón ter unha mínima calidade de vida. E estas contas tampouco lles van permitir ter un salario mellor a esas persoas, esa nova modalidade social de traballador e de traballadora pobre que están creando as políticas do Partido Popular.

Porque miren, mentres vostedes proclaman o remate da crise e a chegada da recuperación, continúan os recortes e están medrando a pobreza e as desigualdades sociais. Empezamos esta semana cunha información, que recollían moitos medios de comunicación, na que se di que aumenta o número de persoas que perciben a Resga, é dicir, a renda de inserción para evitar a exclusión social; non sei se ese é o logro desa recuperación sa e equilibrada da que nos fala o señor conselleiro. Pero tamén temos que analizar cal é o panorama laboral que temos neste momento no noso país, que o certo é que deixa unha crúa radiografía, unha situación máis ben preocupante.

Fíxense: o paro ten un comportamento peor que a media do Estado; cae a poboación activa; a poboación ocupada evoluciona peor que a do conxunto estatal —só ten un peor comportamento Estremadura—; os datos de emprego están moi lonxe da etapa anterior á crise;

temos os terceiros salarios máis baixos do Estado e existen no noso país case 200.000 persoas que aparecen como ocupadas pero que teñen que sobrevivir cun salario que non chega aos 2.000 euros ao ano —imaxinen, señorías, vivir con 2.000 euros ao ano—. Pero tamén vemos como se manteñen as desigualdade de xénero e mantemos unha brecha salarial do 30 %, e vemos como saímos peor en creación de emprego, cunhas cifras tres puntos por debaixo da media estatal.

Pero, como non todo pode ser negativo, si que hai un ámbito no que estamos empezando a ser líderes no Estado. E eu case estou por pedir unha ovación nesta Cámara aos logros deste goberno, porque si que somos líderes no crecemento de prezos; encabezamos a subida do IPC e temos o maior incremento do custo de vida nun país onde os salarios están entre os máis baixos. E todo grazas a que pagamos a gasolina e o gasóleo máis caro de España —menos mal que temos unha refinería na entrada da Coruña—, todo porque se dispara o prezo da factura da luz —menos mal que nós somos exportadores netos de electricidade— e todo porque temos unha das peaxes máis caras de todo o Estado. E menos mal que o señor Feijóo preside esa comisión bilateral de xestión entre a Xunta e Fomento da AP-9. E este ano os galegos e galegas xa teñen o primeiro resultado desa comisión bilateral Xunta-Fomento, cunha subida das peaxes do 3,8 %, tres veces máis que a media do Estado. Imaxino que esa é a contribución que temos que pagar para o rescate das radiais madrileñas; o Estado necesita máis recursos e máis fondos para pagar eses 4.000 millóns de euros, mentres a nós nos din que vivimos da solidariedade do Estado.

Pero é que, ademais, estes orzamentos manteñen as mesmas políticas que fixeron a crise máis intensa e que provocaron unha situación na que temos un crecemento fráxil e desigual que nos está levando a unha deterioración dos servizos públicos e a un aumento das desigualdades e da precariedade. E, nese sentido, nós estamos moi preocupados e preocupadas non só polo que está pasando na nosa sociedade, polo modelo laboral e pola falta de emprego de calidade que hai en Galiza, senón tamén que temos unha profunda preocupación pola deterioración e a senda privatizadora que ten o Partido Popular dos servizos públicos.

Podemos falar do ensino, onde vemos como este curso empeza con 39 unidades menos en educación infantil e primaria no ensino público, ou podemos comprobar nesta axenda datos que son moi reveladores de cal é o compromiso que ten o Partido Popular: vimos como en seis anos se pecharon 64 escolas e se suprimiron 450 unidades no ensino público, mentres que no ensino privado, neste mesmo período, creáronse 243 unidades.

E vostedes o que fan, ademais, é blindar durante os próximos anos moitos recursos públicos para o ensino privado, mentres seguen deteriorando o ensino público. Vemos como na pública continúan con cadros de persoal docente por debaixo das necesidades dos centros e do alumnado, cunhas taxas de interinidade moi elevadas. E nós cremos que é imprescindible ampliar e estabilizar os cadros de persoal para mellorar a calidade do ensino, e para iso é necesario realizar ofertas amplas que superen a taxa de reposición. Hai que rematar, ademais, con algúns elementos que están deteriorando a calidade do ensino, como é que haxa tantas importacións de afíns, materias nas que o profesorado non é especialista, e restituír os dereitos do profesorado mellorando as condicións laborais e valorizando a función docente, porque sen persoal ben formado é imposible que o noso país poida avanzar. E nós o

que dicimos é que, se hai máis diñeiro, se revertan os recortes que se produciron durante todos estes anos, e o certo é que as contas do ano 2018 non reverten os recortes producidos no ensino público.

Do mesmo xeito que na sanidade estamos comprobando como vostedes continúan con ese plan de demoler as conquistas na sanidade pública, con ese plan privatizador, e estamos vendo como soben as listas de espera. E hoxe mesmo o problema máis grave é a deterioración que se está producindo na atención primaria. As contas que quere aprobar o Partido Popular reducen en case un 15 % os recursos de atención primaria, e iso leva a que hoxe unha persoa que queira acudir á súa cita de atención primaria ten lista de agarda nalgúns centros do noso país de até unha semana —¡unha semana!— para ir ao médico de atención primaria. Esas son as conquistas do Partido Popular, esa é a maneira que ten o Partido Popular de defender a sanidade pública. Desde logo, é moi preocupante e nós cremos que todos isto necesitaba dunha reversión.

Da mesma maneira que non podemos compartir a diagnose que vostedes fan sobre a situación económica, e o que é evidente é que Galiza ten problemas graves e que hai unha deterioración importante da nosa base produtiva.

Vemos como os sectores produtivos básicos seguen contra as cordas, tanto no agro como na pesca, onde a semana pasada tivemos malas noticias porque hai novos recortes na capacidade pesqueira do noso país. Aquí estamos nunha situación diabólica. Eu agradezo que estea aquí a conselleira de Pesca, porque, claro, a estratexia é sempre a mesma: anuncian un recorte maior, logo o recorte é un pouco menor do que estaba previsto e dinnos que iso é unha marabilla porque recortaron menos do que anunciaran. (*Aplausos.*) Con esa maneira de funcionar, señora conselleira, desde logo non vai solucionar os problemas do sector pesqueiro, e é unha pena que vostede, en vez de ir alí defender a frota galega, fora defender os intereses doutras frots que, desde logo, non foron a do noso país.

En todo caso, mentres continúan os recortes para a nosa frota, tamén tivemos nestes anos recortes moi importantes que están hipotecando outros aspectos onde a economía galega tiña posibilidades, e vostedes en ningún momento tiveron ningún proxecto nin ningún plan de futuro, como é no ámbito da innovación.

No ano 2015 nos últimos datos dispoñibles o que vemos é como vostedes situaron o noso país na cola do I+D+i, descenderon o número de empresas innovadoras —estamos nuns descensos alarmantes—, e nós vemos como estas contas nin teñen os recursos suficientes para recuperar todo este tempo perdido en innovación nin, desde logo, teñen un plan serio que nos permita confiar en que vostedes teñen algún proxecto serio para que Galiza neste ámbito poida despuntar.

Vemos, polo tanto, como os orzamentos non serven para reconducir esta situación, e nós temos moi claro que, sen un xiro na política económica, sen un xiro na política social e sen un xiro nas políticas de igualdade, non imos poder afrontar os retos de futuro.

Levamos eu creo que trinta anos neste país vendo como Galiza perde poboación e como Galiza cada vez está máis envellecida. E nesta última etapa o señor Feijóo dicía que unha das

súas principais —ou situou teoricamente como unha das súas principais— preocupacións era facerlle fronte ao reto demográfico.

Non obstante, os resultados non acompañan que a política que se estea facendo sexa a adecuada. Cada vez somos menos, unha poboación máis envellecida e desde logo as cifras son realmente alarmantes. Vimos como durante os gobernos de Feijóo se reduciu a poboación galega nun 3 %, é dicir, 77.564 persoas; é case como se desaparecera unha das cidades do noso país.

E eu xa sei que as políticas demográficas son a medio prazo, pero é que nalgún momento teremos que empezar a invertir a liña, e o que estamos vendo é como a situación cada vez se reproduce máis. E, mentres isto pasa, vostedes o que nos din é que imos na boa dirección e que non hai ningún tipo de problema. E nós realmente vemos que hai un comportamento moi negativo que nos sitúa —digamos— na dinámica de países que teñen un peor comportamento e que son máis periféricos, como pode ser Hungría, Polonia, Grecia ou Bulgaria, pero vemos como esta non é a situación que está acontecendo en toda Europa, e que hai outros países que forman parte da columna vertebral da Unión Europea que nestes anos experimentaron un crecemento da súa poboación. E, non obstante, vostedes aquí dinnos que todo vai moi ben e coas súas fórmulas máxicas Galiza non ten que preocuparse de nada.

Pois ben, nós o que cremos é que a fórmula máxica do Partido Popular non funciona e que nos está condenando a unha situación que vai ser moi difícil de reverter se non se empezan a tomar medidas. E o que é evidente é que hai datos obxectivos que reclaman un cambio de rumbo tanto no modelo económico, na política social, nas políticas de igualdade e na innovación. E nós, nas nosas emendas, intentamos polo menos situar o debate neses puntos, e o que nos topamos é coa apisoadora de Feijóo, que cre que ten a verdade absoluta e, polo tanto, se pode permitir o luxo, nunha situación destas características, de que teñamos un debate dos orzamentos que vostedes reducen a un ritual onde non aproban nin unha soa das máis de mil emendas que presentamos desde a oposición. Desde logo, é todo un exercicio eu creo que de soberbia política, que a quen castiga é aos cidadáns deste país, que van ter unhas contas que non lles dan solucións aos seus problemas.

E nós, como dicía, con toda a modestia, intentamos poñer emendas, tanto no debate de totalidade como agora nas emendas parciais, para poñer en marcha ese cambio de rumbo, propostas para un novo modelo económico que teña como punto de partida a confianza nas posibilidades deste país, que aposte pola redistribución da riqueza, pola igualdade entre homes e mulleres, polo progreso social e pola sustentabilidade. Unha estratexia que tiña que ter catro piares: unha aposta polo coñecemento e investigación, por pechar ciclos produtivos —porque debemos de aspirar a algo máis que a exportar materias primas—, por crear emprego decente e por poñer en marcha un modelo que respecte o noso medio ambiente.

Pero, efectivamente, Feijóo púxose en modo apisoadora e aquí nin se escoitan nin se atenden razóns. E nese sentido pois permítanme que relaten algunhas das emendas que aínda hoxe o Partido Popular pode aprobar, porque no trámite no que estamos aínda se poden aprobar algunhas das emendas.

Nós propoñemos destinar 25 millóns de euros para un plan de mellora das infraestruturas e saneamento integral dos nosos ríos e rías, porque é evidente que, por moito que chegara o temporal Ana, a seca segue presente no noso país. Propoñémoslles tamén 75 millóns de euros para poñer en marcha unha mellora da seguridade viaria e da mobilidade na rede autonómica de estradas, 10 millóns para un plan de vivenda pública en réxime de alugueiro, 5 millóns para favorecer o retorno de empresas deslocalizadas, 7,9 millóns para impulsar unha industrialización captando fondos e creando emprego e apostar pola innovación, un centro de reparación naval en Vigo ou 2,3 millóns de euros de fomento do comercio local.

En materia laboral, pensamos que hai que empezar a incidir na desigualdade entre homes e mulleres, porque non podemos aceptar unha brecha salarial do 30 % —e hai emendas nesa dirección—, ou 5 millóns de euros para financiar unha liña de axudas específicas para aqueles sectores, aqueles segmentos da poboación que teñen moitas máis dificultades para atopar emprego ou incrementar o apoio, o financiamento das persoas autónomas.

En materia de sanidade, nós temos unha batería de emendas que, en primeiro lugar, querían poñer en marcha un plan de choque contra as listas de espera no ámbito público, destinando 110 millóns de euros máis, mellorar a atención primaria e recuperar os profesionais que expulsaron polos recortes do Partido Popular, dotar ese plan de saúde mental con 10 millóns de euros —porque as prioridades políticas teñen que estar tamén nos orzamentos— ou incluír 45 millóns de euros para o rescate do Hospital de Vigo, porque con cada dato que coñecemos é máis evidente que vostedes están favorecendo o negocio dunha empresa privada a custa do dereito á saúde das persoas.

En materia de servizos sociais, propoñemos 2,2 millóns de euros para acabar coas listas de espera e, polo tanto, ter máis medios para as valoracións de dependencia e discapacidade, porque é evidente que aí hai unha parte do problema, porque sen esa valoración non se pode acceder ás axudas e os tempos de espera son demasiado longos.

E, desde logo, seguimos coa man tendida para que desde o Goberno da Xunta de Galiza e desde o Grupo Parlamentario Popular lle reclamemos ao Estado eses 150 millóns de euros que ten de débeda con Galiza, porque hai 17.000 persoas que están esperando e ás que vostedes non atenden, única e exclusivamente (*Aplausos.*) por non reclamarlle o que nos corresponde.

Tamén entre as emendas que ata este momento vostedes rexeitan están axudas directas para paliar os importantes danos da seca no sector agrario, 7 millóns de euros, que non cobren os seguros e que desde logo están afogando miles de persoas no noso país, que están por facer realidade o slogan de que esta sexa a lexislatura do rural, pero o certo é que vostedes o único que están facendo é un slogan baleiro de contido.

Podiamos hoxe tamén sacar unha proposta en positivo para o noso medio rural, como é dotar de recursos o Banco de Terras, porque sen medios é imposible que esa ferramenta se poida utilizar. Teñen unha emenda do noso grupo e toda a disposición para chegar a acordos neste ámbito.

Tamén propoñemos que rescatemos o Servizo de Gardacostas de Galiza, recuperando o seu carácter público, porque é evidente que non se pode facer negocio coas vidas no mar. E nós

seguimos tamén mantendo propostas para que reforcemos a capacidade real para facerlle fronte á vaga de lumes.

Eu creo que é importante que se vaian aprobar algunhas emendas, que nos van permitir, primeiro, desvendar as súas mentiras, porque as emendas que hoxe aprobamos en relación coa capacidade dos concellos para intervir nas franxas de lume o que desvelan é que esa idea de que tiñan todos os instrumentos para poder actuar era falsa e que había inseguridade xurídica por parte dos concellos. *(Aplausos.)*

Pero hai algo do que estou convencida —e recoñézano ou non, vostede sábeno—, e é de que esas medidas só van poder ser eficaces se se dotan de recursos económicos, e cando temos os concellos afogados pola lei Montoro, por un sistema de financiamento absolutamente ridículo, o que non é viable é cargalos con máis responsabilidades se logo non van ter recursos económicos como para poder levalos adiante.

E a nós gustaríanos que houbera un acordo nesta Cámara que permitira que a posta en marcha desas franxas de protección se dote realmente de recursos económicos para que non nos vexamos nunha situación tan dura como a que vivimos no pasado mes de outubro. E, polo tanto, o que lles pediríamos aos señores e señoras do Partido Popular é que non pensen que as leis se poden aplicar sen recursos e que nesta materia poidamos avanzar e non aprobemos leis que logo quedan en papel mollado.

E, xa por último, facer mención, en materia de cultura, a que nós cremos que é importante impulsar con 30 millóns de euros un plan de apoio á cultura galega que inclúa a promoción do libro, as artes escénicas, a música, o audiovisual, o apoio á nosa lingua, porque, evidentemente, estamos ante un sector que foi moi castigado durante a crise económica, que se asfixiou dunha maneira moi importante, e que neste momento ningún país que se diga moderno e avanzado non apoia a súa cultura, e que, polo tanto, vostedes non fagan unha política necia neste ámbito e que revertamos todos os recortes que se produciron neste momento.

Da mesma maneira, non podemos entender como poden estar en contra de incrementar as bolsas universitarias ou o apoio á investigación ou poñer en marcha un programa de gratuidade dos libros de texto, porque son elementos básicos para facilitar a igualdade no acceso ao ensino.

En definitiva, desde o BNG presentamos 334 emendas para corrixir polo menos, aínda que sexa un pouco, estas contas de 2018. Lamentamos que nin unha soa merecera a consideración por parte do Partido Popular, que eu creo que é unha mostra máis da súa incapacidade para dialogar, negociar e chegar a acordos neste Parlamento.

Tampouco —é evidente— atenderon moitas das emendas parciais que presentamos ao texto articulado dos orzamentos, nas que queríamos incrementar en 135 millóns de euros no capítulo de ingresos, poñendo en marcha unha fiscalidade máis progresiva, apostando por que quen teña máis pague máis tamén no imposto de patrimonio, ou con novos tributos, por exemplo para as grandes superficies comerciais, e ter 30 millóns de euros para destinar ao apoio do comercio local, ou suprimir algunhas das bonificacións que lle fan a quen máis ten, como son as reducións no imposto de sucesións e doazóns.

En definitiva, con estes recursos poderíamos atender mellor as necesidades que hai no ámbito sanitario, no ámbito da educación, no ámbito dos servizos públicos, pero vostedes prefiren facerlles agasallos fiscais a rendas máis altas en vez de mirar polo ben da maioría social.

Desde o BNG defendiamos uns orzamentos que apostasen pola cohesión social, por blindar os servizos públicos, por un modelo económico que pechase os ciclos produtivos e xerase emprego de calidade e por un desenvolvemento ambiental sostible. Pero a súa maioría fai que isto se converta en misión imposible, e estas contas de 2018 non van ser suficientes para crear o emprego que necesita a xente que segue en paro, van afondar nas desigualdades e non reverteren os recortes en sanidade, en educación ou ignoran a vaga de lumes que viviu o noso país.

Sairemos, polo tanto, deste pleno sen uns orzamentos que atendan as necesidades do noso país, porque, evidentemente, o señor Feijóo ten que ser sempre fiel militante do Partido Popular e antepón iso á defensa dos intereses de Galiza. De novo o presidente —ausente— demostra que prefire ser fiel servidor do centralismo de Rajoy e dos recortes de Montoro que dar a cara por este país e por defender os intereses dos galegos e das galegas. E a factura da súa subordinación, da irrelevancia política á que nos arrastra como país, é moi cara e sae do peto dos galegos e das galegas, unha factura que imos pagar en forma de estafa das peaxes, en espolio enerxético, nun financiamento discriminatorio e inxusto, en atrasos no AVE, nun transporte ferroviario do século XIX fóra do que é o eixo A Coruña-Vigo, ou unha factura en forma de despoboamento, envellecemento ou emigración da xente nova.

O antídoto para facerlle fronte a esta situación sería darlle á mocidade galega un emprego digno para vivir e traballar no noso país, darlles unha oportunidade laboral aos 200.000 mozos e mozas que colleron as maletas para que volvan e poidan organizar aquí o seu proxecto vital. Pero un ano máis vostedes van votar en contra do Plan Retorna que propón o Bloque Nacionalista Galego.

E eu lamento que hoxe a mensaxe que vai deixar este Parlamento, por obra e graza da apisoadora de Feijóo, é a mensaxe da desesperanza, esa mensaxe dun goberno que non ten ambición e proxecto de país, que ignora as propostas que fai a oposición, pero —o máis grave— que ignora cal é a realidade e o sufrimento de miles de persoas en Galiza que seguen sufrindo as consecuencias da crise e do roubo de dereitos.

Nós, desde logo, cremos que é urxente un cambio de rumbo, deixar atrás o servilismo, deixar atrás un goberno que di que chove para xustificar a enésima discriminación e o enésimo agravio e que necesitamos un goberno que se faga respectar e que respecte a Galiza. Nada disto, lamentablemente, está nas contas do ano que vén, uns orzamentos que só invitan á desesperanza. Aínda se poderían corrixir polo menos de maneira parcial, pero moito me temo que vostedes van seguir o ritual...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e nesta sesión volveremos ver como a apisoadora do Partido Popular bota por terra o diálogo, o entendemento e poder mellorar estas contas públicas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, conselleiros, señores deputados.

Estamos aquí outra vez para falar do orzamento, que é no seu estado de gastos e no seu estado de ingresos exactamente o mesmo que entrou neste Parlamento hai xa algunhas semanas. Non hai cambios, hai algún pequeno cambio no texto articulado da lei, pero non nos estados de gastos e ingresos, e, por tanto, xa lles adianto que a nosa posición vai ser unha posición contraria, igual que mantivemos no trámite de inicio destas contas.

Nós dicíamos naquel momento que había que recompoñer o contrato social, que se fracturara durante este período de crise, e criamos tamén que este orzamento non facía o esforzo necesario para que este contrato social se recompuxera na medida en que era posible dado o estado da nosa situación económico-financeira, e, por tanto, que era un orzamento con escasa ambición, nin era capaz de restañar os desequilibrios sociais que a crise agravara, e, polo contrario, podía, aínda tendo en conta tanto o lado dos ingresos como o lado dos gastos, facer máis fondo ese desequilibrio. Tiña unha política de ingresos pouco ambiciosa que afectaba a capacidade de impulsar o gasto na medida necesaria.

Hai poucos días publicaba a prensa uns datos sobre o conxunto da OCDE que nos indicaban que en España a presión fiscal estaba no 33 % e na media dos Estados da Unión Europea era case o 42 %; por tanto, unha diferenza de 8 puntos en relación coa media da Unión Europea; e isto incorpora todos aqueles Estados da antiga Europea do Leste, que teñen unha fiscalidade bastante máis baixa que a media. Por tanto, nós estamos na situación da presión fiscal de Lituania, pero, en cambio, queremos ter un gasto público que xere uns niveis de benestar similares aos de Suecia ou de Finlandia, e iso simplemente non é posible, e estas contas van nunha dirección contraria á que sería razoable.

E, en terceiro lugar, criticabamos tamén estes orzamentos porque criamos que facían unha escasa aposta polo futuro. Unha das consecuencias máis dramáticas da crise é que todos aqueles elementos que desde o ámbito público, e en parte tamén do privado, nos permiten preparar en mellores condicións o futuro se viñeron abaixo, e era necesario coa recuperación económica empezar a restañar esa ferida, empezar a colmar ese vacío para preparar mellor o futuro, e non criamos que este orzamento o estivera facendo posible.

Por iso, xa lles digo que, como non hai cambios, como non houbo por parte da Xunta de Galicia nin do Grupo Parlamentario Popular a sensibilidade suficiente como para atender parcialmente as demandas da oposición, xa lles adianto que a nosa posición tampouco cambiará e seguirá sendo contraria a este orzamento.

O orzamento ten sempre dúas funcións básicas —podemos dicilo de moitas maneiras—: ten unha función interna, dirixida á propia Administración autonómica; trátase de ordenar esta

administración, de darlle indicacións de cales son as prioridades, de onde debe volcarse e onde non, digamos que dalgunha forma orientar o funcionamento da Administración autonómica; e ten outra función moi importante de cara ao exterior, unha función externa.

A Xunta de Galicia é o primeiro axente económico de Galicia, move recursos que son ao redor do 16 % ou 17 % do produto interior bruto do noso país; por tanto, ten unha enorme importancia á hora de determinar que pasa no conxunto da economía de Galicia, nun sentido ou noutro. E estas son as dúas funcións básicas que ten este orzamento.

E está operando nun novo contexto —que aí coincidimos todos—, un contexto de recuperación económica, un contexto onde a austeridade como política, como decisión política, debe deixarse atrás. Ata a Unión Europea nos seus organismos centrais é consciente disto, despois de que os distintos organismos internacionais foran pouco a pouco abandonando a idea da austeridade expansiva, que foi unha especie de mantra falso dos primeiros anos da crise. E hoxe dámonos conta de que é preciso cambiar isto por unha política máis expansiva, algo máis agresiva.

Isto ten un problema para a Xunta de Galicia, que a obriga a pasar dun discurso do rigor a confeccionar un proxecto de futuro, obrígaa a definir que é o que quere facer cara ao futuro. E eu creo que non está preparada para isto. Está preparada para unha política de propaganda, que na discusión que tivemos do orzamento hai unhas semanas eu denominábao «efecto placebo», pero non para actuar de verdade sobre aqueles problemas que ten a sociedade e a economía de Galicia e preparala para o futuro.

E vou intentar explicar isto con algún detalle. No plano interno, ¿que pasou cos orzamentos da Xunta durante a crise? Vou falar de tres cuestións.

En primeiro lugar, como consecuencia das actuacións do Goberno central no ano 2012, a Xunta de Galicia fixo unha actuación, en relación co capítulo I, dos gastos de persoal, de contención dos gastos de persoal, por dúas vías: primeiro, axustando os salarios dos empregados públicos, e, en segundo lugar, a través desas porcentaxes tan baixas das taxas de reposición ano tras ano, axustando en principio o número de empregados públicos fixos ou estables.

Claro, como ao mesmo tempo algúns servizos básicos, que teñen consecuencias directas sobre o benestar dos cidadáns, sobre o que estes son extremadamente sensibles, como é a sanidade, ocasionarían custos electorais, pois ao mesmo tempo que se facía ese esforzo de conter os salarios incluso á baixa e de reducir o persoal fixo, aumentaba a precariedade, porque era necesario cubrir necesidades, obvias e evidentes, nun cadro de persoal que non estaba demasiado sobrado.

E iso significa que, en ámbitos como o sanitario, aumentou moito a precariedade laboral, xerando problemas que van máis alá —digamos— da mera insatisfacción dos cidadáns con este servizo, non só aumentando as listas de espera, senón dificultando por exemplo o funcionamento de moitos centros de saúde, que ven como rota o persoal de maneira excesiva.

Algo parecido, aínda que nun menor nivel, ocorreu tamén na educación. E, ao mesmo tempo, efectivamente, houbo un axuste, unha contención nos cadros de persoal, que agora a recuperación faría posible que se recuperasen cando menos parcialmente.

Na nosa opinión a Xunta de Galicia está actuando aquí algo —recoñecemos isto—, é dicir, hai un esforzo —mínimo— a través de ofertas públicas de emprego que se producen de xeito demasiado tardío, cunha tramitación excesivamente longa, para actuar lixeiramente sobre a precarización. Pero non se fai coa decisión suficiente, e non se fai —digamos— tendo un plan consistente de mellora dos servizos públicos, que é o que a nós nos gustaría; e non se fai tampouco utilizando os recursos posibles para o capítulo I coa decisión necesaria.

Nós dixemos hai unhas semanas que sería posible que os 80 millóns de euros do capítulo I puideran ser mobilizados xa nese sentido. Están esperando a que se produza un acordo para tramitar os orzamentos xerais do Estado para o 2018 e que como consecuencia desa tramitación se produza, porque xa saben vostedes que ten previsto o Goberno de España actuar sobre os salarios dos empregados públicos lixeiramente, e, por tanto, están gardando uns recursos para poder atender este acordo que vai haber seguramente nos próximos meses, que vai ser básico e que afectará toda a Administración.

Nós dicimos que é posible, en cambio, utilizar eses recursos e que non vai haber ningunha dificultade no futuro, dados os niveis de execución que teñen vostedes en moitas partidas, para atender cando sexa necesario, porque así o determinen os orzamentos xerais do Estado, esa subida dos salarios dos empregados públicos.

Están esterilizando durante demasiado tempo decenas e decenas de millóns de euros que poderían pórse ao servizo dunha mellora consistente dos servizos públicos básicos, xa desde agora. E pedímoslles que fagan isto. Se non fan isto, pois para nós están defraudando o que sería necesario para mellorar as condicións de vida e de benestar dos cidadáns de Galicia. Non é posible ter unha sanidade de primeira cunha excesiva precariedade, non é posible ter unha educación pública de primeira se temos salarios de segunda, non é posible ter unha política pública de calidade con condicións laborais de terceira. Non é posible nada disto, e hai que actuar con máis decisión neste sentido.

En segundo lugar, en relación con este ámbito interno, deben vostedes corrixir de forma moito máis decidida a caída de investimentos de formación de capital que se produciu no ámbito público autonómico —non só, pero tamén no autonómico— durante estes anos de crise.

En todos os ámbitos de actuación económica hai un axuste do investimento durante as crises, entre outras razóns porque seguramente é a partida sobre a que é máis fácil actuar, pero tamén é a que ten consecuencias peores para o futuro. E entón temos aquí unha arbitrase necesaria entre o curto e o medio e longo prazo, que hai que empezar a resolver, e vostedes non o fan coa decisión suficiente, non o fan coa decisión suficiente. Posiblemente todo o axuste —non teño agora os datos completamente exactos— entre o orzamento de 2008 e o de 2018 se produce en materia de gastos de capital, todo o axuste, sobre 1.400 millóns de euros aproximadamente. É dicir, basicamente no capítulo de gastos correntes vostedes están nas cifras do ano 2008; no resto de gastos de capital é aquí onde se produce todo o axuste.

Claro, isto ten algunha explicación. O aforro neto, que no ano 2008 estaba ao redor dos 2.000 millóns de euros, hoxe está considerablemente por debaixo. O que está sostendo o seu esforzo en gastos de capital son dúas partidas de ingresos: as transferencias de capital proce-

dentes da Unión Europea e en parte da Administración central e os pasivos financeiros netos, que aínda teñen algunha importancia, e que no ano 2008 eran cero.

Efectivamente, hai que conseguir mellorar o aforro neto para conseguir aumentar os gastos de capital, pero é xustamente aí onde falla unha política de ingresos pouco ambiciosa, e é xustamente aí onde se percibe con claridade que vostedes teñen unha escasa preparación do futuro.

Hai que pasar da conxuntura actual nestes termos. ¿Que quero dicir? Durante a etapa de expansión 2008-2009 existía unha excesiva facilidade en termos de crédito, uns ingresos públicos en toda España que dependían excesivamente da burbulla inmobiliaria, que eran demasiado fáciles, e, como consecuencia desta dispoñibilidade barata de recursos, pois acometéronse actuacións de investimento de formación de capital público que nalgúns casos non respondían a criterios de necesidade. Ocorría en todas as administracións, tamén en Galicia, e tamén durante a época en que gobernou o Partido Popular, ata o ano 2004-2005; e non falo só da Cidade da Cultura, podíamos falar de moitos outros exemplos.

¿Que pasou a partir do ano 2009? Que o crédito se fixo moito máis complicado, que os recursos públicos á disposición das administracións caeron de forma moi abrupta, moi dramática, e, por tanto, o custo de oportunidade destes recursos para destinar a investimento era moito máis alto e abandonáronse os proxectos de investimento. E hoxe estamos nunha situación en que existen necesidades de investimento claras en moitos ámbitos que non se poden cubrir xustamente porque vostedes non fan o esforzo necesario en materia de ingresos. E iso é o que temos que resolver.

Nós, nas nosas emendas transversais, nas emendas de totalidade, apuntalabamos investimento en moitos ámbitos: en materia de centros de saúde, en materia de equipamentos educativos, en materia de saneamento e nalgunhas infraestruturas. Está claro que non podemos ir a un modelo onde toda infraestruturas demandada é unha infraestruturas necesaria. Pero todos sabemos tamén que existen no ámbito das competencias autonómicas infraestruturas que son imprescindibles para poder desencravar algunhas zonas, para impulsar a competitividade doutras, que non se están facendo por insuficiencia de recursos; por poñer un exemplo, aquela que conectase ben Ferrol coa Mariña lucense e permitise a toda esa zona conectarse a través da A-8 con todo o Cantábrico; competencia da Xunta de Galicia, está planificada pero non se está facendo por insuficiencia de recursos.

E, claro, temos un paradoxo claro. Cando vemos o que fai o Ministerio do señor Montoro financiando o endebedamento das administracións autonómicas, dámonos conta de que está subvencionando todas elas permitindo que teñan taxas de xuro moi por debaixo das taxas de xuro do mercado. Por tanto, o custo para a Administración autonómica dese endebedamento é practicamente cero. Investimentos necesarios, endebedamento cero; posibilidade de ter 60 millóns máis no ano 2017 e 60 millóns máis no ano 2018, aproximadamente, e vostedes din que non. Están empeñados nunha consolidación fiscal máis abrupta, máis agresiva que aquela que están poñendo en marcha o conxunto das administracións autonómicas. E isto é inexplicable, porque a custo cero están deixando de atender necesidades que poderían ser moi importantes para algunhas áreas: infraestruturas de transporte e outro tipo de

infraestruturas como as que eu dicía antes. Non nos gusta este tipo de proceder. Por iso, párecenos que é un investimento con escasa ambición.

E, en terceiro lugar, tampouco nos parece que se estean producindo, a través do texto articulado do orzamento, os cambios necesarios para poder garantir unha execución moito máis fluída do orzamento. Aquí estamos ao inicio do ciclo, pero estamos recollendo a información procedente de anos atrás ou deste mesmo ano 2017 en relación coa execución do orzamento. O orzamento é unha película, si, agora estamos ao principio, nos primeiros fotogramas, pero sabemos o que vai ocorrer ao final, porque estivo ocorrendo nestes anos. Sabemos que hai determinados programas de gasto que van ter un nivel de execución moi baixo; por tanto, que dá igual o que poñamos ao principio, porque ao final iso non se vai executar. En materia, por exemplo, de emprego —como lle dixemos durante moito tempo—; en materia, por exemplo, de I+D+i. É certo, este ano aumentan as partidas de I+D+i, pero fíxese: no ano 2017 —terceiro trimestre, liquidación do orzamento— o grao de execución do programa de I+D+i da Xunta de Galicia, 0,8 %, o 30 de setembro —¡0,8 %!—. Ou algúns programas en materia de desenvolvemento rural, que tamén teñen unhas cifras de execución tradicional moi baixa. Ou de desenvolvemento sostible das zonas de pesca; no ano 2016 a porcentaxe de execución nese ano dese programa estivo por debaixo do 30 % e seguimos igual no ano 2017.

Por tanto, teñen vostedes que dar indicación, a través de reformas no orzamento, de que están entendendo que pasa algo con estes ámbitos de actuación para que poidamos crer que a súa proposta orzamentaria é unha proposta solvente. Porque se nos presentan unhas cifras e resulta que ao final, de maneira reiterada e consistente, saen outras, pois entenderán que non nos fiemos demasiado do que están facendo.

Despois, no plano externo, nós temos tamén algunhas preocupacións bastante serias. A crise deixou feridas sociais e deixou insuficiencias económicas moi serias. Nos orzamentos do 2018 atenden algunhas destas cousas —por exemplo, a partida destinada á Risga incrementábase— e algunhas outras partidas de servizos sociais teñen un incremento notable. E saudamos eses incrementos, aínda que nos parecen insuficientes e tardíos, as dúas cousas. Porque temos aínda demasiadas necesidades a pesar da recuperación e é preciso darse conta de que a recuperación económica está deixando sectores da poboación detrás, está facendo que existan grupos continxentes importantes da poboación que non son capaces de embarcarse, en fin, nese tiovivo da recuperación, non son capaces de subir ao tiovivo, e están deixando fóra as súas expectativas, as súas condicións de vida.

Por poñer algún exemplo, existen aproximadamente 60.000 fogares con persoas activas sen ningún tipo de ocupados. Existen 33.000 fogares sen ingresos en Galicia. Hai, aínda hoxe, 95.000 persoas que aparecen nas estatísticas da EPA como parados de longa duración e que ademais aqueles que teñen máis de 55 anos no último ano aumentaron os parados de longa duración con esas características. Temos un problema enquistado, mentres que os programas de emprego que podían dedicarse a mellorar a cualificación e a empregabilidade deste sector da poboación están sen executar pola Xunta de Galicia. Isto é o que é dramático, isto é o que dicimos nós «efecto placebo». Anuncian un incremento de non sei que e despois non o executan. Isto é o grave, isto é gravísimo.

E existe aínda un 9 % de nenos que viven en fogares que non teñen ningún ocupado. Ou seguen existindo aproximadamente dous mil desafuzamentos en Galicia, un ano tras outro. A nós parécenos que estas son cifras excesivamente graves.

E si, incrementan a Risga, un pouco, pero o Regulamento da Lei de inclusión social de Galicia, que tiña que estar listo hai tempo e que debería eliminar algúns programas de xestión da Risga xustamente para facela máis eficaz, para eliminar as listas de espera, para facer que persoas que teñen dereito á Risga poidan obtela con máis facilidade, pois non se sabe nada del. E sería imprescindible para eliminar eses problemas.

Sería imprescindible que tiveran algunha atención maior á dependencia. É certo, aumentan as cantidades para a dependencia, pero segue estando pendente desde o ano 2012 ese compromiso da Administración central sobre os niveis acordados que non cumpren e que significa unha cantidade para Galicia que hoxe xa se mide en centos de millóns. Por tanto, permitiría dar un volco completo á xestión da dependencia.

Sería necesario que tiveran unha política de residencias moito máis agresiva. ¿Está previsto un plan para a lexislatura? Xa veremos o que pasa con el. Pero, aínda que se cumprira ese plan, estaríamos por debaixo da media das comunidades autónomas españolas, obrigando moitas persoas con necesidade a acudir a residencias privadas e a depender non da súa pensión senón demasiado dos seus aforros, se os teñen, e, se non, da axuda dos familiares, para poder manterse nunhas condicións razoables. E así sucesivamente. Teñen que facer un esforzo maior para ser cribles.

E en materia económica pois algo parecido —e vou intentar ir un pouco máis rápido—. Eu escoitaba o outro día o portavoz do Partido Popular falar da converxencia, por exemplo, con España, e é verdade; é dicir, converxemos con España desde o ano 2000 a un ritmo francamente interesante. Pero fixémoslo sobre todo ata o ano 2009 e sobre todo entre o 2005 e o 2009, que foi o único período, en realidade desde o 2004, para ser exactos. Entre o 2004 e o 2009 crecemos máis que o conxunto de España en termos de PIB. Non foi só polo axuste poboacional nesa época. A partir do 2009 conseguimos recuperar un punto de converxencia con España, todo el debido a que a nosa dinámica demográfica é unha dinámica máis regresiva que a do conxunto da economía española, unicamente por iso. Por tanto, non presu-
mamos demasiado, porque isto que sucede —e sucede minimamente— é sobre todo derivado do axuste poboacional.

Publicábase hai pouco tempo: o noso saldo vexetativo é crecentemente negativo, estanse cumprindo as peores previsións do Instituto Galego de Estatística, as peores proxeccións de poboación a medio prazo, que nos levarían nun prazo de décadas —non demasiadas— a perder os 2 millóns de habitantes con claridade, a unha regresión demográfica inusitadamente grave en España. Este é o camiño que se está delineando, unha crise demográfica de enorme transcendencia.

E na ocupación pois algo parecido. ¿Gañamos produtividade do traballo? Si. ¿Creamos emprego suficiente? Non. ¿Que teríamos que facer? Pois crecer máis que España para que a ocupación crecese cando menos ao mesmo ritmo que a española e non perder produtividade

senón ganala. A produtividade é interesante, é a que nos vai dar o noso nivel de vida cara ao futuro, pero temos que crecer máis, e para iso é imprescindible incrementar os niveis de investimento a un ritmo maior do que se está facendo.

E non hai un problema de beneficios. Eu expliquei xa hai unhas semanas que, como a partir da crise o excedente bruto de explotación aumentaba, a parte dos salarios na distribución funcional da renda baixaba. É o axuste salarial que se está trasladando a máis beneficios empresariais, pero estes beneficios empresariais non se trasladan a investimento.

Os datos do Banco de España indican claramente que a ratio entre créditos e depósitos nas catro provincias galegas é desfavorable para os créditos, moi desfavorable para os créditos. E este é un elemento central, porque é o que permitiría, se houbera oportunidades de investimento en número suficiente, impulsar a economía galega por riba da economía española. E non está ocorrendo nada disto. Por tanto, temos un problema.

E a pregunta clave é se a Xunta de Galicia está sendo un axente eficaz neste proceso. ¿Están ocorrendo cousas porque a Xunta de Galicia as impulse ou ocorren porque si? Claro, as exportacións van moi ben —eu recoñezoo, xa o levo dicindo hai moito tempo—. Pero se quitamos Inditex, Citroën e, en fin, un número moi limitado de grandes empresas, pois as exportacións non van tan ben. ¿As exportacións de Inditex, que son as que máis medran nos últimos anos, teñen algo que ver coa Xunta de Galicia? ¿Ocorrerían igual aínda que a política da Xunta de Galicia fora diferente?

Na I+D+i, en cambio, que é unha fonte de competitividade para o futuro e na que o sector público é fundamental, pois resulta que estamos, si, presupostando para o ano que vén unha cifra maior pero partindo dun nivel que debería sonroxarnos e cun grao de execución e de eficacia no seu uso pois relativamente baixo. Claro, a Administración autonómica estalles pedindo a axentes como as universidades que lle axuden a xestionar a I+D+i empresarial, non a universitaria senón a empresarial. Un recoñecemento de insuficiencia e de fracaso. E, en contraste, pois temos un Igape parado, unha xestión morosa dos fondos europeos e unha xestión dos créditos para a formación para o emprego que deixa moito que desexar, xustamente onde a Xunta de Galicia pode actuar con máis decisión.

E preocúpanos especialmente a situación da mocidade, cunha taxa de desemprego do 33 % aínda, é certo que mellorando porque a situación económica así o permite e porque hai unha caída da poboación activa xuvenil a un ritmo moi importante. Pero non hai nin boa formación aplicada nin boa pasarela para o mercado laboral, e é aquí onde deberían concentrarse os esforzos da Xunta.

A formación ocupacional e a participación das empresas aínda se conta por decenas, e aínda temos unha insuficiencia grave no acceso aos cursos de posgrao, aos cursos de mestrado, onde as persoas que teñen menos recursos proceden de familias con máis necesidade pois carecen do apoio público suficiente como para poder prolongar a súa formación. E todos os estudos indican que esa formación dos cursos de posgrao é clave para determinar quen se vai insertar mellor no mercado laboral no futuro. Por tanto, temos que facer un programa dirixido á nosa mocidade consistente e de futuro.

Por último, dúas palabras en relación co sistema de financiamento autonómico. Saben vostedes que isto debería estar resolto xa e que empeza neste ano 2018 unha discusión que vai ser decisiva para o futuro do país. As cifras publicadas estes días indícanos que o modelo de financiamento do 2009, tan criticado por vostedes, é un modelo que nos sitúa en termos de financiamento por habitante axustado por riba da media, pero que, non obstante, cando temos en conta os mecanismos de financiamento extraordinarios postos polo señor Montoro ao servizo das comunidades autónomas, que privilexian sobre todo aquelas comunidades autónomas incumpridoras da norma, pois xa no ano 2015 o financiamento por habitante axustado de Galicia, tendo en conta todos os mecanismos, sitúanos por debaixo da media. E iso é unha responsabilidade única do señor Montoro.

E o que chama a atención é que, así como son críticos cun modelo que nos pon por enriba da media, non din nada dun modelo que nos sitúa claramente por debaixo da media, que nos dá 1 euro por habitante en subvención, cando a outras comunidades autónomas lles dá 141, e son cifras importantes ao final do ano. Hai comunidades autónomas que recibiron máis de 5.000 millóns desde o ano 2012 por este camiño en subvención implícita e Galicia recibiu 29 ata o ano 2016. Son cifras moi importantes, e vostedes están calados en relación con isto.

Claro, a min preocúpame que un presidente de comunidade autónoma que renuncia a utilizar a débeda que está autorizada, que baixa os impostos sen ningún efecto —como xa expliquei o outro día— sobre a equidade ou sobre o crecemento e que, ademais, renuncia a criticar esta actuación de Montoro, ¿como se vai presentar diante dos seus colegas a dicir:...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...a pesar de todo isto, pois eu necesito moito máis?

Remato xa.

Hai unha coincidencia básica entre os grupos da oposición. A min isto paréceme moi positivo. Uns e outros podemos discrepar nalgúns aspectos, pero sobre estes orzamentos coincidimos. E máis ou menos cada un de nós puxo enriba da mesa cambios ao redor de cincocentos millóns de euros, que non parece moito sobre un orzamento de nove mil e pico, pero que, non obstante, cando sabemos que a marxe da Xunta de Galicia apenas ten trescentos millóns de euros, iso significa máis que duplicar a marxe de actuación real da Xunta de Galicia para os cambios no orzamento e, por tanto, é moi importante. Orzamento que nos debería permitir recompoñer o contrato social, é dicir, facer posible que a eficiencia derivada do funcionamento dun mercado máis competitivo fose compatible con maior integración social e cunha capacidade de preparar o futuro que este orzamento desde logo non plantea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Señor presidente, señores deputados, señoras deputadas, rapaces e rapazas da tribuna.

Quixeramos comezar a nosa exposición, en primeiro lugar, desexándolle unha pronta recuperación ao señor López Crespo, que desculpou a súa asistencia, e gustaríanos que se recuperase canto antes para que puidese vir a esta Cámara desculpase polas súas declaracións da sesión plenaria pasada. Cremos que debería desculpase nesta Cámara, pedirlle ao presidente do Parlamento, solicitar a retirada voluntaria das súas palabras, porque cremos que non é ningún exemplo vir a esta tribuna facer unhas declaracións absolutamente contrarias á igualdade entre mulleres e homes, que é un mal camiño no exemplo para a erradicación das condutas machistas na nosa sociedade, porque nin sequera é un micromachismo, é un machismo con todas as letras as expresións que se proferiron aquí na tribuna na anterior sesión parlamentaria, non soamente contra as mulleres que loitan polos seus dereitos colectivos a nivel laboral, senón que loitan por levar en xeral unha vida máis digna, senón que é tamén un ataque gratuito e absolutamente bochornoso contra os sindicatos, é dicir, o grupo de xente que defende os dereitos dos demais para que todos, como o señor López Crespo e a súa familia, poidan ter vacacións pagadas, descanso de fin de semana, dereitos laborais básicos...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...a custa da loita de moita xente que deixou polo camiño o seu tempo, a súa suor e máis dunha vez o seu sangue. Así que lle pedimos que rectifique... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...as súas palabras.

Á cuestión. Isto forma parte da nosa cuestión, porque aquí, cos nosos orzamentos, coas nosas propostas alternativas de modificación de orzamentos, propoñeremos maiores partidas destinadas á loita pola igualdade para a erradicación das condutas machistas, da formación en igualdade, tamén dos cargos públicos, e por iso son tan importantes estas declaracións e, polo tanto, a súa rectificación pública por parte dun servidor público, que non pode facer nin dicir o que lle veña en gana, senón que ten que acomodarse a unha serie de valores mínimos que rexen hoxe na sociedade galega.

Nós queremos unha economía ao servizo da xente e queremos uns orzamentos que garantan o benestar social e o progreso sustentable, todo isto coa finalidade de acadar para todas e para todos un país máis xusto que non deixe a ninguén atrás. Por iso a nosa forma de formular os orzamentos para 2018 foi, en primeiro lugar, cuantificar cales eran as necesidades da poboación, que dereitos básicos había que satisfacer, canto custaban eses dereitos básicos e a partir de aí facer as contas. Esa é a nosa forma de entender a economía: supeditar a economía aos dereitos da xente. Fixémolo, ademais, aténdonos aos principios legais con limitación incluso con relación á regra de gasto, etc., e aínda que non os compartamos, respectámoslos para poder xogar na dinámica parlamentaria. Nós cremos que isto é unha

necesidade, a forma de entender esta forma de elaborar os orzamentos e de supeditar os seus contidos e as súas partidas.

Os dereitos da xente son básicos. ¿E por que? Porque é unha regra de democracia básica. A democracia non é só unha regra de maioría, a maioría parlamentaria foi escollida pola cidadanía para garantir e asegurar unha serie de dereitos ao conxunto da poboación. A maioría parlamentaria non vale para facer o que a un lle veña en gana, válelle para escoller como asegura dereitos a toda a cidadanía. Se non se garanten todos eses dereitos, ese uso da maioría devén nun uso ilexítimo.

Por iso cando a Constitución, o noso Estatuto de autonomía, os tratados internacionais recollen o dereito a unha educación de calidade, recollen o dereito a unha sanidade pública universal, recollen o dereito a unha serie de prestacións sociais, recollen o dereito en definitiva a expectativas de futuro, o dereito a traballar, o dereito ao traballo, o dereito a unhas vacacións remuneradas —si, que tamén o recollen os nosos textos que rexen aquí—, estanlle dando un mandato á maioría parlamentaria para que faga unha proposta, e En Marea, en tanto que primeiro grupo da oposición, á vista de que non se cumpren os dereitos que se din asegurar ou que hai que asegurar nos textos que rexen, facemos unha proposta de carácter alternativo.

Pero a cuestión, para comezar a falar, sería preguntarse: ¿este goberno, con estes orzamentos, está garantindo os dereitos que asisten a poboación? ¿Serven estes orzamentos para achegar a cidadanía ao exercicio efectivo dos seus dereitos? Ou falemos claro, ou máis claro: ¿isto vale, por exemplo, para que a xente chegue ben a fin de mes?, ¿estes orzamentos valen para que todo o mundo chegue ben a fin de mes? Pois miren, o 25,4 % de taxa de pobreza ou exclusión social en Galicia neste momento demostran que non, que non valen estes orzamentos. ¿Vale isto para que a xente consiga traballo? Un 15 % de paro demostra que non, que estes orzamentos non valen para que a xente teña efectivo o seu dereito a traballar. ¿Isto vale para que a mocidade non teña que emigrar? Pois miren, 200.000 persoas que saíron de Galicia menores de 35 anos dende o ano 2009, en que vostedes gobernan, demostra que non, que non valen para iso. ¿Isto vale para que os emigrados retornen, pero sobre todo a xente nova que está traballando poida volver ao país con oportunidades laborais? Pois a colectividade emigrada en Londres, en Edimburgo, en Bruxelas, demostra que non, que estes orzamentos non valen. ¿Isto vale para que as mulleres cobren igual que os homes cando fan un traballo equivalente? Pois os 400 euros de media de diferenza salarial, un 22 % no conxunto da masa salarial de diferenza entre mulleres e homes, demostra que non, que estes orzamentos non valen para a igualdade. ¿Estes orzamentos valen para que a sociedade sexa máis igualitaria e menos machista? Pois as declaracións no pasado pleno do señor López Crespo demostran que non, que non son suficientes. ¿Isto vale para que as mulleres e os homes poidan decidirse por unha paternidade ou unha maternidade responsable? Desde logo a taxa de natalidade máis baixa de Europa en Galicia demostra que non, que tampouco valen para isto. ¿Isto vale para lle dar confianza e seguridade a todo o conxunto da poboación no seu futuro? Pois un 89 % de precariedade laboral demostra que non; 672.000 galegos e galegas con menos de 700 euros ao mes demostra que non, que iso non xera confianza, non xera expectativas; a xente non é libre para planificar a súa vida con tranquilidade porque non sabe se vai chegar a fin de mes, porque non sabe se vai cobrar o mes seguinte, porque non

sabe se vai ter asegurados os dereitos mínimos. ¿Isto vale para que a mocidade poida facer do galego a súa lingua habitual? Pois a caída de 13 puntos nos últimos dez anos entre os falantes máis novos demostra que non. ¿Estes orzamentos valen para ordenar o territorio de forma racional? Pois a vaga de lumes do mes de outubro demostra que non. ¿Estes orzamentos valen para garantir a saúde da xente? A supresión das áreas sanitarias con redución dos servizos nos hospitais comarcais e na atención primaria demostra que non, as interminables listas de espera demostran que non.

Non, señores e señoras do Partido Popular, os seus orzamentos non valen para garantir que a xente teña unha vida mellor, non valen para garantir que a xente teña unha vida máis cómoda. A vostedes e ao presidente, alá onde queira que se encontre, non lles doe Galicia. Son o Goberno da ditadura do precariado, o Goberno da anomalía laboral galega, onde baixa a poboación activa, se reduce o emprego e aumenta o paro. Son o Goberno da desigualdade, da pobreza e da exclusión social. Son o Goberno do exterminio do rural, do exilio económico da xente moza, da expulsión das nosas empresas do territorio cara a outros próximos pero mellor comunicados, do peche das escolas e dos hospitais, os das listas de espera interminables e os que denegan medicamentos aos enfermos por razóns de carácter económico e non médico —como sucedeu coa hepatite C—, os que privatizan e os que privan os cidadáns de acceder aos remedios para os infartos nun tempo razoable, incrementando con isto o risco vital para aquelas persoas que o sofren. Son o Goberno que queimou o seu prestixio na vaga de lumes, que queimou a súa fachada de cartón pedra de bos xestores; o rei estaba espido e quedou á vista de todo o mundo que estaba espido, pero nin o rei nin a súa corte, ebrios da súa maioría absoluta, se enteraron, pero o resto da sociedade si. Sabemos que son vostedes o desgoberno, os malos xestores, os incompetentes e os indolentes dos problemas do noso país.

Cos orzamentos do Partido Popular, o Partido Popular renunciou a unha redistribución da renda e da riqueza existentes, cunha diminución do peso do orzamento na riqueza nacional en termos porcentuais. Hai dez anos os orzamentos eran o 20 % da riqueza do país e hoxe son menos do 15 %. Hai menos capacidade de redistribuír, de facer que chegue a todo o mundo unha política pública de asignación e de eficacia e de redistribución e aseguramento de dereitos. Hai máis riqueza que nunca —dino vostedes mesmos—, pero distribúese menos que nunca. Por tanto, a conclusión é que os seus orzamentos xerarán no 2018 máis pobreza e desigualdade e economicamente nos levarán a unha perda de dinamismo, de emprego e de competitividade.

Pero non, as mulleres e homes de En Marea e o conxunto da sociedade galega non se resigna, non nos resignamos, non nos resignamos á súa Galicia minguante, á súa Galicia incapaz, á súa Galicia sen futuro. Nós cremos que temos un país rico, pero que vive empobrecido polas súas políticas, e por iso formulamos xa no seu momento unha alternativa de totalidade e hoxe formulamos unha alternativa dentro dos límites que nos prevé neste trámite parlamentario a lei. E isto todo para falar dun outro orzamento necesario, dun orzamento posible que permita achegarnos a ese país máis xusto no que ninguén quede atrás.

Son 376 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea que buscan blindar dereitos fundamentais postos en perigo durante a última década polos recortes —pertinen-

tes e teimudos — por parte do Goberno de Feijóo; 376 medidas dirixidas a garantir o noso dereito á saúde, ao ensino, a ter unha vivenda digna, o dereito ao traballo, o dereito, en fin, a ter vidas vivibles. As nosas emendas, polo tanto, son a tradución numérica dun proxecto alternativo para Galicia. E facémolo tendo en conta o ben común, o que é de todos, o que é bo para todos e todas, non os intereses particulares, como fan vostedes, atendendo as necesidades da xente, priorizando as persoas. Catro eixos fundamentais dos que darei conta.

En primeiro lugar, o piar da xustiza social, a necesidade de garantir a igualdade de xénero entre mulleres e homes, que, como acabamos de demostrar, dista moito, incluso no discurso público, de ser real por parte de quen ten a maioría parlamentaria.

A igualdade de oportunidades, non soamente sobre o papel, senón na vida real. Os dereitos fundamentais básicos: a sanidade, a educación, o benestar, a erradicación da pobreza e da desigualdade social, e a cultura, a educación e a lingua. O emprego, a seguridade no traballo; temos a taxa de mortalidade laboral máis alta do Estado español, que supera no dobre a media do Estado.

Queremos dereitos laborais cando se traballe. Queremos salarios dignos, si. Queremos promoción de emprego para as mulleres e para parados de longa duración. Queremos autónomos con dereitos, non autómatas. Queremos para a nosa mocidade que poida retornar, todas aquelas que emigraron, todos aqueles que emigraron; e aqueles que non o fixeron que non teñan necesidade de facelo porque teñan expectativas de futuro no noso país. Queremos un arroupamento social, un arroupamento institucional para que os queiran ser pais ou nais poidan exercelo responsablemente e sen medo á incerteza de futuro que lles xere a situación que vivimos hoxe en día.

E, despois, queremos xustiza territorial, queremos unha política integral para o noso territorio. Un rural vivo con servizos, unha protección civil e de emerxencias digna de tal nome e que poida socorrer a poboación cando sucedan sinistros como o da vaga de lumes do domingo negro do mes de outubro.

Queremos un forestal e agrogandeiro vivos. Queremos que se asuma o cambio climático e que, polo tanto, se estableza unha estratexia transversal para vivir coherentemente co cambio do clima e unha reordenación e racionalización do territorio.

E isto tradúcese nesas 376 emendas que foron, dentro do posible, o que nós entendemos que deben de satisfacer estes bens necesarios para o conxunto da poboación. Comezando polas de Presidencia e Vicepresidencia e comezando —hoxe era máis importante se cadra que outros días— en materia de igualdade da muller e loita contra a violencia de xénero, postulamos un incremento de partidas para a loita integral contra a violencia de xénero, a inserción laboral das vítimas de violencia, a información, a sensibilización sobre a igualdade e contra a violencia de xénero para erradicar do discurso público os micromachismos, que, como sabemos, de micro non teñen nada. O de López Crespo foi un exemplo, pero poderíamos recordar o do alcalde de Noia, non hai tanto tempo; o de Baltar, non hai tanto tempo; ou o do alcalde de Palas de Rei, que segue aí a pesar de estar condenado polo acoso á secretaria, apoiado polo Partido Popular, aínda que se deu de baixa cando se lle abriron xuízo oral. Moito

por facer en materia de igualdade, moito por facer na loita contra os micromachismos e contra os macromachismos.

A promoción do autoemprego feminino, a sensibilización sobre a igualdade e a diversidade o afectivo-sexual, e plasmada tamén en exemplos concretos como novas casas de acollida para mulleres maltratadas, tanto en Compostela como na zona de Ourense.

En materia de emerxencias moito se falou nos últimos meses, dentro do discurso a raíz da vaga de lumes, pero, despois, a nivel orzamentario, cero. Por iso En Marea lles dá a oportunidade de que sexan coherentes co discurso que din defender e, polo tanto, apoiem unhas emendas que buscan, por exemplo, a dotación de mascarillas e batelumes para protección civil, as accións de prevención e extinción de lumes como o desenvolvemento do Peifoga e os demais instrumentos de prevención e de asunción de emerxencias, o desenvolvemento da propia Lei de emerxencias ou a instalación efectiva do mando único operativo, así como a creación das brigadas de investigación forestal, porque si, nós si as orzamos —gustaríanos saber se vostedes si ou se non, e no caso de que si, poden apoiar a nosa emenda—, así como a publicación dos servizos contra os lumes e a equiparación salarial de todos os traballadores e traballadoras dese sector, algo ao que vostedes se comprometeron e, non obstante, aquí seguramente votarán en contra.

En materia de xustiza no pleno pasado aprobamos por unanimidade unha serie de acordos derivados das reivindicacións do colectivo dos traballadores e traballadoras de xustiza. Pois ben, nós temos emendas que van destinadas a dotar orzamentariamente estes compromisos. Teñen oportunidade de apoialas. Tamén postulamos unha aplicación informática en galego, consecuencia tamén dun acordo neste pleno durante este ano, así como o fomento do uso do galego na xustiza.

Queremos impulsar as áreas metropolitanas, e por iso as dotamos orzamentariamente, tanto para efectos de mobilidade como de sustentabilidade, como de creación de emprego e calidade de vida nas áreas metropolitanas do noso país, e, si, para reforzar unha ordenación do territorio que tamén evite os lumes urbanos, como vimos que sucedeu en Vigo hai menos de dous meses.

En materia de refuxiados, de persoas refuxiadas e de solidariedade, queremos que dunha vez por todas se asuman os compromisos que a nivel nacional e internacional ten asumidos esta Cámara, o noso país, o conxunto do Estado e a Unión Europea, acabar xa coa vergoña das persoas refuxiadas que perden a vida intentando chegar ás costas europeas, o cumprimento duns compromisos que nós tiñamos que atender coa coordinadora das ONG, o incremento tamén en partidas en materia de solidariedade ou tamén o compromiso reiterado nesta Cámara co pobo saharauí.

Para a Consellería de Sanidade conformámonos única e exclusivamente coa garantía dos dereitos á saúde e denunciámos unha vez máis que este orzamento afonda na privatización e non resolve os enormes desaxustes denunciados polo Consello de Contas, como as modificacións de crédito anuais que se realizan para pagar os contratos a tempo parcial. É un orzamento que, ademais, consolida unha paulatina destrución da atención primaria e non supón incrementos do persoal sanitario público.

Presentamos no seu momento emendas á totalidade, que foron rexeitadas. Pois ben, agora nas parciais teñen oportunidade de apoiar uns orzamentos que pola nosa parte producen redución, si, de partidas na sanidade privada e tamén os curas na sanidade pública, efectivamente.

En primeiro lugar, queremos recuperar o Hospital de Vigo para o público; destinamos parte do importe dos canons anuais; o PP di que é insuficiente; si, sabémolo; pero nós, desde que existe En Marea e xa previamente desde a existencia de AGE, levamos presentando emendas para este rescate; non eliminamos a totalidade das partidas de carácter privado porque sabemos que hai uns compromisos que hai que cumprir pero reducímolos no máximo indispensable para que eses compromisos se cumpran e poidan atender outra serie de necesidades, como o plan de prevención e promoción da saúde, a creación dun programa público de I+D+i nun laboratorio público, o incremento de persoal, tan necesario e que todo o mundo ve cando acode aos centros públicos, con independencia de a quen teña votado, porque a xente non votou o Partido Popular para que lle quitasen o médico, e, non obstante, cando vai a atención primaria ve que non hai médicos, ve que as listas de espera se desbordan, ve que se reducen servizos nos hospitais comarcais, ve que o desmantelamento das áreas sanitarias é coherente con este discurso de desmantelación do público. Iso veo todo o mundo, vexa ou non vexa a Televisión de Galicia, porque lles basta con ser simples usuarios e usuarias do sistema sanitario para velo.

Pois ben, nós queremos un incremento do persoal na Administración pública, da atención primaria, da atención especializada, e a implantación de especialidades en enfermería. Tamén, infraestruturas que son necesarias para o desenvolvemento destes servizos, como nos hospitais de Montecelo, de Pontevedra, ou de Burela ou do Barbanza, cunha serie de melloras que son necesarias. Detraemos unha serie de medidas tamén de partidas que destinamos a ambulancias medicalizadas e asistenciais, que faltan no conxunto do país. Queremos tamén a mellora dos nosos centros de saúde e queremos tamén destinar as partidas que inicialmente ían previstas aos curas para un programa de saúde LGTBI. Nós non queremos a previsión na sanidade pública e si dereitos para todas as persoas. Queremos que haxa cura, non que haxa curas, porque, se non, pasaranos como naquela viñeta de Davila cando lle preguntaba aquel que viña visitar o seu amigo enfermo: «Oíches, ¿e tes cura? Cura teño; o que non teño é médico». Iso é o que está pasando na sanidade pública. De forma estrutural, ademais, para producir a derivación cara á privada, de tal maneira que se consolide un sistema que non é de colaboración senón de sometemento aos intereses do negocio da privada.

E no ámbito de políticas sociais incidimos en tres grandes eixos. En primeiro lugar, no inicio da vida, políticas que arroupen a natalidade; en segundo lugar, as políticas que arroupen a terceira idade; e, en terceiro lugar, sobre todo pivotando nos eixos de diversidade funcional.

Son políticas que buscan reverter, en primeiro lugar, unha situación de crise demográfica pola que esta maioría parlamentaria non fixo nada ata o de agora, a pesar de que xa levamos un ano cumprido de lexislatura. Cómpre xerar confianza na xente, cómpre crear un clima de arroupamento social e institucional que acompañe toda a minoría de idade, como algo necesario e indispensable para producir confianza na xente que quere ter fillos pero non sabe, pola incerteza do futuro, como vai poder sacalos adiante. Forma parte dos compromi-

sos que debería de asumir a Consellería e facelo. Por iso nós propoñemos maiores recursos para as escolas infantís, en xeral en todo o país, con especial incidencia na provincia de Lugo.

Queremos a ampliación das prazas públicas en escolas infantís. Nin sequera o bono Concilia, con auxilio das privadas, está atendendo toda a demanda que existe neste sentido.

Queremos, en relación coas persoas da terceira idade, que se atendan como corresponde a unha xente que viviu, que traballou toda a súa vida polos demais e que merecen non un retiro digno senón unha terceira idade digna, unha terceira idade cun envellecemento activo. Puxemos o exemplo do centro de Rianxo. Hai outra serie de centros de día que poderían ser postos en valor, residencias da terceira idade, necesarias para atender as necesidades dos nosos maiores e que garanten un dereito básico á vida con dignidade tamén na terceira idade. E por iso facemos apostas en todas as provincias do noso país, especialmente naquelas comarcas máis envellecidas, porque nós entendemos que apostar polo territorio significa apostar polo mantemento dos servizos.

Pero tamén, con relación á mocidade, por iso facemos propostas de casas da mocidade en lugares onde existe unha especial demanda da xente nova, e desde logo tamén o aumento dos fondos para o centro de atención ás persoas con discapacidade, no caso concreto de Ourense —que xa se trouxo durante este período de sesións a esta Cámara—, así como un centro integral de menores, neste caso en Santiago de Compostela, por ser unha das medidas máis acuciantes no noso país, e non podemos desatender as persoas desamparadas en ningunha das súas etapas da vida.

En materia de vivenda e infraestruturas repuntan os desafiuzamentos. Soben os desafiuzamentos por alugueiro, aínda que baixan os de vivenda en propiedade, sen que se produzan políticas de atención a esta serie de necesidades. Non hai unha política nin de vivenda digna nin política que regule o mercado. É un problema estrutural que necesita da intervención do poder público e non se está producindo, tampouco, por estes orzamentos.

En materia de rehabilitación non se executaron, nin de lonxe, a metade das partidas previstas para a rehabilitación en moitas das súas modalidades, e o Plan de transporte está sendo un verdadeiro desastre, que produce a incomunicación por carretera na meirande parte dos concellos do rural do noso país, como denuncian as propias autoridades municipais de distinto signo.

Nós temos propostas para mellorar a mobilidade do noso país, o estudo dun tren de cercanías para Galicia, a creación dunha compañía pública de transportes, a creación dun parque de vivenda pública en réxime de alugueiro, a necesidade de articular un transporte metropolitano para as comarcas de Pontevedra e de Ourense, un programa de axuda ao alugueiro especialmente destinado a xente moza, un plan de prevención e loita contra os desafiuzamentos, a mellora das comunicacións mediante diferentes vías de alta capacidade —por exemplo, a de Ferrol-San Cibrao—, as axudas para a erradicación da infravivenda ou a intermodal en cidades como A Coruña e Lugo, así como a construción de sendas peonís e carrís bici que faciliten a mobilidade en decenas de concellos do noso país.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén debera dar unha volta ao contido dos orzamentos. Nós cremos que se debe apostar decididamente pola transición enerxética como eixo vertebrador da innovación tecnolóxica, a creación do emprego de calidade, o aforro enerxético e a defensa do medio ambiente.

Prodúcese neste momento unha absoluta ineficacia, hai unha falta de orzamentos clarísima e unha falta de execución das partidas orzamentarias no eido de fomento do emprego, e trouxemos a esta Cámara como durante o ano 2016 quedaron sen executar máis de 54 millóns de euros de partidas destinadas a diferentes modalidades de fomento do emprego. Non pode ser que se orce menos, como sucede para o 2018, e, ademais, as partidas queden sen executar.

O Partido Popular, ademais, estase inhibindo na loita contra a pobreza enerxética, deixando todas as actuacións sobre o bono social do Estado, e iso parécenos absolutamente inaceptable. Por iso, algunhas das nosas propostas son un plan de choque en materia de emprego, xa, contra a precariedade, desde os falsos autónomos ata o fomento de estabilidade no emprego; un plan especial de emprego de parados de longa duración; un plan de igualdade retributiva e de emprego feminino, para acabar con esa brecha salarial absolutamente sangrante; un plan de recuperación de industrias paradas por causas non produtivas; un plan de emprego xuvenil, que faga fronte a ese case 50 % de paro neste sector; un plan de rescate de emprendedores co dereito á segunda oportunidade; unha modernización e emprendemento de innovación do comercio de pemes e produtos comercializados a nivel galego; o financiamento, como algo fundamental, da tarifa social enerxética para Galicia, para acabar dunha vez por todas coa vergoña da pobreza enerxética; o aforro e a eficiencia enerxética nos fogares; políticas de innovación para pequenas e medianas empresas; sen esquecer outras políticas que son igualmente necesarias en materia de dereitos asistenciais, en materia de consolidación de novos dereitos, como é o caso de benestar animal, a dotación orzamentaria para as actuacións vinculadas coa protección e benestar dos animais de compañía —baixa a terceira parte do orzado no 2017, queda nuns 100.000 ridículos euros— para axudar os 313 concellos a desenvolver a lei aprobada nesta cámara durante o ano 2017; moito papel e pouco respaldo económico.

A Consellería do Mar, desde logo, sufriu un novo golpe; máis ben o golpe sufriuno a xente do mar, e esta vez non foi un golpe do mar, foi un golpe da incompetencia, novamente, da incapacidade de relevancia política de xestionar os intereses do noso país en materia de cotas de pesca, en materia do centro de control de bivalvos, etc.

Cremos que son necesarios outros orzamentos para garantir unha serie de mínimos para a xente do mar. Para empezar, a implementación de medidas de seguridade e balizamento dentro das rías; un orzamento para reforzar e realizar un mantemento adecuado nas infraestruturas portuarias que minimize os danos ocasionados anualmente polos temporais, nun sector que non conta cunhas augas saneadas e, polo tanto, non pode obter un mellor rendemento do seu traballo, razón pola cal tamén destinamos modificacións orzadas; unha partida, importante, que destinamos para a recuperación de especies de alto valor para o sector do marisqueo, como é o caso da ameixa fina; unha partida que tamén destinamos para a optimización e eficiencia enerxética da nosa pesca; e axuda á investigación para facer máis eficiente e produtiva a pesca artesanal.

En materia de educación nós facemos unha aposta clara polo ensino público e a cultura do noso país. Fronte ao empeño privatizador do Partido Popular, dende En Marea apostamos por defender os servizos públicos. Fronte á privatización do ensino, un Partido Popular que non fai máis que aumentar as aulas e centros concertados negociando cos nosos dereitos, dende En Marea queremos asegurar un maior ensino público galego e de calidade posible. Non é aceptable que, mentres as aulas públicas se reducen, mentres perdemos profesoras e profesores no ensino público, mentres seguen faltando medios esenciais, materiais e humanos nos centros públicos deste país, o diñeiro vaia para o ensino concertado. Tampouco é aceptable que se siga financiando co diñeiro de toda a cidadanía centros privados machistas que segregan o alumnado por razón de sexo.

En segundo lugar, fronte ao modelo de educación relixiosa que defende o Partido Popular e que pretendeu consagrar a LOMCE, dende En Marea apostamos, de xeito inequívoco, por un ensino laico.

E, en terceiro lugar, fronte ao modelo centralizador e da cultura do espectáculo do Partido Popular, dende En Marea defendemos o dereito universal á cultura, o necesario fortalecemento da cultura de base e a independencia do sector. Por iso propoñemos suprimir partidas que se destinan á Fundación da Cidade da Cultura e á Fundación Camilo José Cela, fundacións que, ao noso entender, resultan opacas e inútiles para o fomento do tecido cultural galego e, ademais, un gasto desproporcionado. E todo isto mediante unha serie de medidas que garanten o acceso ao dereito universal á cultura. Para empezar, cun plan de cultura no rural dotado con tres millóns de euros, porque ou é para todos ou non é un dereito universal. No mesmo sentido camiñamos na nosa emenda de fomento das actividades culturais nos concellos. E, como cultura implica tamén falar de patrimonio, por suposto tamén defendemos a necesidade dun plan de recuperación do patrimonio galego.

Ademais de apostar pola lingua, dende En Marea propoñemos unha serie de medidas a prol da normalización lingüística, a prol do fomento do uso da nosa lingua, e non nos resignamos ao seu exterminio lingüístico, que comeza xa desde o ensino, a pesar de que despois digan o contrario e lles boten a culpa ás familias, como fixo o presidente a semana pasada.

En materia de ensino queremos garantir un ensino público, laico e de calidade. Queremos recuperar o persoal docente perdido durante toda a última década. Queremos mantementos e novas edificacións de carácter educativo. Presentamos emendas para a igualdade de oportunidades e queremos tamén un ensino en igualdade; por iso tamén presentamos unha medida de formación para o profesorado neste sentido.

En materia de medio ambiente xa comentei: non se aporta solución nestes orzamentos para un problema que temos grave, como a destrución da biodiversidade, o cal foi determinante na virulenta extensión da vaga de lumes. Non se aportan solucións para afrontar a conxuntura da seca. Non se aportan solucións contra o cambio climático; o cambio climático provoca a seca, a seca favorece os lumes e sen territorio non hai futuro. Pois non se establecen actuacións orzadas economicamente para garantir todo isto.

En materia de ordenación do territorio, de man de Medio Ambiente, facemos unha serie de apostas, pois por exemplo para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, porque, si, a ordenación do territorio reduce o risco de incendios, aínda que vostedes se negasen a incluír a cuestión territorial e de ordenación na Comisión de estudo da vaga dos lumes do mes de outubro.

Facemos unha serie de medidas en relación coas EDAR, en relación con saneamentos de parroquias, en materia de control de especies invasoras, de impulso dos parques naturais, da contaminación por lindano e do selado de determinados vertedoiros, etc.

Na Consellería de Facenda presentamos un plan de loita contra a fraude fiscal para as grandes fortunas, dotado economicamente. Supoñemos que tampouco terán nada en contra disto, ¿verdade?

E en materia do medio rural o discurso do territorio, fronte ao discurso de lumes, fai que sexa necesario abordar de xeito integral a loita contra os incendios forestais, a loita por ordenar o territorio de forma sustentable. É necesario facer políticas para o medio rural vivo, para un modelo forestal alternativo, pero tamén agrogandeiro, para asumir o cambio climático, para ter un sistema de emerxencias e de prevención e protección civil que realmente funcione, e finalmente cun territorio ordenado, onde os lumes non poidan chegar ao centro das cidades.

Queremos, nesta liña de recuperación do medio rural, un plan de rescate e mellora do sector lácteo, a autosuficiencia enerxética das explotacións agrarias, fomentar a mobilidade das terras agrarias abandonadas ou improdutivas mediante un impulso decidido do Bantegal, un plan de choque contra o cambio climático, accións coordinadas cos concellos para garantir o cumprimento da lei vixente, a diferenza do que fixo o investigado xudicialmente Fernández-Couto durante estes anos: non garantir a aplicación da lei vixente, que forma parte de dezaseis das trinta medidas que se anunciaron aquí como a gran solución máxica de Núñez Feijóo. ¿A solución é cumprir a lei? Si. Pois a solución que achega En Marea é dotar de orzamentos e de recursos as administracións públicas para que a lei se cumpra, ademais dun plan de incorporación da xente moza ao agro ou o inicio da creación dun novo dispositivo de defensa en prevención de incendios.

En definitiva —e remato—, fronte a uns orzamentos que, tamén no parcial, o Partido Popular presenta como os dunha Galicia minguante, resignada e mansa, En Marea non se resigna, nós non nos resignamos, e, en defensa do ben común, en defensa da xustiza social, en defensa do emprego e das expectativas de futuro para o conxunto da sociedade galega, apostamos por un modelo alternativo de carácter social, pero tamén de carácter económico, que aquí presentamos, e para o cal lles pedimos o seu apoio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Antes de concederlle a palabra ao señor Puy, do Grupo Parlamentario Popular, quixera trasladarlle, señor Villares, dúas informacións. Unha, que o señor López Crespo hoxe non pode

vir por un proceso de enfermidade; non sei cando poderá volver a este Parlamento; el foi aludido e a min paréceme oportuno informalalo do seguinte: o señor López Crespo xa contestou e dalgunha maneira pediu desculpas polo que sucedeu nese pleno; esa carta xa foi trasladada. E, segundo, eu tamén xa teño concertada a miña reunión cos representantes de Comisións Obreiras; paréceme que isto é importante que o saiba.

E tamén outra cuestión que creo que tamén é importante que a saiba: o caso do señor Baltar xa foi arquivado e vostede supoño que ten o máximo respecto pola xustiza; por iso llo digo, nada máis. (*Murmurios.*) Perdón, perdón. Máximo respecto pola xustiza lle dixen ao señor Villares; supoño que a terá, e vostedes tamén —espero—.

Señor Puy, cando queira.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías.

Señor Villares, vostede sabe que eu, no político, estou moi distante pero que lle teño certo aprecio persoal, e por iso permítame que lle dea un consello en relación cunhas declaracións que acaba vostede de incluír na parte da soflama da súa intervención —que tivo unha parte propositiva pero tivo outra que foi moi combativa—. Dixo vostede algo en relación co micromachismo. Isto recordoume un chiste, unha anécdota que conta o filósofo Zizek, atribuída a Lacan —como sabe vostede quen é, non dou máis explicacións—. Zizek di que Lacan contaba que, cando alguén grita «o rei vai espido», podería contestárselle cunha cousa semellante a aquela persoa que grita que «o rei vai espido»: «tamén está espido debaixo das súas roupas». E digo isto porque, se vostede quere vir vestido criticar o micromachismo, podería comezar por facer dúas cousas: primeira, recoñecer, como vostede dixo, que o señor Baltar, pola xustiza declarado arquivado, non é ningún acosador; e, segundo, podería tamén reconducir os memes que o seu alcalde asigna facéndolle a graza, a ridiculización machista da portavoz do Grupo Popular na Coruña. (*Aplausos.*)

Dito isto, pasemos aos orzamentos. É, efectivamente, o último debate que temos sobre os orzamentos do ano 2018. Eu, en primeiro lugar, quero agradecer, pese a que non se aceptaron nada máis que algunhas emendas, o diálogo que tivemos cos grupos da oposición. Eu creo que o diálogo foi frutífero e mesmo contribúe a situar cales son as posicións de cada grupo nestas cuestións.

Ao final, temos, efectivamente, sen modificar o gasto total non financeiro da Xunta, 9.487 millóns de euros, un incremento do 3,7 %, que foi criticado. O outro día, por exemplo, presentábanse os orzamentos dunha das entidades provinciais, e crecían un 2,95 %, e dicíase que eran os mellores da historia desa institución. Hai que poñer todas as cifras en relación.

Estamos nun contexto no que a economía medra por riba do 3 %, o PIB por habitante bate o seu récord histórico —89,1 %—, a renda dispoñible de Galicia é aínda maior —do 92,5 %—, este contexto de crecemento e este contexto de converxencia no PIB por habitante, que efectivamente eramos a comunidade 17 no ano 2000, a 12 no 2008 e no 2016 somos a 10. Polo tanto, é certo que tamén continuou durante esta etapa de crise a converxencia en PIB por habitante, e, ademais, con redistribución. Eu sempre o recordo, porque se mencionaron

aquí algunhas cuestións en relación co financiamento autonómico e o gasto estatal, que os habitantes de Galicia teñen unha renda dispoñible dun 3,4 % superior ao PIB por habitante en relación coa media.

Estamos nun contexto no que os salarios tamén empezan a recuperarse. Hoxe mesmo fixo pública a súa enquisa trimestral de custo laboral o INE. O INE sitúa Galicia como a novena comunidade onde crecen máis os salarios, aínda por baixo da media, pero crecen moito máis que a media, o 2 %, cando a media en España é do 0,4 %. Eu supoño, compartindo esta preocupación polos baixos salarios, que todos nos alegraremos de ver que neste trimestre os salarios creceron un 2 %, cando a media en España é do 0,4 %. Polo tanto, tamén hai unha converxencia na que aínda queda traballo, porque somos a novena comunidade, por tanto tamén convén mellorar niso.

Temos unhas contas que xeran aforro bruto, 845 millóns, o que implica unha maior capacidade de financiar investimento, 1.570 millóns, con só 193 millóns de endebedamento, e, ademais, con aforros nos xuros da débeda, 63 millóns de euros.

Hai unha diferenza notable cos orzamentos, que sempre se nos traen, do ano 2009, que eran moi superiores pero tiñan, ademais de 800 millóns de endebedamento, 1.600 millóns de euros que aínda continuamos a pagar como consecuencia das entregas a conta, que resultaron en liquidacións negativas moi elevadas.

Temos, polo tanto, uns orzamentos moito máis sostibles, moito máis sociais, con máis investimento, e por iso eu comparto que son uns orzamentos para unha economía que está mellor, unha economía sa.

As prioridades están claras. O gasto social son 7.110 millóns de euros neste orzamento —son 331 millóns de euros máis que o ano pasado, 1.000 millóns máis que no ano 2014— e o investimento medra o 6,5 %.

En termos absolutos, ademais, Galicia é a comunidade que está a ter máis investimento real do conxunto do Estado. Por exemplo, no 2016 fomos con 689.000.000 de euros, por diante das comunidades autónomas que tiñan moitos máis recursos orzamentarios, como Cataluña —460— ou Andalucía —480—.

Analizando o total de gastos de capital, a execución en Galicia foi moi superior á media: en Galicia, o 76 %; a media das comunidades autónomas, o 70 %. E se falamos da execución total de gastos de capital, no que vai de exercicio estamos tamén por riba; no caso do capítulo VI, 47 %, fronte a 31 % da media, e no total, incluídos os demais capítulos de investimento, Galicia leva neste ano 37 %, fronte ao 32 %. Polo tanto, somos a segunda comunidade autónoma que fixo un esforzo máis investidor na crise, e continuamos a selo en 2017 —9 % fronte ao 4,5 % sobre o orzamento do resto das comunidades autónomas—.

E todo iso cun sistema fiscal que segue a ser progresivo no IRPF. Baixamos as tarifas para o 80 % de contribuíntes con menor renda. Tamén é redistributivo no imposto sobre o patrimonio —sobre isto volverei máis tarde— e é selectivo nos gastos fiscais, cunha com-

poñente social: o 93 % dos gastos fiscais, dos 396 millóns de euros de gastos fiscais, son claramente redistributivos, benefician por exemplo as familias numerosas, das que hai pouco acaba de saír unha enquisa que di que o 47 % das familias numerosas non chegan facilmente a fin de mes; por tanto, hai un apoio ás familias numerosas e a outras persoas e colectivos que están prexudicados por distintas razóns ou que teñen un problema de equidade horizontal con relación ao resto da cidadanía. E, en definitiva, están claras cales son as prioridades de gasto. Din que non hai modelo; o modelo reflíctese polas prioridades de gasto.

Eu quero recordar que en sanidade, en relación co orzamento do 2009, que era de 10.500 millóns de gasto non financeiro, incrementamos de 3.700 a 3.850 millóns de euros; é dicir, pasamos do 35 % ao 40 % do gasto total en materia sanitaria. Isto di que a sanidade é unha prioridade, obviamente; se non, seguiría na mesma porcentaxe ou mesmo tería diminuído.

Acaba de facerse público un informe de *The Lancet* que di que España é a cuarta sanidade do mundo, equiparada á de Finlandia, á de Suecia, pero, en fin, nós niso si que debemos de ser uns fracasados, porque, se se asume que o que queremos é desmantelar a sanidade pública, pois realmente o estamos a facer moi mal, tan mal como en Suecia ou como en Noruega, polo menos.

En educación pasamos do 22,8 % de gasto ao 24 %. En acción social e promoción social, do 5,4 % ao 7,7 %.

En definitiva, está claro cales son as prioridades, que agora tamén, nun momento de recuperación, enfatizan os sectores produtivos. E, en concreto, o gasto en I+D+i, como recoñeceu o portavoz socialista —cosa que se agradece— efectivamente se incrementa desde o 1,3 %, en que estaba no ano 2009, ao 1,6 % que vai nos orzamentos do ano 2018, aínda insuficiente, certamente, e probablemente será unha das cuestións onde hai que informar.

Hai máis prioridades. A señora Pontón trouxo un mal exemplo. Por exemplo, formación do profesorado; nos orzamentos do ano 2018 medra un 53 % con relación a este ano. Dise que gastamos pouco en formación do profesorado.

Tamén se falou dos concertos educativos. No ano 2008-2009 asináronse 213, en catro anos, —perdón— desde o ano do Bipartito, do ano 2005-2006 ao ano 2009, 3.836 concertos, 213 en catro anos; actualmente hai 3.913, é dicir, 77 máis, que foron en oito anos. Vostedes facían 53 concertos cada ano en educación e nós fixemos 9, pero cunha peculiaridade: ¿en que son os concertos? Pois son para os novos ciclos de formación profesional —2.000 horas lectivas, distribuídas en dous anos— ou para os novos ciclos de formación profesional básica.

Nós temos un 50 % máis de matriculados en formación profesional dos que había no ano 2008. Isto é fundamental, porque é precisamente aí onde se está a traballar no futuro da empregabilidade dos xoves galegos, e son precisamente unhas cifras das que nos sentimos especialmente satisfeitos dada a alta taxa de empregabilidade que teñen os que rematan os seus estudos de formación profesional.

E imos seguir facendo comparativas de prioridades. Dos 113 millóns que se daban aos concellos pasamos a 120 en 2018, un 6,8 de incremento. As universidades recibían 338 e agora reciben 421, un 24 % de incremento. Os concertos sanitarios tamén diminuíron, de 338 millóns que se daban no último exercicio do Bipartito pasouse a 205, unha caída do 5,7 %. A dependencia, en cambio, medrou; na dependencia pasamos de atender 14.000 persoas a 50.000 co obxectivo de no ano 2018 atender 60.000. O servizo de axuda no fogar multiplicouse por 6; as prazas sostidas con fondos públicos incrementáronse un 47 %, e as libranzas incrementáronse un 106 %. Certamente tamén reducimos gasto, por exemplo, de altos cargos, o 36 % e gabinetes un 30 %.

E tamén estamos vendo cales son as nosas prioridades na execución. Eu creo que na execución do orzamento —á que se fixeron aquí varias alusións— é conveniente recordar que Galicia executou por riba do 100 % dos orzamentos que se aprobaron nesta Cámara. Iso quere dicir que houbo máis ingresos e que, polo tanto, se fixo un gasto, que se gastou todo o orzamento.

Por tanto, cando se fala de que hai partidas que non se executan, iso o que quere dicir é que se executaron outras por riba do que aprobou esta Cámara. Entón eu quero recordar —cando vostedes critican que é o que non se executou— que é o que se sobreexecutou, porque é aí precisamente onde se ve cales son as prioridades políticas deste Goberno: o Sergas, o 109,5 %; o Fondo de Garantía Agraria —o Fogga— o 281 % —recorden vostedes a crise do prezo do leite—; a Axencia de Servizos Sociais, o 102 %; en emprego, as axudas especiais a traballadores afectados por ERE sobreexecutáronse nun 163 %; as escolas obradoiro nun 105,7 %; e a inserción laboral de persoas con Risga nun 119,5 %. Ou en gastos sociais, equipamentos de centros docentes, o 200 %; bibliotecas escolares, o 286 %; adquisición de material escolar, o 162 %; centros de dependentes, o 144 %; e Risga, 108 %.

Polo tanto, sabemos cales son as prioridades deste Goberno e creo que dificilmente —mantendo un nivel de investimento que está á cabeza das comunidades autónomas e con estes incrementos— pois, efectivamente, poden criticar que haxa algunha partida que quedou sen executar. Recordo que as de formación dos traballadores foron moi cuestionadas, e todos temos que darlles unha pensada a como se pode facer para que a formación dos traballadores mellore a empregabilidade dos desempregados. Pero recorden o que dixo o Tribunal de Contas en relación co sistema anterior no que se inxectaban enormes cartos que basicamente servían para financiar os axentes intermediarios, pero dificilmente conseguían mellorar a situación de empregabilidade dos parados en España, e, concretamente, en Galicia tamén.

Critican vostedes que non aceptemos ningunha emenda. Falouse de arrogancia, de que estamos en posesión da verdade, e díxosenos que eramos soberbios politicamente. Ben, eu quero relativizar o tema das emendas aos orzamentos, concretamente das emendas aos orzamentos. Porque supoño, señora Pontón, que se vostede nos ve a nós soberbios, tamén verá soberbio o alcalde de Pontevedra, que non aceptou nin unha soa emenda dos grupos da oposición no orzamento que acaba de aprobar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou supoño que tamén verá soberbio o alcalde de Vigo, que non aceptou nin unha soa emenda (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nin do Grupo Popular nin de ningún outro grupo. Ou tamén verá soberbio o alcalde da Coruña, que é das Mareas, e non

aceptou ningunha emenda de ningún grupo da oposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

E precisamente porque isto é o habitual nos orzamentos, eu non vou ver soberbia en ningunha das persoas que acabo de mencionar, nin sequera na señora Pontón. E, polo tanto, o que si quero dicir é que isto é frecuente no ámbito orzamentario, porque efectivamente é complicado facer emendas dadas as restricións que hai no propio dereito á emenda. O que si quixera é valorar as que fixemos, e nós fixemos dúas ou tres que creo que son relevantes: ampliar as partidas para bolsas de estudantes, ampliar as partidas para axudar os que sufriron danos polos incendios no mes de outubro pasado e incrementar a transparencia desta Cámara, que tamén coñecerá cando veñan as novas axencias cales son os seus orzamentos.

¿Por que non aceptamos tantas emendas como a vostedes lles gustaría? Bueno, pois hai un par de motivos. O primeiro motivo é que levamos anos rexeitando exactamente as mesmas emendas, e quero poñerlles algún exemplo. Por exemplo, desde o ano 2013 o Grupo Socialista e o BNG veñen pedindo nas súas emendas a creación dunha oficina de control parlamentario no Parlamento de Galicia. Exactamente a mesma emenda, a do PSdG palabra por palabra e o BNG a través do estado de gastos. No ano 2015, sen embargo, esta Cámara modificou a Lei reguladora do Consello de Contas e introduciu entre as funcións deste órgano a seguinte: atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación, e emitir opinión por solicitude do Parlamento ou da Xunta sobre proxectos normativos que afecten os ingresos ou gastos públicos. É dicir, xusto o que fai unha oficina orzamentaria das que vostedes piden.

Nós cambiamos a Lei do Consello de Contas precisamente para axudar a Cámara no seu traballo de control orzamentario. Vostedes piden que se cree unha oficina presupostaria unha e outra vez, nós respostamos que isto xa está feito por esta vía. Pero é que nin sequera na súa emenda propoñen corrixir a Lei do Consello de Contas, porque se se crea unha oficina presupostaria o lóxico sería quitarlle esta función a quen a ten xa, que é o Consello de Contas.

Segundo exemplo, colaboracións público-privadas. Comezamos estes debates por un erro nas contas que viñan —que se corrixe inmediatamente polo Goberno— cunha crítica moi ampla do Bloque porque se incrementaba o gasto en colaboración público-privada. Unha vez corrixido o erro, porque o ano pasado non se incrementou nin se fixo ningunha nova colaboración público-privada, pois volven co tema de que estamos privatizando. O ano pasado non houbo ningunha nova colaboración público-privada, pero é que ademais no ano 2010 pactamos co Grupo Socialista unha regulación para mellorar o control e a transparencia destas colaboracións, que no ano 2013 —a maiores— foi incluída na Lei de racionalización dentro do título dedicado ás normas de contratación pública. E despois de todos estes anos aínda nestes orzamentos seguen emendando como se non pasase nada en relación coa colaboración público-privada.

Terceiro exemplo, imposto sobre o patrimonio. No ano 2013 chegamos a un acordo co Grupo Socialista unha vez máis. Eles propuñan subir un 15 % o tipo e rebaixar o mínimo exento a 500.000 euros. Nós pactamos e votamos conxuntamente subir o tipo a un 20 % a cambio de non rebaixar o mínimo exento. E agora nas emendas deste ano tamén teiman en baixalo,

pero aínda máis, ata os 400.000 euros. Somos a Comunidade Autónoma na que máis se recada por este imposto, que é claramente redistributivo, que é unha figura tributaria moi controvertida pola súa propia natureza, e que nós xustificamos precisamente pola situación de crise que estamos a padecer, e que xa está empezando a xerar efectos votación cos pés cara a outras comunidades autónomas, nomeadamente, Madrid. Algo que os expertos no seu informe teñen en conta e que nós cremos que hai que valorar seriamente.

En definitiva, ¿que temos que facer? ¿Pactar para que despois nos digan que non pactamos? ¿Ou presentar nós as mesmas emendas e mantelas ao longo do tempo? Ou, bueno, pois manternos cunha certa coherencia cando hai unha proposta razoable, como a que aceptamos e incluimos este ano do Grupo Socialista. Cando se nos repiten aquelas ás que xa dixemos que non ou que mesmo regulamos, e que mesmo pactamos con vostedes, pois lóxicamente mantemos a palabra dada.

Ben, en segundo lugar, hai un segundo motivo que ten que ver coa imposibilidade de aceptar algunhas emendas. Para vostedes eu sei que isto ten unha compoñente política e que o que tratan é tamén de vender unha idea política de que se poden facer as cousas doutra maneira. A señora Presas —á que moito agradezo o seu traballo na Comisión 3ª— dicía que estamos nun debate político, que isto non é un debate técnico. Bueno, eu quero recordar que este é un debate político, é un debate técnico, porque estamos falando de estados contables, e é un debate xurídico, á fin e o cabo imos votar unha lei; é un debate moi amplo onde efectivamente a política ten moito que ver.

E presentan emendas con este discurso político que non poden ser aceptadas. Por exemplo, cando nos presentan emendas que o que queren é reducir canons de demanda ou pagos á Sociedade Pública de Investimentos, deixar de aprazar compromisos aprazados para pagar novos compromisos, pois evidentemente iso non se pode aceptar. ¿Por que? Porque deixaríamos de cumprir os compromisos, moitos deles que veñen de atrás, obras do Bipartito; por exemplo, nas peaxes na sombra.

Outras das súas emendas fináncianse a través da redución do gasto corrente, concretamente das partidas de gabinetes. Eu xa dixen que os altos cargos se reduciron un 40 %; o persoal eventual, un 30 %; reunións, cursos e conferencias, un 60 %; material de oficina, un 50 %. ¡Home, hai pouco que rascar!, entendemos nós.

E tamén queren financiar partidas a través de quitarlles ingresos a entes públicos, pero sen quitarlles os gastos correspondentes. Por exemplo, queren facer obras novas con cartos que están dedicados á Axencia de Infraestruturas, á Axencia de Modernización Tecnolóxica, á Axencia Galega de Innovación ou ao Consorcio de Benestar. Pero, iso si, nunca aclaran dentro destes mesmos consorcios ou axencias que gasto hai que baixar. Desta maneira, pois, ¿con que nos encontramos? Pois encontrámonos con que, efectivamente, hai decisións que son políticas, que nós adoptamos e poñemos nos orzamentos, pero que vostedes o que fan é simplemente dicir: saquen vostedes os cartos de onde queiran. ¿Por que? Porque defenden, por exemplo, investir 10 millóns de euros máis en vivenda pública —o cal é un obxectivo moi loable—, pero non din que é o que hai que suprimir da Axencia de Infraestruturas: a vía Ártabra, a ampliación da autovía do Morrazo, a conexión co polígono de San Cibrao. Non o

especifican. Nós facemos política e dicimos que hai que facer isto, vostedes din que hai que gastar 10 millóns máis, pero non din de onde se sacan.

Defende o PSdG, por exemplo, 1,5 millóns máis nas actuacións para os galegos na emigración, e sácanos das transferencias á Axencia de Modernización, pero sen especificar se estamos a quitar cartos da extensión da Internet de alta capacidade dos polígonos empresariais á historia social única electrónica ou á memoria dixital de Galicia.

As Mareas de Podemos queren investir 9,8 millóns nun plan de choque contra a precariedade. Pero a min paréceme que non é elixir politicamente non especificar se queren cancelar o Programa Oportunius de principio e que teñen impulsado a contratación de 300 investigadores, se queren deixar de financiar a mellora dos centros tecnolóxicos galegos ou cancelar o Programa Conecta Peme e deixar as pequenas e medianas empresas fóra dos programas de innovación.

E é perfectamente lexítimo que vostedes queiran cambiar o gasto, o que non é lexítimo é dicir que poñan máis gasto sen dicir de onde sae. E ese é o motivo polo que nós non podemos aceptar, en segundo lugar, esas emendas.

Sobre todo, cando nin sequera as partidas nas que incorporan o aumento están sempre xustificadas ou razoadas. Recordoulles nos debates en Comisión a miña compañeira Julia Rodríguez que o incremento que piden As Mareas no orzamento para adoptar a xestión directa dos consorcios de bombeiros é contraditorio co que levan dicindo, que os consorcios públicos de bombeiros ían ser máis baratos que coa xestión actual que fai a Xunta.

Ou como lles dixo tamén a compañeira Marta Rodríguez Arias, as emendas que introducen en materia social non dan para o que vostedes piden. Piden con 17,6 millóns de euros un total de 46 infraestruturas sociais, que como mínimo necesitarían 75 millóns de euros para a súa construción.

En educación, como tamén salientou o meu compañeiro César Fernández Gil, aumentan as retribucións do persoal sen aumentar ao tempo as partidas de cotización á Seguridade Social, co cal nos poñeríamos nunha situación de moita maior precarización.

E como detectou tamén e lles informou o noso compañeiro Aurelio Núñez, chegan a pedir vostedes partidas para a construción de centros de saúde que xa están inaugurados, como, por exemplo, o das Somozas, inaugurado no ano 2014 pola anterior conselleira de Sanidade.

Ben, nós cremos que hai que apoiar estes orzamentos. Imos facelo en contra do que se di, porque estes orzamentos — mesmo se ve polas prioridades de gasto — responden ás prioridades de Galicia. Din que non hai un plan, bueno, eu quero recordarlles que hai unha cousa que pasou por esta Cámara, que se chama Plan estratéxico de Galicia. Foi realizado por expertos do Goberno, da universidade e mesmo mellorado con algunhas das aportacións que se fixeron nesta Cámara. Estamos a cumprir o Plan estratéxico. Lean a memoria na que se ve como este orzamento se axusta ao previsto no Plan orzamento, mesmo con taxas de crecemento superiores ás que naquel momento nos parecía un obxectivo ambicioso, que era do 2,5 % de crecemento, cando estamos no 3 %.

Deste xeito, os grandes obxectivos transversais do plan —que son o impulso da innovación, o fomento do emprendedurismo e a internacionalización, a dinamización demográfica e a cohesión territorial— están recollidos nestes orzamentos. Por exemplo, co incremento do 26 % na Axencia Galega de Innovación; co crecemento do 25 % para as partidas do Igape, que financian os programas de emprendemento e de exportación; cun aumento do 8 % na área de familia e demografía, destinado a financiar programas como a Tarxeta Benvida, o Bono Concilia, o Bono Coidado ou as casas niño; e con incrementos nas grandes partidas que apoian a fixación de poboación no rural e, por tanto, a cohesión territorial: partidas como as relativas á restitución parcelaria, á modernización de explotacións ou aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios. Todo iso sumado á consolidación da política de incentivos fiscais aos investimentos no rural.

A consecuencia de rexeitar este proxecto coherente cos obxectivos do Plan estratéxico e substituílo por algunha das propostas que hoxe nos trae outra vez a oposición suporía mudar substancialmente a planificación marcada, e esa é exactamente a clase de improvisación que nós non queremos facer.

E o segundo motivo polo que cremos que estes orzamentos se axustan a un plan está relacionado co programa electoral. Porque estes orzamentos ademais de ser coherentes co Plan estratéxico, son coherentes con algo que para nós é importante, que é cumprir o que dixemos no programa electoral.

No programa electoral dixemos que iamos manter as rebaixas fiscais selectivas, e nestes orzamentos mantéñense esas rebaixas fiscais selectivas. Dixemos que iamos poñer en marcha unha estratexia para os autónomos, e nestes orzamentos está unha estratexia para os autónomos. Dixemos que iamos impulsar a intermodalidade no transporte e o impulso das sendas peonís e ciclistas, e nestes orzamentos está o impulso á intermodalidade no transporte e o impulso das sendas peonís e ciclistas. Dixemos que iamos contribuír a sanear as rías, e con estes orzamentos estamos contribuíndo a sanear as rías. Dixemos que iamos estender a teleasistencia e a hospitalización a domicilio, e con estes orzamentos estámolo a facer. Do mesmo xeito que estamos a apostar pola formación profesional, por reforzar a atención á dependencia, por incrementar os fondos para loitar contra a violencia machista, para fomentar a incorporación da mocidade ás actividades agrarias e pesqueiras, e, por tanto, todas as grandes prioridades anunciadas e mesmo tamén as pequenas; porque nestes orzamentos se recollen algúns compromisos adquiridos na campaña electoral. Por exemplo, a nova facultade de Medicina en Santiago; a conexión da vía Ártabra e a AP-9 na área da Coruña; o inicio da reforma integral do Hospital de Ferrol e do Gran Montecelo en Pontevedra; a reconversión do Hospital Xeral e a Cidade da Xustiza de Vigo; as conexións viarias do polígono de San Cibrao na área de Ourense, ou os fondos para os distintos proxectos formulados para a zona da Residencia na cidade de Lugo.

En consecuencia, hai un plan, hai un plan estratéxico, hai un programa electoral. Eu comenzo que vostedes están na obriga democrática de formular críticas e de dar alternativas, non sempre moi coherentes, porque teñen tamén que facer esa función representativa, pero permítame, para concluír, que remate felicitando o Goberno por traer a esta Cámara un proxecto de orzamentos acorde coas preferencias da cidadanía, que nos deu a súa confianza

para facer e cumprir este programa electoral, que ademais é unha confianza maioritaria. Porque Galicia cre na sostibilidade baseada no crecemento, na priorización do gasto social e na potenciación do emprego a través da formación, o apoio á internacionalización ou á innovación e o apoio ao traballo autónomo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Vou empezar polo máis sinxelo, que é posicionarnos sobre as emendas dos demais grupos, e desde o BNG, alén que poidamos manter diferenzas de matiz a respecto das propostas concretas do resto dos grupos, imos apoiar todas as emendas que presenta a oposición, porque cremos que hai un elemento común que nos une, que é a crítica a uns orzamentos que para nada son nin os mellores nin os que necesita este país.

E sobre a intervención do portavoz do Grupo Parlamentario Popular, en fin, para o señor Puy o diálogo frutífero é que os orzamentos só aproben as correccións de erros do Partido Popular nestes orzamentos, e que as máis de miles de emendas que presenta a oposición caian en saco roto. En fin, reinventan o significado da palabra diálogo e frutífero, porque isto máis ben —insisto— é unha apisoadora que non é que vote en contra das emendas da oposición, é que vota en contra de que haxa a rexeneración das nosas rías, de que haxa máis recursos para o ensino público e para a sanidade, que vota en contra de que melloremos a protección social no noso país, ou que vota en contra de que teñamos máis fondos para innovación. Isto é, efectivamente, o que vai pasar hoxe nesta Cámara.

Fixo vostede aquí unha especie de resumo desa Arcadía feliz na que ten convertido a Galiza o señor Núñez Feijóo. E é chamativo que o faga sobre algúns aspectos. Claro, nós temos uns dos salarios máis baixos de todo o Estado, pero a vostede parécelle que as cousas van ben. Temos unha situación —desde o punto de vista laboral— dunha precariedade inmensa, pero ao Partido Popular iso non lle preocupa, porque non son os salarios que teñen os seus dirixentes, que, por certo, ben que os engordaban cos sobres en B.

Ao Partido Popular tampouco parece que lle preocupe cal é a situación que temos no noso país. E, de verdade, vostede fixo mención a cal é o noso modelo municipal e facía referencia ao que estaba pasando nos concellos. O que lle podo dicir, señor Puy, é que o noso modelo non é o de Ourense, onde levan desde o ano 2014 sen ter orzamentos, (*Aplausos.*) sen capacidade de diálogo nin de acordo con ninguén. Ese si que non é o noso modelo.

Como tampouco é o noso modelo o do señor Baltar. Sinto dicirlllo, eu creo que hai unhas conversas que todos e todas escoitamos con independencia do que diga un xuíz ou a xustiza. (*Aplausos.*) Por certo, que levamos vendo durante todos estes meses como funciona a xustiza no Estado español, como para que lle rendamos pleitesía, e penso dicilo con absoluta tranquilidade, porque teño dereito a expresar a miña opinión. E máis alá do que xulgue un xuíz ou unha xuíza, hai feitos que son absolutamente incontestables. Vostedes saberán por que defenden o señor Baltar.

E en relación con algunhas das cuestións que vostede comentaba. Fixo alusión a algo que eu non dixen, eu falei dos recortes no ensino público e das privatizacións, e o que lle dicía é que nos últimos seis anos o Partido Popular pechou 64 escolas e suprimiu 450 unidades, mentres que no ensino concertado o que fixo foi crear 243.

Por certo, está moi ben que algunha vez teñan un pouco de respecto pola realidade. Entón, durante o Goberno bipartito houbo un problema, e é que o señor Fraga blindou os concertos educativos, blindounos o señor Fraga; se non miren o DOG. E fíxoo, ademais, nun dos últimos consellos, despois de perder as eleccións. Así entenden vostedes a democracia. (*Aplausos.*) Pero é que agora temos a repetición desta xogada, porque o que acaba de facer o señor Feijóo hai moi poucos meses é blindar os concertos educativos ata o ano 2023, por certo blindando as 58 unidades que segregan a nenos e nenas polo seu sexo, incluíndo financiar 4 colexios do Opus Dei.

Miren, se queren falar de micromachismos e de macromachismos, eliminen a segregación no ensino, porque iso si que é un macromachismo, (*Aplausos.*) unha anomalía democrática que non se pode permitir neste país. Vostedes recuperaron eses centros cando xa estaban eliminados, e esa si que é unha aberración, queremos falar de erradicar a desigualdade, pero logo mantemos financiando con cartos públicos centros que segregan os nenos e as nenas polo seu sexo. De verdade que non nos veñan dar leccións sobre igualdade nin sobre feminismo, porque de verdade que penso que teñen vostedes moito que rascar. En definitiva, nós o que estamos é reclamando un cambio de rumbo ante unha situación que é moi preocupante no noso país.

O señor Puy fixo tamén mención a que cumpría o Plan estratéxico que ten aprobado a Xunta de Galiza. Non sei se lle chaman cumprir o Plan estratéxico a que cando se fixaban que no ano 2014 Galiza tiña que representar o 95 % do PIB per cápita da Unión Europea, a relación é que o que estamos é diverxendo, é dicir, non só non estamos converxendo en 6 puntos coa media europea, senón que o que facemos é diverxer en 9 e que esa brecha se segue incrementando. Eu, de verdade, non sei como fan vostedes para facer as contas. O que está claro é que a quen non lle dan as contas neste país é á maior parte dos galegos e das galegas que teñen problemas para chegar á fin de mes, para pagar a factura da luz, para pagar unha gasolina, que é a máis cara do Estado, ou unhas peaxes que son unha auténtica estafa legalizada e que o seu partido está apoiando.

E logo nós tamén temos moi claro que estes orzamentos son unha declaración de intencións, porque logo, efectivamente, está a realidade. A realidade que temos é que durante todos estes anos os orzamentos tiveron moitos cambios dos que non hai un control efectivo por parte

desta Cámara, porque non hai unha oficina de control presupostario, e a modificación que vostedes fan do Consello de Contas non é equivalente a esa oficina de control parlamentario que nós propoñemos crear así. Pero, en fin, vostedes poden seguir dicindo o que queiran.

E o que estamos é moi preocupados e preocupadas polo nivel de execución que teñen os orzamentos, segundo os datos que temos, e se houbera unha oficina de control parlamentario ao mellor tiñamos máis, e por iso é polo que non a quere o Partido Popular. Segundo os últimos datos que chegaron a esta Cámara, o certo é que vemos como as consellerías máis investidoras a 30 de setembro teñen uns niveis de execución que son tremendamente preocupantes: Medio Ambiente, un 32,92 %; Economía, Emprego e Industria, un 23,89 %; Medio Rural, un 34,37 %; e a Consellería do Mar, un 31,35 %. Pero é que nos están dicindo máis, estannos dicindo que os investimentos reais e as transferencias de capital a 30 de setembro tamén teñen un nivel de execución no que a maior parte do orzamento segue sen investirse; 35 % de investimentos reais e o 29,42 % nas transferencias de capital.

E temos, eu creo, outras partidas que é para que nos salten as alarmas a todos e a todas. A Consellería do Medio Rural, que esta ía ser a lexislatura do medio rural, resulta que no programa de fixación de poboación no medio rural só executou un 6,26 % do que tiña previsto. Modernización e diversificación do tecido produtivo do rural, un 33 %; fomento do asociacionismo agrario, un 2,7 % de execución. E así poderíamos seguir con outras moitas.

Por exemplo, podemos falar de como prioriza o apoio á conciliación da vida laboral e persoal, un 5,59 % de execución dun orzamento que só é 1,2 millóns de euros, é dicir, que vostedes tamén chegan aquí demostrándonos que este é un goberno que non funciona a todo gas durante todo o ano, que acumula..., que non executa todo o orzamento, que hai modificacións moi importantes no orzamento que chegan con moito atraso e con falta de transparencia a esta Cámara, e que, en todo caso, tampouco están cumprindo o proxecto orzamentario que nos presentan nestes orzamentos.

Nós desde o BNG lamentamos —e lamentámolo con sinceridade— que non haxa vontade de modificar nin unha soa coma duns orzamentos que son moi mellorables, duns orzamentos que consolidan recortes, que non van atallar as desigualdades e que seguen incidindo nun modelo que é o modelo da desigualdade. Lamentablemente aquí crese que como se ten maioría se ten a verdade absoluta, e eu lamento que hoxe os cidadáns de Galiza non teñan nesta Cámara un exemplo de que podemos chegar a acordos en aspectos que sexan importantes para mellorar a sanidade, a educación, a protección social, as medidas de conciliación, e que a única mensaxe que lanza o Partido Popular é a da prepotencia e a da arrogancia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para fixar a súa posición sobre as emendas dos outros grupos, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

A verdade é que hai algunhas cuestións que me gustaría destacar nesta segunda e última intervención sobre este tema, basicamente de dous tipos. Falamos dalgunhas cuestións empíricas, por exemplo como fixo tamén a portavoz do BNG na cuestión dos niveis de execución. Claro, hai partidas que xa sabemos que teñen un compoñente moi elevado de gastos de persoal, que o normal é que teñan un nivel de execución altísimo. Hai partidas ou programas que son reforzados ao longo do exercicio con financiamento específico e que, por tanto, van plantexar un nivel de execución en relación cos créditos iniciais moito máis elevado que o que aparece, pero a nós o que nos preocupa é onde aparecen déficits moi notables entre aquelas necesidades de gasto que forman parte das urxencias dunha sociedade ou dunha economía e os niveis de execución moi baixos por parte da Xunta de Galicia.

Cando vemos que intermediación e inserción laboral ten un nivel de execución no ano 2016 do 6 %, por exemplo, cando a mellora na cualificación do emprego ten un nivel de execución no ano 2016 dun 17 %, ou cando o desenvolvemento sostible das zonas de pesca ten un nivel de execución no ano 2016 por debaixo do 29 %, isto chámamos considerablemente a atención, sobre todo cando vemos tamén que a 30 de setembro do 2017 non só aparecen insólitos niveis de mínimos de execución nestas, senón tamén noutros programas que teñen unha enorme importancia, e que poderíamos relatar. É dicir, hai un déficit de xestión na Xunta de Galicia moi palmario que queda de manifesto nestas cifras que estamos indicando.

Segunda cuestión importante, na que antes non tiveron tampouco oportunidade de determe. Acaba de publicarse o último dato da estatística de mobilidade en fontes tributarias, que utiliza a Axencia, que publica o Ministerio de Facenda español, a Axencia española, a Administración tributaria, e a verdade é que dá unha información bastante exhaustiva de como é a mobilidade no conxunto do territorio. No caso de Galicia, parece que as saídas laborais son moi superiores ás entradas, polo tanto hai un saldo neto de expulsión en relación con outras áreas españolas e a que recibe a maior parte destas saídas é a Comunidade de Madrid.

E isto conecta con algo que dicía antes o portavoz do Partido Popular. Efectivamente, pode ser que a competencia fiscal entre comunidades teña algo que ver con isto, así o pon de manifesto un recente estudo publicado en Fedea por un par de profesores que indican que hai unha mínima, pero si perceptible, sensibilidade da mobilidade a factores de carácter fiscal e que efectivamente benefician a Madrid.

¿Que é o que dicimos nós? O señor Montoro, ministro de Facenda, creou unha Comisión de Expertos para a Reforma Fiscal, non do financiamento autonómico, xa hai algúns anos, que entregou unhas conclusións e que a continuación o señor Montoro esqueceu, porque nese informe da comisión de expertos se poñía de manifesto a necesidade de facer, no caso da imposición sobre a riqueza, un mínimo tributario para o conxunto do Estado español xustamente para harmonizar a tributación e evitar que se produciran estes efectos de desprazamentos de votación cos pés que podían contribuír a polarizar máis o crecemento económico español.

A Comisión de Expertos do Financiamento Autonómico en xullo pasado pois puxo de manifesto algo parecido en relación co imposto de sucesión e doazóns. Entón a cuestión é —isto está, é coñecido pola Administración central, que é quen pode facelo dende hai tempo— que

o que ten que facer é poñerse á obra: harmonicemos minimamente estes impostos ao mesmo tempo que debemos modernizalos sensiblemente, porque son impostos que teñen un déficit de regulación moi notable, e reduzamos este problema, se non o eliminamos totalmente. Porque o certo é que cando poñemos en consonancia estes datos con algún outro importante, recentemente se publicaba a cifra rexionalizada de creación de empresas en España, e había unha constatación moi sensible en relación con Cataluña: caía a creación de empresas en Cataluña pois un 14 % no último ano, pois era un efecto del *procés*. É dicir, a inestabilidade introducida polas institucións catalás nos últimos tempos afectaba de forma moi singular a Cataluña e facía que houbera un retroceso na creación de empresas: outubro de 2017 sobre outubro de 2016 un 14 %.

Claro, o curioso é que en Galicia ese mesmo retroceso foi maior, foi do 15 %. Un retroceso dun 15 % sen *procés*, nin nada parecido, senón nun contexto que vostedes presumen de estabilidade política, que é verdade, e polo tanto temos que dicir que é un efecto puramente económico. Saída laboral de persoas que traballan constatando en fontes tributarias menor creación de empresas, moita menor creación de empresas no último ano, e, polo tanto, unha dificultade de carácter económico que está contribuíndo a unha maior polarización do crecemento nas áreas españolas. E isto conecta con algo moi importante, conecta co que está ocorrendo cos investimentos da Administración xeral do Estado, que non forman parte do orzamento pero que teñen un efecto directo sobre as condicións de competitividade da nosa economía. Na medida en que non hai unha aposta tan nítida por parte da Administración xeral do Estado, estanos afectando a capacidade do crecemento a medio e longo prazo da economía de Galicia, porque afecta as comunicacións das empresas que eventualmente se poden crear aquí e as malas noticias neste terreo, como por exemplo en relación co corredor ferroviario de mercancías ou outro tipo de conexións, que afectan, sen dúbida, estas decisións.

Segunda cuestión que me interesa destacar, tamén se falaba de que non aceptaban as nosas emendas porque algunhas tiñan incorreccións, pois pode ser, pero aí hai unha certa brétema que tapa a realidade de fondo. Hai moitas emendas que nós presentamos, e os outros grupos tamén, que non teñen incorreccións e tampouco son aceptadas. Polo tanto, a realidade de fondo é que hai unha decisión previa por parte do Grupo Popular, ou da Xunta de Galicia, de non aceptar ningún tipo de corrección ás súas contas, aos seus estados de gasto, por considerar que iso é mellor en termos políticos; e hai esa decisión previa e non hai nada que facer.

A nós preocúpanos, nese sentido, que non se corrixa suficientemente a fenda social que hai no noso país e, en concreto, en relación coa mocidade, á que lle damos moita importancia. O programa de garantía xuvenil que figura tradicionalmente nos orzamentos é un fracaso absoluto, e o programa de garantía xuvenil é unha das principais apostas que tivo a Xunta de Galicia neste terreo.

¿Funciona ben o noso sistema educativo formal? Si. ¿Estase reforzando a formación profesional? Tamén, hai que dicilo así, tamén, sen dúbida, nós aquí non detectamos ningunha anomalía. ¿Funciona ben a formación profesional dual? É extremadamente insuficiente e merecería unha reflexión de como modificar a súa regulación. ¿Funciona ben a pasarela entre o sistema educativo, incluso aquel máis volcado para o emprego, e o mercado laboral? Non funciona ben, e aquí é necesario facer moito máis, por iso que teñamos un fracaso tan ab-

solutos nos programas da iniciativa de garantía xuvenil e outros pois é algo que debería levarnos a unha reflexión máis profunda. E estes son o tipo de cuestións que é preciso corrixir a través dos orzamentos da Xunta e que na nosa opinión pois non sucede así, o que levan a que manteñamos, sen dúbida, a nosa oposición inicial neste tema, que é unha posición negativa en relación con estes orzamentos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, para fixar a súa posición sobre as emendas dos outros grupos, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señorías.

Señoras e señores, convidadas e convidados.

Comezou antes o voceiro parlamentario do Partido Popular cunha alusión en relación coa situación procesual de Baltar, que —efectivamente— ten arquivado o seu caso a nivel penal por un tema de acoso sexual.

É certo que os tribunais non viron delito penal nas súas actuacións, pero sabemos tamén que a irrelevancia penal dun asunto non significa a súa conformidade conforme os valores éticos. O dereito penal réxese, como non ignoran nesta Cámara, polo principio de intervención mínima, é dicir, o dereito penal soamente se ocupa polas lesións máis graves, os bens máis valiosos, nese caso tamén o ben e o valor liberdade e o valor igualdade das mulleres. Se o xulgado considerou que a lesión non é tan grave como para merecer un reproche penal, non significa que iso non mereza un reproche de carácter ético, á marxe do reproche penal.

Isto é unha tribuna, unha tribuna parlamentaria, non un tribunal; estamos no ámbito político, non no ámbito penal, e, polo tanto, as responsabilidades que aquí podemos exixir son de carácter político e non penal. Algunha diferenza haberá entre unha cousa e outra, se non non habería marxe para a discusión política.

De feito, é un erro aínda frecuente nos días de hoxe pensar que soamente hai unha lesión contra a igualdade, e que soamente hai condutas machistas cando existe delito, e isto é un erro moi grave. As condutas penais —e na súa reflexión máis execrable no ámbito do machismo— ou os crimes machistas non son máis que a punta do iceberg de toda unha situación de desigualdade estrutural na nosa sociedade, é a punta do iceberg e o definitivo é o cambio cultural. Un cambio cultural que ten que darse no conxunto da sociedade, que non pode arroupar manifestacións machistas aínda que non teñan relevancia penal. E iso é o que nós queremos significar desde a tribuna, o que quixemos significar como grupo parlamentario. O Partido Popular non pode arroupar a conduta de Baltar aínda que non sexa un ilícito penal, porque do contrario estamos creando un marco, consolidando un marco —por desgraza existente desde tempos inmemoriais— onde a hexemonía cultural dos valores dun

heteropatriarcado, que fai de menos as mulleres polo simple feito de selo, se siga perpetuando. Non é o mesmo que non exista delito que sexa unha conduta eticamente aceptable.

Dicía Mario Benedetti, nun coñecido poema: «*Oh marine, oh boy, uno de tus grandes problemas es no saber diferenciar los verbos ser y estar, para ti todo es to be...*»

Nós estamos seguros de que para o señor Puy e para o Partido Popular non todo é *to be*, saben diferenciar perfectamente os verbos ser e estar e saben diferenciar o delito machista da conduta machista aínda que non sexa delito. Por esa razón non lle vou facer pasar ao señor Puy nin a ninguén do Partido Popular o mal trago de que suba a esta tribuna a ver se ratifica a conduta e as palabras do señor Baltar. (*Aplausos.*)

Porque estou seguro de que non o farían, porque estou seguro de que o señor Puy e a maior parte, por non dicir a totalidade —digo a totalidade— dos membros deste Grupo Parlamentario Popular teñen outra ética e teñen outro sentido da igualdade e de loita contra o machismo diferente da do señor Baltar, por iso ninguén subirá a esta tribuna a defender o señor Baltar, porque a súa conduta é indefendible desde o punto de vista da igualdade. O señor Martín, se quere, terá opción de subir aquí a defendela.

Dito isto —que non era unha desviación do tema, porque forma parte do que estamos falando aquí precisamente, a dotación de fondos orzamentarios para a loita pola igualdade e contra as violencias machistas, calquera que sexa a súa manifestación e aínda que non teñan relevancia penal—, seguimos adiante.

Falou o señor voceiro parlamentario do Partido Popular do Plan estratéxico 2015–2020. Non fai falta máis que facer unha pequena memoria para acudir ao Plan estratéxico 2009–2014 para ver en que quedaron esas previsións. Imos facer referencia simplemente a dúas, a primeira delas as propostas de investimento en I+D+i, é dicir, innovación, desenvolvemento e investigación, e das que se prevían pasar dun 1 % a chegar a un 1,4 %, e remataron nun 0,89 %. Poderíamos falar tamén da poboación empregada, da que se falaba dunha previsión superior ao 65 % e resulta que se rematou e a día de hoxe non estamos nin sequera no 58 %. Cremos que esa simple alusión, esa simple referencia ao Plan estratéxico, non nos chega, porque realmente está disimulando unha desviación que non é quen de ser corrixida por uns orzamentos que non se preocupan da xente, que non se preocupan dos dereitos e das necesidades das maiorías sociais.

Dixemos —e a nós parécenos que é o que máis preocupa á mocidade— que o que máis preocupa ao conxunto da sociedade neste momento é o emprego, e con relación ao ano 2009 teñen unha previsión orzamentaria de 230 millóns de euros menos. E neste ano, soamente neste ano, en 2018 con relación a 2017, 1,5 % de euros menos, ademais de que —e xa o dixemos antes— se deixaron sen executar máis de 54 millóns de euros en políticas de emprego, ¿para que serve que os orzen se logo non os executan? Simplemente para poder intentar dar o titular de que fan algo. ¡Non, pois non fan nada!, porque se os deixan sen executar non están facendo nada.

A nivel de xustiza social non se garanten dereitos básicos con estes orzamentos cando se están reducindo con relación a antes da crise, esa crise da que vostedes falan que está su-

perada e que nós mantemos que non está superada; estará superada a recesión económica, pero non a crise, porque a crise foi a perda duns dereitos que aínda non recuperamos a día hoxe, e non recuperamos porque despois de dúas reformas laborais os traballadores e as traballadoras perderon dereitos que non recuperaron, porque hai 200.000 persoas menores de 35 anos que nos últimos dez anos saíron ao estranxeiro ou a outras partes do Estado para buscar traballo, as oportunidades que aquí se lles negaron. Non marcharon voluntariamente, son exiliados económicos porque non tiñan forma de ter unha expectativa de futuro razoable no seu propio país.

¿E que fai a Xunta de Galicia?, pois reducir as partidas para o ano 2018 con relación a ese momento inicial, pero tamén incluso con relación ao propio 2017, por exemplo nas partidas de industria e fomento das actividades de carácter económico. ¿Que expectativa para esa mocidade emigrada? ¿Que expectativa de políticas de retorno? ¿Como funcionaron ata agora as políticas de retorno que vostedes impulsaron? Non funcionaron, simplemente porque non se ocuparon da xente que está emigrada, porque lles resulta máis cómodo que a xente nova estea fóra que que estea aquí.

Tampouco se preocuparon e tampouco se preocupan de atender un territorio asolado polos lumes. E non acaban de asumir que a cuestión non é só forestal, é unha cuestión de integridade territorial. E ata que iso non se asuma non haberá solución. Mentres vostedes pechen escolas e desmantelen servizos no rural, a xente marchará do rural, e se non hai xente no rural non haberá quen teña conta do territorio, non haberá quen o poña en valor e, polo tanto, seremos pastos de sucesivas devoracións polos lumes. En vez de facer iso, non se ocuparon de forma significativa disto.

En Galicia, desde que vostedes gobernan, segue habendo unhas políticas de emprego que non dan resposta a eses 144.000 empregos menos que no ano 2008. Non dan vostedes recuperado as oportunidades para 71.000 persoas desempregadas máis que antes da recesión. Non deron conta aquí deses 62.000 fogares con todos os seus membros en paro, con todos os asalariados perdendo poder adquisitivo, un 8 % de media, e os máis precarios ata un 25 % dos seus salarios reais. Unha cousa que en termos totais, entre persoas asalariadas en relación coa súa calidade de vida, acada a cifra de que un de cada tres asalariados galegos é un traballador pobre. A xente que pode traballar, que ten a oportunidade de traballar, traballa, e non sae de pobre.

Nós entendemos que estes orzamentos consolidan unhas políticas de desigualdade, unhas políticas de desigualdade que xeran na poboación desesperanza, que xeran resignación. Creemos que é unha política que, ao final, é unha política que se basea en seguir xogando co medo da xente: o medo ao paro, o medo á inseguridade, o medo a ter que emigrar, o medo a unha perda duns servizos esenciais na sanidade, na educación, nas pensións, nas prestacións sociais, na calidade de vida, na calidade asistencial, no benestar. En definitiva, unha perda de oportunidades de futuro.

Creemos que queren que nos resignemos, cremos que vostedes queren que nos conformemos con todo este escenario. Un escenario do máis absoluto separatismo, porque separa a xente dos dereitos, dos dereitos esenciais de carácter básico da nosa poboación, do noso país, á que vostedes non teñen dereito a separar, e da que non se están ocupando.

Vimos unha serie de ausencias no máis indispensable, en materia de política social e en materia de benestar, que non podemos aceptar. Por iso nós, estando de acordo substancialmente coa estratexia político-económica dos outros grupos da oposición, apoiaremos as súas emendas, porque entendemos que, a pesar de que existan puntos de discrepancia, existe un punto en común na necesidade de facer unha política económica e unha política social alternativa, que teña conta das maiorías sociais, que se ocupe de garantir uns dereitos básicos, uns servizos sociais, un dereitos sociais para o conxunto da poboación, polo menos para atender o máis indispensable; algo do que non se está ocupando nestes momentos o Partido Popular.

Non hai unha estratexia de atención integral nos casos de pobreza extrema, nos casos de pobreza e exclusión social, no caso de igualdade de oportunidades, e entendemos que toda esta situación non pode ser sostida por máis tempo. E por iso desde En Marea rexeitamos unha vez máis —témolo que dicir— a proposta económica da maioría parlamentaria e apoiaremos a proposta económica do resto dos grupos da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular, para fixar a súa posición sobre as emendas dos outros grupos, o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Permítanme que faga unha digresión. Eu o último que espero nun debate orzamentario é atoparme con ter que dar respostas a determinadas cuestións. O acoso sexual, o hai ou non o hai. Se o hai é delito, e se non o hai non é delito. Polo tanto, se non hai acoso sexual non se pode chamar a alguén «acosador sexual». (*Aplausos.*) Quen o fai está difamando. E ademais o Grupo Popular —que moitas veces vostedes nos dan tamén clases de ética— sobre comportamentos privados individuais non vai facer xamais xuízos de valor. Vostedes son os inquisidores, e cando queda demostrado que non hai algo, pois din que algo queda, seguen dicindo e tal e cal. Nós entendemos que esa non é forma de facer política, e non o imos facer nunca. (*Aplausos.*)

Ben, vou dar algunhas respostas. Eu traía algunha conclusión do informe do Foro Económico de Galicia, que di que a economía galega mantén por oitavo trimestre consecutivo unha taxa de variación interanual igual ou superior ao 3 %; Galicia como España presenta unha achega positiva tanto de demanda interna como da externa, sendo a primeira quen determina en maior medida o crecemento neste terceiro trimestre; dende o punto de vista da oferta, todas as ramas da actividade presentan taxas de variación positivas; o mercado de traballo galego presenta un comportamento razoablemente positivo en termos cuantitativos atendendo a evolución dos tres indicadores de ocupación e os dous de desemprego considerados.

Todas estas cousas, que, en fin, son o que está detrás, fanme recordar outra anécdota, de cando Carlyle leu a Malthus e dixo: «A economía é a ciencia lúgubre.». Eu despois de escoitar os discursos de En Marea e do Bloque, pois comprendo a Carlyle, e a verdade é que dá ganas de chorar o país que vostedes describen, que non é o de verdade, afortunadamente. E iso sábeo ben a cidadanía.

Vamos ver, saneamento de rías. A ría de Ferrol pasou de zona C a zona B, pódese facer a venda directa. ¡Algo fariamos!

Fálase de salarios, e díxose literalmente que os salarios en Galicia eran os máis baixos de España. E hoxe mesmo publica o INI os salarios, o custo laboral por traballador e mes, e Galicia é a novena comunidade autónoma, con 2.258,41 euros. Ten por detrás a Castela e León, Castela-A Mancha, Andalucía, A Rioxa, Comunidade Valenciana, Murcia, Canarias e Estremadura. ¿Como pode dicir que temos o salario máis baixos de España, señora Pontón, cando a verdade está publicada?

Leccións de igualdade non imos dar; o que si imos facer sempre é criticar todos os micro-machismos, veñan de quen veñan. Eu creo que reconducir un alcalde que bromea sobre a súa lideresa da oposición pois non é o máis axeitado. Nós criticaremos sempre a todos.

Certamente, a converxencia con Europa caeu. E se vostede non é consciente de que, pese a que caeu a converxencia con Europa, Galicia converxeu con España, pois é que non entende ben o que pasou na crise. Porque a crise en España foi específica como consecuencia dunha burbulla inmobiliaria que se inflou desde os anos 2000, os últimos anos de Aznar, e sobre todo co Goberno de Zapatero, cuxos orzamentos vostedes apoiaron moitas veces tamén nesta cuestión, e participaron desa política económica. Si, señora Pontón, e dende a Xunta tamén cos orzamentos que fixeron nos anos 2006 a 2009. Polo tanto, é certo que converxemos máis con España e que non converxemos con Europa. E precisamente estes orzamentos o que pretenden é seguir medrando, seguir converxendo con España e, en definitiva, seguir converxendo con Europa.

Crise social. Eu xa dixen varias veces que, efectivamente, algo se deteriorou no índice de igualdade. Sen embargo, Galicia, cun 0,29 —e estou citando as enquisas oficiais do IGE e de Eurostat—, é aínda unha sociedade moito máis igualitaria; está lonxe da desigualdade que hai na media europea, 0,31, e sobre todo na española, 0,35. ¡E algo teríamos que ver con iso! Particularmente coa execución dos orzamentos. Xa dixen antes que se non se executaron algunhas partidas foi porque se executaron outras, e mencionei concretamente as relacionadas co gasto social: Sergas, 109,5; Axencia de Servizos Sociais, 102; Equipamentos de centros docentes; Risga, 108 %, etc. Eu estou seguro de que en Galicia a igualdade non se deteriorou tanto como en España, entre outras cousas, grazas á aposta clara polas políticas sociais deste goberno, que mantén nos orzamentos que hoxe imos aprobar.

Certamente, un pode poñer outros modelos, eu non sei. Hai un concello que creo que gobernan as mareas —e xa por respecto institucional non vou dar o nome—, pero creo que ten sen utilizar 5.700 horas ao mes para axuda ao fogar, que paga a Xunta, e que non as executa. O concello só prestou un terzo do tempo asinado para este plan. É dicir, a Xunta fináncialle 8.930 horas e deixa 5.700 sen financiar, cando llo pagan. A pesar de que hai 123 persoas en lista de espera. Ben, pois isto seguro que non contribúe á igualdade.

Fálase de nivel de execución. A Xunta o ano pasado o 75 % no investimento. Os concellos, os principais, por orde de tamaño: o 29 %, 22 %, 31 % e o máis importante de todos o 30 % de execución. Pois non saberemos xestionar, pero cando un executa o 30 % e o fai moi ben,

porque ten maioría absoluta no seu concello, pois que me critiquen que eu executo o 75 % —eu non, a Xunta—, pois a min paréceme chamativo cando menos.

Faláronse de máis cuestións. Eu quero recordar que o informe de expertos ao que se fixo alusión cando se falaba de financiamento autonómico, que dicía que debía haber algunha converxencia nos tributos cedidos, foi anterior a que, por exemplo, se suprimira o imposto sobre o patrimonio. En fin, cambiaron moito as cousas, o imposto sobre o patrimonio, é dicir, sobre a riqueza, quen o suprimiu foi un Goberno socialista. Cousa que eu nunca entendín nin en termos de socioloxía financeira, nin en termos de política económica, nin en termos de financiamento autonómico, nin en ningún termo, pero é unha das cousas que despois deron marcha atrás e tiveron que recuperar.

Sobre presión fiscal tamén se ten falado moito. Eu como sei que ademais moitas veces hai debates que se xeran e nos fan pensar: oia, vostedes teñen unha presión fiscal máis baixa que a media da OCDE, etc., ¿non? Ben, eu quixera que simplemente puxeran en relación algunha vez —tamén para percibir cal é a situación— a presión fiscal e o crecemento de cada un dos países. Por exemplo, a maior presión fiscal da zona euro tena Francia, e Francia chega ao 47,6 % como porcentaxe do PIB e crece un 1,2 %. Quen a ten máis baixa é Irlanda, ten unha presión fiscal total do 23,8 %, pero está crecendo ao 5 %. Francia dixen, ¿non? E se buscamos Italia, o 42,9 %, e crece o 0,94 %. Efectivamente, un colle outro exemplo dun país que está crecendo moito, Eslovaquia, 32,4 %, pero crece o 3,34 %. Nós, en España temos unha presión fiscal, que a primeira vez que baixa segundo ese informe é este ano, no 34,1 %, e estamos crecendo o 3,34 %.

Eu non vou dicir que haxa unha relación entre menor presión fiscal e maior crecemento. Pero isto si que lles dá unha pista de cales son as prioridades que pode ter cada goberno nas circunstancias actuais co nivel de desemprego que ten a economía española. Eu non sei se subindo os impostos sobre a renda das persoas físicas —que é distinto, máis alto en Francia que en España—, se subindo o imposto sobre as vendas — que é máis alto en Francia que en España—, se subindo os impostos especiais —que son máis altos en Francia que en España— ou subindo o imposto de sociedades —que é máis alto en Francia que en España—, imos conseguir crear máis emprego. Eu son un defensor de que «os impostos» —como dicía Oliver Wendell Holmes— «son o prezo da civilización», pero imos facer política económica e imos conseguir baixar o paro de onde o temos, que esa é a nosa principal prioridade.

Falouse da creación de empresas, que se crean poucas empresas. E eu quero tamén recordar que o que é importante no mundo das empresas neste momento é o tamaño. Creo que hai poucos analistas que digan que un dos principais problemas da economía galega e da española é que as empresas non teñen tamaño ou dimensión para innovar e para exportar. Entón, efectivamente, créanse menos empresas, pero, sen embargo, estamos falando de que gañan tamaño. E hai uns bos datos de fusións de empresas, as compras corporativas disparáronse este ano, ata o mes de setembro con corenta e tres operacións pechadas. E con iso estamos pensando que iso é o que di tamén o Foro Económico de Galicia no seu informe sobre as exportacións, de que non só estamos exportando máis senón que cada vez hai máis empresas exportadoras, pois é un bo camiño para continuar crecendo.

Os datos de saídas e de entradas de poboación. Eu quero simplemente dar o dato: emigracións 2009-2016, 237.000 persoas. Este foi o dato que se nos deu por parte da portavoz do Bloque, que omitiu inmigracións 2009-2016, 257.000 persoas. É dicir, un saldo positivo de 20.000. E tamén disto habería que falar —e hoxe en dez segundos non dá tempo—, pero simplemente quero dicir que cando se dá un dato hai que dar o contrario.

Señorías, dixo o portavoz socialista que era partidario de recompoñer o contrato social. E nós creo que esta frase que non é exclusivamente del nin miña, é unha frase que reflicte bastante ben cal é a intención do Goberno, e os resultados creo que están a camiñar nesa dirección. Nós imos continuar apoiando uns orzamentos que favorecen o crecemento, que favorecen o emprego e que contribúan a reforzar o contrato social. E pense, cando di que quere reforzar o contrato social, señor portavoz socialista, quen é o que está a intentar rachar o gran contrato político que permite o contrato social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

Pasamos ao debate do articulado.

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Xa que hoxe parte deste debate orzamentario vai sobre xustiza e inxustiza, eu tamén quero que as miñas primeiras palabras nesta quenda respecto do articulado vaian para expresar en nome do Bloque Nacionalista Galego, aínda que é triste, o alivio que sentimos cando se confirmou que a Audiencia rexeitaba a petición de Baltar, e dunha fiscalía, na que non hai separación de poderes, cando tentaron acosar e perseguir xudicialmente a vítima. (*Aplausos.*) Unha vítima da que desafortunadamente se garante tan pouco a privacidade dela neste país que todos sabemos o seu nome e a súa cara. Pero a ela, do mesmo xeito que se fixo a respecto de todos os casos que foron saíndo en Hollywood ou do recente caso da Manada, nós queremos dicirlle: nós, si, crémoste.

Ben, e centrándome xa no debate da cuestión —que vexo que deste lado se alporizan, outras veces non o fan tanto cando se escoitan outro tipo de barbaridades aquí— pois, señorías, hoxe conclúen dous meses de tramitación orzamentaria durante os que o Goberno galego se dedicou a insistir en trasladar que este proxecto de orzamentos para o 2018 eran o da consolidación da recuperación. «Consolidación da recuperación», dime de que presumes e di-reiche de que careces. Un relato absolutamente tendencioso e autocompracente, moi adobado pola política propagandística, pero que se afasta da realidade na que vivimos os galegos e galegas. Que nos deixaron despois das políticas practicadas durante a crise económica unha Galiza absolutamente máis desigual.

O apartado que nos toca debater hoxe, o articulado, ten unha importancia fundamental; non deixa de ser o esqueleto que sustenta a política económica do Goberno. E a súa análise demostra que, por moito que as contías se acheguen aos niveis precrise, vostedes non teñen nin a máis mínima intención en facer que as políticas nas que eses orzamentos se concretan retomen esas prioridades que foron apartadas coa coartada da crise socioeconómica.

Os titulares din unha cousa pero, desde logo, a análise do conxunto do articulado, que ten normas de importancia capital, camiñan en dirección contraria. Son a letra pequena dos orzamentos, e un ano máis caracterízanse polo continuísmo e pola falta de vontade e ambición política. Caracterízanse por nin a máis mínima medida ou marxe para superar o difícil contexto que levan alimentando durante case máis dunha década coas súas políticas submisas e de cumprimento do déficit. Polo tanto, a pesar dun marco macroeconómico de crecemento e maior dispoñibilidade de recursos pois observamos con desalento que estes orzamentos son os da carencia dun proxecto para o desenvolvemento económico e de cohesión social, e tamén a falta de vontade para compensar e blindar o dano feito aos servizos públicos básicos. Polo tanto, ¿aumentan os orzamentos? Si. Pero ¿mudan as prioridades políticas para corrixir esas consecuencias que nos levaron a unha Galiza máis desigual? Pois radicalmente non. E se a consolidación que pregoan é o camiño da desigualdade, pois, desde logo, a nós non nos vale. Polo tanto, máis recursos e o mesmo marco regulatorio entendemos que son insuficientes.

Por iso desde o nacionalismo galego rexeitamos este articulado e presentamos 34 emendas, das que o Partido Popular non aceptou nin a primeira. E isto é moi grave, primeiro, porque demostra a incapacidade do Goberno para dialogar máis que consigo mesmo. Do BNG aceptaron cero, pero é que dos demais grupos da oposición, de máis de duascenas propostas en total, pois a verdade é que collen todas nos dedos dunha man, xa nin sequera entre as dúas. E isto moi grave non deixa de selo porque no fondo o que quere dicir é que van aplicar as mesmas fórmulas, e as mesmas fórmulas vannos levar aos mesmos resultados. E iso é un problema. Porque ¿cal é o resultado a estas alturas? O resultado das fórmulas do Partido Popular pois é que, efectivamente, temos unha Galiza máis desigual.

¿Saímos da recesión? Si, saímos da recesión. Pero iso ¿con que resultado?, ¿cal é a diagnose da Galiza que temos hoxe en día? Pois entendemos que é profundamente preocupante; hoxe a fenda entre a parte máis alta e máis baixa da distribución da riqueza é cada vez maior. Temos no noso país máis de setecentas mil persoas que viven con menos da contía dun salario mínimo interprofesional. Ao mesmo tempo, a luz e os carburantes soben e soben. Só nun ano o IPC incrementou un 1,8 % por riba da media estatal.

E, miren, se en 2008 o salario mínimo interprofesional estaba nos 600 euros, pois no 2017 temos que en 707 euros; un incremento que non chegou ao 15 %. Agora mesmo, desde Madrid, o señor M. Rajoy véndenos que igual soben un 4 %, e suponse que aquí temos que aplaudir coas orellas, coma se iso fora compensar nin sequera —que son uns 20 euros ao mes— o incremento que temos en algo tan elemental como a gasolina ou a electricidade. Desde logo, nós demandamos propostas neste articulado para xerar un marco político que nos permita ter máis peso político, máis capacidade de exixir outras mudanzas desde o Estado. Poderíamos poñer máis exemplos porque, desafortunadamente, sobran evidencias de

que en decembro de 2017 temos unha Galiza tremendamente fragmentada por esta desigualdade social, mentres vostedes viven ancorados na máis triste autocompracencia.

Por iso as e os nacionalistas, que rexeitamos de plano este articulado, presentamos diversas emendas para reflectir unha alternativa política para sumar máis recursos e exercer ambición política, para conseguir unha Galiza máis xusta. Mediante estas propostas —das que sintetizarei as que nos parecen máis relevantes— apostamos sen fisuras por dar un cambio de rumbo que centramos en tres aspectos fundamentais: en primeiro lugar, blindar os servizos públicos e o gasto social; en segundo lugar, traballar pola recuperación e a calidade do emprego público; e, en terceiro lugar, por afondar por unha maior transparencia.

En primeiro lugar, con valentía pensamos que debemos legislar sen complexos para blindar os servizos públicos e o gasto social. De aí a nosa emenda número 3 ao artigo 9, Adecuación de créditos. Este é un artigo a cuxo espírito nos opoñemos de raíz, porque é o artigo que dá prioridade á imposición do déficit que marcan en Madrid fronte ás necesidades que ten Galiza. É un artigo non só antisocial senón tamén antiautogoberno. E demandamos por iso o compromiso mediante a nosa emenda de que, cando menos, todas as alteracións que se poidan facer en aras deste equilibrio económico-financeiro imposto non teñan que afectar en ningún momento as minoracións daqueles créditos que son dos servizos públicos básicos. Comprometámonos, polo tanto —entendemos que é o momento—, a blindar gasto en elementos como a sanidade, o ensino, os servizos sociais ou a dependencia. Establezamos prioridades non só nas palabras senón tamén no articulado destes orzamentos. Porque se acabou a crise, pois entón terá que acabar esa lousa do eufemismo do «equilibrio económico-financeiro». Xa que moito nos queixamos duns servizos que están infradotados, porque teñen a consecuencia do peso pluma que ten o señor Feijóo no sistema de financiamento autonómico, pois cando menos comprométanse vostedes a non minorar en ningún momento, baixo ningún concepto, ningún destes servizos elementais.

Doutra banda, presentamos tamén emendas como a 21, referida á cuestión das colaboracións público-privadas, na mesma liña de salvagardar os nosos servizos básicos como servizos públicos. Con esta emenda queremos impedir que o recurso a estas colaboracións continúe deixando os nosos servizos en mans cada vez máis privadas. Porque o abuso destas prácticas leva a baleirar a función da administración, a comprometer a Facenda galega, a comprometer as decisións políticas e económicas de xeracións vindeiras e a hipotecar o seu carácter público. Para mostra un botón: a recente Conta xeral do Sergas a respecto do 2015 certifica como nese orzamento a sanidade incrementaba os seus recursos nun 0,3 %; porén, o gasto orzamentario derivado da actividade concertada incrementouse en máis de douscentos millóns, un 0,9 %; é dicir, que medrou tres veces máis o gasto concertado que o gasto público. Iso é unha evidencia da perda do carácter público.

Por iso propoñemos que na vixencia desta lei non se poida recorrer a este mecanismo para financiar servizos públicos elementais. Non é suficiente que non aumentaran durante o exercicio presente estes recursos, senón que queremos un compromiso non só para que non haxa máis no futuro senón tamén para cuestións concretas. Como que os contratos e concesión de obra pública deban modificarse coa finalidade de que en ningún caso o canon satisfeito supere o que custaría á propia administración levar a cabo esa obra, para non ver

outra vez máis vergonzas como o Hospital Álvaro Cunqueiro. Tamén como iniciar a partir do 2018 procedementos específicos para recuperar o progresivo rescate das concesións outorgadas a través destes procedementos. Propoñemos, en definitiva, cambiar o rumbo e recuperar estes servizos para que a xestión sexa íntegra no ámbito público.

E neste sentido introducimos tamén emendas destinadas a non incrementar en ningún caso os concertos educativos. Uns concertos que vostedes, tan democráticos —xa o dixo na anterior réplica a señora Pontón—, cando o señor Fraga estaba en funcións, prorrogáronos. Logo teñen a cara dura de estar día si e día non dicindo que iso foi cuestión do Bipartito. E agora foron vostedes máis papistas que o papa, máis alumnos avantaxados do fraguismo que o propio señor Fraga, e prorrogárono ata o 2023, superando incluso a duración que encamiñaba a propia lei. E neste momento histórico entendemos que é hora de reverter esta cuestión.

E tamén, se estamos nun momento de medra de gasto, pois sen fisuras apostar pola recuperación da calidade do emprego público. Porque é ese emprego público o que debe ser espello para o emprego privado. Por iso presentamos varias emendas ao longo de todo o articulado para que as e os traballadores públicos recuperen dereitos retributivos, se restitúa o volume de traballadores, independentemente das taxas de reposición, e se restitúa a dotación, polo tanto, dos servizos da propia administración. Presentamos —como digo— diversas emendas neste sentido, e gustaríame salientar dúas en concreto:

A primeira, que emendamos coa emenda 33 a supresión que mantén en suspenso o artigo 19 do V Convenio colectivo do persoal da Xunta de Galiza, porque é un absoluto disparate. Calquera que nos estivera escoitando pois podería pensar que neste artigo as e os traballadores públicos piden algo exótico, como unha suba salarial ou como unha redución de xornada, pero nin sequera, están falando de tempo de descanso; do tempo de descanso de traballadores e traballadoras cuns riscos psicosociais altísimos, como son os traballadores e traballadoras do Servizo Contra Incendios ou de elementos fundamentais como o benestar social. O Partido Popular cerceou un dereito elemental a cambio de nada, porque nin sequera durante estes anos foron quen de cuantificar se iso tiña algún tipo de tradución en xeración de postos de traballo.

A segunda, a emenda número 18, que suprime o artigo 30, de nomeamento de profesorado interino. Unha emenda que reiteramos un ano máis, e que evidencia que non hai nin sinceridade nin coherencia entre o que nos di o equipo de goberno e o que nos di a realidade. Cómpre recordar que precisamente como resultado de todas as súas taxas de reposición impostas durante a crise pois, sumado a outros factores, ten derivado en que agora mesmo teñamos un nivel de interinidade dun 13 %. O señor Feijóo e as súas políticas triplicaron os niveis previos á crise. Temos un nivel altísimo de interinidade e tamén de destinos provisionais na nosa docencia. Temos datos preocupantes que entendemos que se realmente apostan vostedes polo ensino público deberían corrixilo. E non deberíamos ter situacións como que o 28 % do profesorado —máis de mil— impartan materias afíns que en moitos casos non teñen case ningún tipo de afinidade. Vostedes están máis preocupados en cadrar os datos de canto profesorado se precisa que de facer unha diagnose real das necesidades da nosa educación. Este é un panorama —entendemos— absolutamente irresponsable e que require dunha compensación.

Finalmente, por ir avanzando, nun terceiro bloque poderíamos agrupar diversas emendas que propoñemos e que están encamiñadas a unha mellor xestión orzamentaria, ao control e á transparencia. Desta volta, a diferenza do ano pasado, non conseguimos que tan sequera nunha cuestión destas, que case serían técnicas —como as que lles gustan— e non políticas, pois puidese saír adiante. E entón en pleno século XXI seguiremos vendo follas escaneadas e borrosas en lugar de algo tan disparatado como o que pide o Bloque Nacionalista Galego, como que a información enviada orzamentaria sexa en formatos adecuados ao século no que vivimos. Xa desistimos tan sequera de pedirilles que cumpran co acordado e que as entreguen no tempo e forma. Porque, loxicamente, non van aceptar recortar os prazos cando os que hai xa non os cumpren.

Tamén, como temos de costume e como xa saía no debate anterior, presentamos a proposta de mellorar o control orzamentario con diversas cuestións; entre outras, a creación dunha oficina de control orzamentario. E, efectivamente, porque non é o que se está dicindo aquí de que o Consello de Contas non nos serve para esa función. A cuestión que hai de fondo é que é unha estratexia máis que ten o Partido Popular para correr un tupido veo sobre determinadas prácticas que vostedes fan, que, efectivamente, son legais. En ningún momento —aproveitando que está aquí o señor conselleiro de Facenda— dixo este grupo parlamentario que non foran legais. Pero moitas veces as cousiñas que se ven aí non son moi morais ou son pouco populares, por iso a vostedes lles convén tan pouco que se poñan os focos sobre isto e que se poña o foco, por exemplo, en que no exercicio de 2016 —por poñer o exemplo dun exercicio pechado—, deixaron en servizos sociais de atención a persoas maiores ou a persoas dependentes máis de 2,5 millóns en cada caso sen executar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...ou outras modificacións que non me dá tempo de exemplificar.

Remato xa indicando que tamén presentamos outras emendas, demandas do municipalismo ou cuestións mellorables, como a porcentaxe cultural, e que tamén, como é habitual, o noso grupo parlamentario presenta as propostas en materia fiscal na propia Lei de acompañamento.

En conclusión, este articulado non deixa de ser o esqueleto dun orzamento que obedece a un goberno absolutamente irresponsable, un proxecto de orzamentos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que coa falta de diálogo do Partido Popular non será modificado substancialmente, pero que a todas luces non introducirá receitas novas para escribir unha Galiza menos desigual...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...no futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señor conselleiro de Facenda e compañeiros do gabinete do Goberno.

Os socialistas, indubidablemente, respectamos as decisións xudiciais, pero todos temos ouvidos e todos escoitamos os audios que escoitamos, e todos entendemos que ética e politicamente hai cousas que un estado moderno, que unha sociedade moderna, non debe nin pode tolerar. (*Aplausos.*) Eu quero dicilo porque pode afectar cuestións fundamentais na vida de todos nós, ademais dunha muller de Ourense, de todos nós. Polo tanto, temos que ter as regras un pouquiño máis alá dunha decisión xudicial, que supoño que terá o seu fundamento xurídico, pero que eu, por suposto, non xulgo.

Neste debate sobre as emendas ao articulado, na Comisión 3ª tivemos outro debate paralelo —e eu creo que bastante suxestivo— sobre a condición duns orzamentos, se é un documento político, se é un documento económico técnico, se é un documento administrativo, se é un documento xurídico. Eu reivindico a política, eu creo que é un documento basicamente político, sabendo que ten por suposto unha dimensión técnica, unha dimensión administrativa, unha dimensión xurídica. Sorpréndeme moitas veces a dimensión xurídica, porque na medida en que non se executa incúmprese, entendo eu. Insisto en que non son xurista, pero tan estritos na cuestión xurídica pois, ao mellor, había que enfocar ese tema. Pero, desde logo, político si que o é.

E eu quero empezar citando o ex-presidente do Goberno de España, o señor José María Aznar, nun libro que se titulaba *Libertad y solidaridad*. Vouno ler en castelán —e eu creo que isto é política, e isto é o que ao final recollen os orzamentos do Partido Popular, e recollen os orzamentos dunha dereita que ten un obxectivo político—: «*Sólo aspiran a un resurgimiento del Estado de Bienestar quienes siguen deseando ese modelo dirigista. ¿Merece entonces la pena hablar del Estado de Bienestar? Sí, es necesario hacerlo porque hay algo incuestionable: el Estado de Bienestar es incompatible con la sociedad actual. Tenemos que tenerlo muy claro: el Estado de Bienestar se ha hundido sólo por su propia ineficiencia y anacronismo. Al llegar a este punto es difícil evitar una sugerencia electoralista: ¿qué encubre este debate apropiado y mantenido por los socialistas sobre el Estado de Bienestar? Un complejo de inferioridad.*»

Isto escribiuno; supoño que mentres falaba con Pujol «catalán na intimidade» pois dedicábase ao ensaio político. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non sei se lles molesta que falase catalán na intimidade? A min nada, eu estou a favor do plurilingüismo, quero dicir. (*Risos.*) Paréceme estupendo que o falara. De feito, creo que no hotel Majestic, cando pactaron, falon practicamente de todo, desde o 3 % ata o 5 %, é o que teñen as taxas de crecemento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

(O presidente manda gardar silencio aos membros da Cámara.)

Grazas, presidente. *(Murmurios.)*

Os orzamentos teñen unha orixe, que é un teito de gasto, que os socialistas e outros grupos da oposición intentamos tamén ideoloxicamente transformar nun chan de ingresos. E dicimos, desde logo, a pesar da lección que nos deu o portavoz do Grupo Popular, que non é verdade que haxa unha correlación entre ingresos baixos e crecemento, e moito menos que haxa unha correlación entre impostos baixos e benestar, moito menos. Negado radicalmente pola evidencia empírica e, sobre todo, pola ideoloxía, sobre todo pola ideoloxía. ¿Ou alguén pensa que as rebaixas fiscais de Trump van supoñer un mellor benestar dos cidadáns norteamericanos? ¿Alguén o pode defender?, ¿alguén o defende? Non o defende ninguén, excepto os... en fin... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, máis que liberais; reaccionarios na miña opinión, xa que me preguntou.

E presentamos, polo tanto, despois dese chan de ingresos unha emenda transversal, na que, efectivamente, dentro da marxe que dá a política autonómica, intentabamos atopar un maior volume de ingresos fiscais para que o Goberno galego fora quen de loitar contra unha sociedade que cada vez é máis desigual. Eu volvo pedir ese exercicio pedagóxico, a ver se é posible que algún voceiro do Partido Popular diga «pobreza», «desigualdade» e «salarios baixos». Eu creo que non é moi difícil. Eu non digo que este país sexa Madagascar, non o é. Pero, en todo caso, pobreza, desigualdade e salarios baixos hainos, forman parte da vida diaria dunha porcentaxe moi elevada da poboación desta comunidade autónoma. E, polo tanto, a min gustaríame que os responsables do Goberno galego e os voceiros do partido que apoian este goberno foran capaces polo menos de verbalizalo.

Ben, pois esa emenda transversal tamén foi rexeitada, tamén con poucas explicacións. A verdade é que, en fin... Unha parte porque non era posible, outra parte porque detraía fondos de impostos que, en principio, por outras comunidades autónomas foron obxecto de recurso ante o Tribunal Constitucional, etc. En fin, un montón de xustificacións para evitar algo que para nós é fundamental: a presión fiscal é un indicador de desenvolvemento económico, e, se non, collan o listado. Eu só pido que se colla o listado da OCDE, da Unión Europa, de calquera organización internacional. E a correlación entre unha elevada presión fiscal... ¡Home!, falo de países nos que a corrupción non distorsione demasiado a asignación eficiente dos recursos económicos, e eu quero pensar que o noso é un deses países, a pesar de Soto del Real Corporation, que existe, é un feito obvio. Polo tanto... Si, si, obvio, existe, é un centro penitenciario como o do Pereiro de Aguiar, en Ourense, alí subindo para Trives. *(Murmurios.)*

A seguinte cuestión, moi importante en termos de discurso económico e político, é a discusión entre crecemento e desenvolvemento. É verdade que medramos a un 3,1 % PIB, un dato do INE —eu sempre dou por bos os datos do INE, sempre—. Pero é verdade que ese crecemento —e todos o sabemos tamén— se está redistribuíndo dunha maneira absolutamente desigual, como facía décadas que non acontecía neste país. E non ten nada que ver co momento macroeconómico no que nos atopamos, non ten nada que ver co proceso de recuperación; ten que ver coas políticas que favorecen que as rendas se concentren nos rendementos do capital fronte aos rendementos do traballo. E esa é a orixe da desigualdade.

E se a iso engadimos unha presión fiscal relativamente máis baixa que a nosa contorna, pois atopámonos na situación na que nos atopamos, esa que ao Partido Popular lle custa tanto verbalizar.

Polo tanto, eu creo que, sinteticamente, as nosas emendas significan catro cousas. Significan que non somos todos iguais, algo que pode parecer unha obviedade, pero estou tan farto de escoitallo á dereita: *esto de que todo es una diferencia técnica y que lo demás una constante del modelo*. Non somos todos iguais. Que hai esquerda e dereita e que hai modelos de sociedade diferentes, e que a administración pública e os impostos, a fiscalidade, son a ferramenta fundamental para modelar esa sociedade que cada un lexitimamente quere ou desexa. Segundo Aznar, os socialistas é porque temos «complexo de inferioridade». ¿Non sei cal é o complexo de superioridade del? Pero, en todo caso, todos temos que recordar unha boa parte das orixes de Soto del Real Corporation, *que surgieron al amparo de aquella «España va bien», en la que los que tenían complejo de inferioridad no sé quiénes eran; los que tenían complejo de otras cosas está meridianamente claro*.

É mentira tamén que se poida facer máis con menos; con menos faise menos. É verdade que unha xestión pode ser máis eficiente que outra. Iso é un feito obvio que non se pode discutir. Pero con menos faise menos. E esa milonga que conta tamén a dereita de que un estado do benestar máis delgado, máis escaso, é máis eficiente e, polo tanto, permite prestar servizos, non, non, un estado do benestar máis delgado significa prestar servizos aos grupos sociais máis desfavorecidos e significa converter o que é un estado de benestar universal no Medicare norteamericano, que acaba sendo beneficencia, tamén, gústelles ou non á dereita.

Neste contexto, claro que si ideolóxico, sen ningunha dúbida, os socialistas presentamos 62 emendas, aceptáronsenos dúas e transaccionáronse outras dúas. Unha delas sobre a necesidade de incluír os afectados pola vaga de lumes no que serían as políticas de axudas públicas dunha maneira máis activa. E outra sobre a aplicación inmediata da suba dos salarios públicos froito da regulación ou da lexislación estatal.

Estas emendas agrupámolas nós en seis bloques fundamentalmente:

O primeiro, a propia situación social da que en realidade viña falando antes e a defensa dos servizos públicos. A Risga... Síntome satisfeito por un lado de que, efectivamente, o ámbito público solucione as demandas da Risga, pero síntome frustrado como cidadán por formar parte dun país ou dun territorio no que a demanda da Risga medra cun crecemento do PIB do 3,1 %. Alguén terame que explicar onde está ese desaxuste, que non é técnico nin contable, é político. Non pode ser que medren as demandas da Risga cun crecemento do 3,1 %, salvo que aconteza o que está acontecendo, que é que os poderes públicos abandonaron o seu labor de distribución da renda e da riqueza.

Da mesma maneira, o tema da gratuidade dos libros de texto. Non me vale: ¿por que o señor Amancio Ortega non paga os libros dos seus netos? Porque non, porque os libros son un dereito de todos. E o señor Amancio Ortega o que ten que pagar son uns impostos progresivos fortes, que permitan que todos os nenos de Galicia teñan libros de texto gratuítos, e o demais é unha milonga, (*Aplausos*.) é converter á sociedade en dúas partes.

E exactamente igual co tema da dependencia, sobre a que hai tamén algunhas emendas.

O reforzo dos servizos públicos do emprego. Este foi o país máxico: no momento en que máis medraba o desemprego diminuíanse os orientadores laborais. Logo, efectivamente, vemos os indicadores e vemos como atopan os cidadáns emprego, e vemos que o labor dos servizos públicos é escasísimo, non polos traballadores senón pola propia dirección política deses servizos. Polo tanto, este sería o primeiro bloque.

O segundo bloque, directamente relacionado con este, é a defensa dos traballadores dese sector público. Non é posible defender o sector público *de boquilla* cando se están menoscando os dereitos laborais e a estabilidade laboral dos traballadores do sector público. Non é posible unha sanidade e unha educación públicas de calidade, uns servizos administrativos de calidade cando o nivel de eventualidade, o nivel de temporalidade medra día a día. Eran efectos da crise. Imos dar un voto de confianza, imos ver se, efectivamente, eran efectos da crise ou era unha estratexia político-ideolóxica de progresivo desmantelamento, amparado nesa desculpa da propia crise.

O terceiro dos bloques ten que ver coas melloras na administración pública, coa calidade e o control na orzamentación. Efectivamente, é importante ese control, é importante a execución orzamentaria e son importantes os fundamentos das modificacións orzamentarias. Eu súpome á petición da voceira do BNG, coas miñas cinco dioptrías: por favor, que mo envíen en PDF. Non pedimos máis. É unha cousa bastante sinxela que permite, entre outras cousas, buscar termos e que as follas non saian cunha inclinación de 45 graos. Son pequenos detalles que estou seguro de que un organismo como o Amtega, que ten 120 millóns de euros de orzamento, é capaz de pasar as modificacións orzamentarias do Goberno galego a PDF, porque o resto parece, de verdade, unha especie de versión escura del *Anillo de los nibelungos*. Pero, en todo caso, ao mellor, hai algún problema técnico que ignoro.

O cuarto bloque ten que ver coa transparencia na Administración pública. E aquí hai moitas cousas que dicir. Vimos o outro día como estaban rodando unha película na última planta do Hospital do Meixoeiro, que é moi respectable, cada un roda onde consegue rodar. Eu comprendo que os directores de *atrezzo* busquen sitios que lles eviten ter que utilizar *Cinecittà*, pero, aínda encima, o Sergas tivo que dicir que iso non afectaba nada o servizo sanitario. Eu xa me imaxino dando clase na Facultade de Económicas de Vigo e que estiveran rodando unha película por aí, por el pasillo; no afecta en absoluto al desenvolvemento normal de cualquier actividade pública, nada.

O tema do laboratorio dos bivalvos ou o tema tamén paradigmático da transparencia da Administración. De novo *PowerPoint*, roldas de prensa... Parece que a información non fluíu adecuadamente. Eu estou seguro de que non había mala intención senón de que foi un problema de comunicación. Polo tanto, aí eu creo que hai moito por facer.

O quinto bloque ten que ver coa actividade económica; ten que ver, por unha parte, coa enerxía, que vemos como un elemento que está menoscando a capacidade de vida dos cidadáns dunha maneira moi relevante. Eu quero recordar o dato do IPC último en temas de enerxía, un 4,1 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—, da mesma maneira, en termos de enerxías renovables, e tamén, por outro lado, a xestión dos fondos europeos de garantía agraria.

E o sexto bloque —e con isto remato— ten que ver coa Administración local. Temos que rematar con esa política cómoda para o Goberno do señor Feijóo, cómoda e rendible en termos mediáticos, que é que a Xunta de Galicia invita e os concellos pagan. E os concellos pagan, ademais, nun momento en que as propias leis do señor Montoro lles están dificultando enormemente o reinvestimento en moitos casos de superávit que están acumulados. Polo tanto, unha dobre agresión ao poder local que os propios concellos do Partido Popular rexeitan, pero que, evidentemente, disciplinadamente silencian.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, para rematar, pensei que estaba o señor Puy, vexo que xa saíu. *(Un señor deputado: Non, está aquí.) ¡Ah!, pois non é certo. O custo laboral non é o salario, señor Puy. Xa sei que por alusións... Espero que non as pida, pero, efectivamente, no custo salarial somos a novena comunidade autónoma, pero no Foro, no informe do Foro Económico de Galicia, no cuarto trimestre que vostede citou, veñen os datos de salarios: a terceira pola cola. (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Ás veces, no fragor do debate parlamentario, o esquecemos, pero aquí reside a soberanía do pobo galego. E nesta Cámara non se poden emitir insultos contra as mulleres traballadoras que defenden o seu posto de traballo. *(Aplausos.)* Nesta Cámara non se poden insultar os sindicatos. Polo tanto, as desculpas non poden ser privadas. Tense que desculpar publicamente polo que ten dito, polo machismo e polo antisindicalismo. *(Aplausos.)* Nese sentido, reclamamos do Grupo Popular unha rectificación pública deses insultos, porque, dende logo, insultar a clase traballadora e insultar os sindicatos nesta Cámara non se vai facer co silencio de En Marea. *(Aplausos.)*

Pedimos desculpas públicas, exiximos desculpas públicas, e que se retiren das actas do Pleno eses insultos que están aí recollidos.

Vaiamos ao tema.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Vou ter unha discordancia con Noa Presas e con Abel. Non teño sorpresa ningunha en que o Partido Popular rexeite todas as iniciativas que nós presentamos.

¡Claro!, non esperaba menos, porque nós presentamos un proxecto alternativo ao modelo económico, social e político que vostedes teñen, e a lóxica é que dende a dereita... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: E é lóxico que dende... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Por favor, señor Vega, silencio. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, non entre agora, imos terminar isto tranquilamente. Espírito navideño, por favor.

Silencio. Espírito navideño, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Dicía, que a lóxica... *(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, señor Vega.

(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Chao, silencio, por favor. Se non, vou ter que chamalos á orde aos dous, porque están aí nun cruce que non pode ser. *(Murmurios.)* Non, non, aos dous. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, perdón, aos dous. Non me gustan estes intercambios.

Silencio, imos continuar co pleno, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Dicía que a lóxica é que dende a dereita neoliberal e conservadora se estea en contra do modelo económico e social que defendemos En Marea nesta Cámara. Nese sentido, non ten moito sentido que defendamos emenda a emenda, porque xa sabemos cal é a votación, e o que imos facer é unha reflexión sobre política fiscal e orzamentaria para ver se esa reflexión no futuro serve para que haxa un cambio na política económica da Xunta de Galicia no que queda de lexislatura.

Empecemos polos principios básicos. Primeiro, Galicia non ten un problema de exceso de gasto, senón de insuficiencia dos seus ingresos, e non é unha opinión nin de En Marea nin de Manuel Lago, é o que di Eurostat. O gasto público de España equivale ao 42 % do PIB en España fronte ao 48 % na eurozona. E esa é unha cifra que nos coloca no pelotón de cola, por detrás dos países máis desenvolto, incluso por detrás de Portugal ou de Grecia. Pola contra, os ingresos totais equivalen ao 38 % do PIB fronte ao 46 % da eurozona. Son 8 puntos de diferenza —o conselleiro sábeo— no PIB español. Son 93.000 millóns de euros; unha

cifra que por si mesma serviría para corrixir os catro puntos do déficit e para igualarnos, en termos de gasto, a unha media europea. España é unha anomalía, en termos fiscais, na Unión Europea. Cando eu vexo este cadro (*O señor Lago Peñas amosa o cadro.*) de Eurostat do 7 de decembro, sinto vergoña. Perdón, sinto vergoña dos meus gobernantes, porque, cando vexo a lista, vexo: Lituania, Letonia, Eslovenia, Chipre, Malta, España, Polonia. E, cando vexo a lista do outro lado, vexo: Francia, Dinamarca, Bélxica, Suecia, Finlandia, Italia, Grecia. Este cadro é a demostración do fracaso da política fiscal dos gobernos do Estado español e de todos aqueles que teñen responsabilidade en política fiscal, como é a Xunta de Galicia.

Somos, o Estado español, a quinta economía da Unión Europea, pero ocupamos o posto 20 de 28 en ingresos fiscais, e iso condiciona de forma absoluta a capacidade do Estado de facer políticas públicas. Voulle remedar a frase que dicía —creo— o portavoz do Partido Socialista: non se pode ter a fiscalidade de Bulgaria e ter os servizos públicos e a protección social de Dinamarca. É así de claro. E este cadro di exactamente onde ten decidido o poder político en España situarnos: no cadro onde non hai ingresos e, polo tanto, non hai política social e, polo tanto, non hai servizos públicos, coa calidade que este país, que o Estado español e este país, merecen.

Nese sentido, sorprendeume de forma extraordinaria a expresión do señor Puy —eu, que o tiña pola ala esquerda do Partido Popular, vou ter que empezar a rectificar esas ideas—. Non existe ningún informe que vincule fiscalidade a crecemento, ningún. Todos os informes o que vinculan é fiscalidade a desenvolvemento económico. Volvo dicir que son os países máis desenvolvidos os que teñen máis salarios e os que teñen máis presión fiscal: Francia, Dinamarca, Bélxica, Suecia, Finlandia, Austria, Italia, Alemaña... Eses son os que están por riba da media da Unión Europea. E os que están por debaixo da Unión Europea, os que teñen baixa fiscalidade, son: Rumanía, Bulgaria, Lituania, Letonia, Eslovaquia. ¿Onde temos que estar nós, señor Puy? ¿Onde temos que estar nós? ¿Onde ten que estar o Estado español e onde ten que estar Galicia?, ¿por riba da media, con Francia, ou ao lado de Bulgaria?

Eu teño outra intervención, pero aproveito as súas declaracións, señor Puy, porque vostede fala do informe do Foro Económico de Galicia. Vostede está no Foro Económico de Galicia, eu tamén, Leiceaga tamén, e, polo tanto, o Foro fai análises equilibradas. E cando só se le unha parte, pois estase deformando a realidade. E, entón, tróuxeno aquí. Logo llo deixo, señor presidente. (*O señor Lago Peñas amosa un documento.*) E di: «En contraste co anterior, hai que insistir nos aspectos negativos subliñados en informes anteriores, como son, o peor comportamento en relación coa media española, a paulatina caída da poboación activa de 25 a 34 anos, a elevada taxa de temporalidade e aínda o elevado peso do paro de longa duración. Galicia é a segunda autonomía con peor comportamento tras Estremadura no que atinxe á evolución da poboación ocupada entre os terceiros trimestres de 2007 e 2017. A diferenza do que acontece coa evolución da actividade económica, os datos do emprego atópanse aínda lonxe do nivel precrise. Os datos da Axencia Tributaria demostran que Galicia se sitúa como a segunda comunidade autónoma con maior descenso do número de persoas que perciben unha retribución salarial. Tanto os datos da Axencia Tributaria como os da EPA amosan que a desigualdade salarial aumenta en Galicia de xeito significativo. O salario bruto galego sitúase como o terceiro máis reducido de todas as comunidades autónomas».

Isto é o que di o Foro Económico de Galicia. Cando só se conta unha parte, estase mentindo. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Hai crecemento económico, saímos da recesión, pero a maioría dese crecemento económico queda nunhas mans e marxina a maioría social. Esa é exactamente a nosa crítica... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, silencio.

Non dialoguen, porque, se non, isto é ingobernable.

Silencio. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Despois fala. Sigamos co debate.

O señor LAGO PEÑAS: Cando temos unha fiscalidade...

O señor PRESIDENTE: Señor Lago... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Cando temos unha fiscalidade como a de Bulgaria, a estratexia fiscal dun país que tivera un goberno decente sería aproximarnos no menor espazo temporal posible ás ratios europeas para ser un estado normal, e isto é incrementar os ingresos para facer compatible a consolidación fiscal, o incremento do gasto público. Pero isto en Galicia, no Estado español, gobernado polo PP, non é así, porque a estratexia do Partido Popular é a contraria: reducir a presión fiscal, baixar os impostos, o que provoca caídas nos ingresos públicos que obrigan a recortar para reducir o déficit público.

Vou dicilo con claridade: a redución do gasto público non é unha casualidade, non é un efecto secundario da crise, non é un dano colateral, é un obxectivo buscado de forma premeditada polo Goberno, e hoxe o señor Puy veu demostralo, porque acaba de dicir aquí que baixando os impostos, baixando a presión fiscal, baixando a tributación, é a forma que ten o Partido Popular de impulsar o crecemento. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Iso dío o señor Puy e subscríbeo o señor Montoro, porque o señor Montoro acaba de presentar o programa presupostario para o 2018 na Comisión Europea e di que a presión fiscal en España vai baixar seis décimas. Como ben sabe o conselleiro, seis décimas do PIB son 7.278 millóns de euros. ¿Que onde di Montoro que os vai reducir? Na sanidade e na educación directamente.

Por iso nós dicimos que esta crise foi unha estafa, porque foi aproveitada para impoñer un cambio no modelo social, onde a desigualdade, a precariedade e a deterioración do benestar son as liñas desa estratexia neoliberal: recortar o peso do público na economía e na sociedade.

Un pensaría que a fase alcista do ciclo económico iniciada no ano 2014 —volvo dicilo, a fase alcista do ciclo económico do crecemento do PIB— tiña que servir para recuperarnos dos

recortes dos anos 2009 a 2013, que deberon ser impostos pola crise e pola recesión. Pero todo o contrario, a orientación da estratexia da Xunta de Galicia do Partido Popular no Goberno do Estado é continuar cos recortes cunha nova fórmula: xa non se fan recortes nominais no gasto, senón que o que se produce é ir reducindo o peso do gasto público na clasificación, que xa non sei que país queda detrás de Bulgaria, pero parece que ese é o obxectivo, que sigamos reducindo o peso dos ingresos e do gasto público, dedicando unha parte da riqueza cada vez menor á prestación dos servizos e das políticas de protección.

Este é un debate recorrente que teño co señor conselleiro, vou dicilo: no ano 2018 o orzamento incrementábase o 2,9 %, pero no cadro macroeconómico o PIB nominal incrementábase no 4,2 %. Se a riqueza do país medra o 4,2 % e o orzamento o 2,8 %, ¿iso que significa? Pois que o peso dos recursos dos que dispón a Xunta de Galicia para desenvolver servizos públicos en políticas sociais se reduce en termos relativos.

Esa é unha idea eu creo que recorrente, porque, señor conselleiro, señor Tellado, no mes de novembro volveu saír o dato do IPC. ¿Sabe cal é? O 2 % en media interanual. Non ría, señor conselleiro, porque ese 2 % foi o que permitiu que Audasa subira as peaxes o 1,9 %, porque é a media interanual do que levamos do mes de novembro. E, claro, se o IPC sobe o 2 %, os salarios dos empregados públicos redúcense, en termos reais, e as pensións máis baixas de todo o Estado español, que son as das galegas, sofren unha enorme deterioración.

Nós, fronte a isto, presentamos un modelo diferente, un modelo de política expansiva, un modelo que ten un principio: necesitamos incrementar os ingresos públicos para combater a desigualdade, a pobreza, e para xerar benestar. E dicimos que o que está sucedendo é unha repartición desigual e inxusta con concentración de riqueza en poucas mans, e que a política fiscal do Estado español e da Xunta de Galicia ten que ser precisamente esa: tributar, presionar sobre as grandes rendas, sobre os patrimonios e sobre os beneficios empresariais, sobre a fiscalidade verde, sobre a fiscalidade que grava comportamentos con externalidades negativas para ter máis recursos que permitan unha política expansiva e de benestar social.

Vou rematando. Os orzamentos de 2018 que hoxe van saír aprobados desta Cámara son decepcionantes, son restritivos, son mediocres, son antisociais, son continuístas, son neoliberais. Non van servir para mellorar a vida da cidadanía nin para empezar a darlles a volta aos recortes. Tampouco van servir para impulsar a actividade económica e recuperar o emprego. Por iso nós os rexeitamos, e seguimos defendendo as nosas emendas.

Fronte á resignación, os recortes e o axuste permanente, o que nós propoñemos é incrementar os ingresos co fin de financiar unha política económica que impulse o crecemento, que transforme o crecemento en desenvolvemento económico e social, que se basee na economía produtiva e que traslade a maior riqueza a un maior benestar da cidadanía, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión. Sintetizámolo nunha frase: estamos de acordo co Goberno, a economía saíu da recesión, pero nós seguimos dicindo que a sociedade galega segue vivindo en crise.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, membros do Goberno, señorías, bo día a todos.

Resumo da mañá: os que negaron a crise e os cómplices dos que negaron a crise son os que agora negan a recuperación económica. Ese é un pouco o resumo. E hai dous modelos: o que estamos aplicando con éxito, porque as cifras así o demostran, e o modelo que correu ás urnas e que os galegos rexeitaron hai un ano e tres meses. Sigán vostedes polo seu camiño, porque, dende logo, que a vostedes lles vaia mal a Galicia lle veu ben. Polo tanto, nós imos seguir traballando en favor de Galicia. Os datos están enriba da mesa. Hoxe hai 16.300 desempregados menos que hai un ano, hoxe as afiliacións á Seguridade Social medran en torno a 20.000 novos afiliados cada ano e, polo tanto, xa son máis de tres anos e medio dende abril de 2014 que se crea emprego en Galicia. Vostedes non o ven, non o queren ver, porque vostedes son os que crearon esta crise e, polo tanto, negaban a crise daquela e agora negan calquera atisbo de recuperación. E a recuperación chegou a Galicia, a contratación indefinida medra e a contratación a tempo completo medra. Sigán vostedes nesa parálise na que se atopa a oposición, porque o certo é que a Galicia lle vai ben que vostedes sigan aí.

Mire, este debate é similar ao de hai un ano. Hai un ano nestas datas estabamos falando tamén de orzamentos. Vostedes manexaban o mesmo discurso catastrofista, discurso dramático, apocalíptico, e esa era a súa visión do panorama de Galicia, moi similar ao que desenvolven no día de hoxe, pero o certo é que nos últimos doce meses a economía en Galicia medrou por riba do 3 %, medrou por riba da media española, batemos records de exportación, en torno a un crecemento do 10 % nos últimos doce meses e temos menos paro que en outubro de 2016, 2015, 2014, 2013, 2012, 2011, 2010 e 2009, señor Lago. Esa é a situación que é innegable. Polo tanto, sigán vostedes instalados nese discurso, que a vostedes lles vai moi mal, e a Galicia lle vai, dende logo, moi ben.

Mire, a realidade é que no Parlamento de Galicia a oposición vive moi cómoda, instalada nese discurso do rodillo, do rodillo da maioría, e a súa posición é a que vostedes defenden, cando a realidade é ben distinta, e non é outra que ou ben a oposición non quere chegar a acordos, que é o que lles pasa nomeadamente ás Mareas de Podemos e aos señores do BNG, ou simplemente propoñen medidas que directamente non se poden votar a favor por un criterio evidente, que é o criterio da responsabilidade. Porque as súas emendas ao articulado da lei, que era do que viñamos falar — máis alá das análises que vostedes quixeron facer, señor Lago, falabamos das emendas ao articulado da Lei de orzamentos; dígoo porque vostede non se referiu a elas en absoluto—, poden agruparse en cinco grandes categorías: a primeira, as que contradín a normativa básica estatal; a segunda, as que provocarían un aumento e, polo tanto, un incumprimento do déficit; a terceira, as que restarían axilidade na xestión ordinaria da Xunta de Galicia; o cuarto bloque, as que prexudican directamente a Administración local; e o quinto bloque, as que piden que se regulen asuntos que xa están

regulados ou que se publique información que xa está publicada. E iso está moi ben para quedar ben, pero o certo é que é o que vostedes propoñen en moitos casos.

Mire, emendas que aumentarían o déficit público. A nós séguenos sorprendendo que partidos políticos que predicán coas solidariedade ao final sexan tan fundamentalmente insolidarios coas xeracións futuras. Iso é o que lles pasa ás Mareas de Podemos. Vostedes non só piden que subamos os impostos hoxe, senón que piden que tamén llelos subamos ás vindeiras xeracións de galegos, propoñéndonos políticas que incrementarían o déficit e, polo tanto, a débeda que eles deberían de pagar nos anos seguintes. Esa é a proposta do señor Lago, esa é a proposta das Mareas de Podemos.

Os tres grupos minoritarios queren que Galicia non poida blindarse ante eventuais e inesperadas caídas de ingresos, e o que nos piden é que non se nos dote de instrumentos de aforro que temos na nosa man. Dende logo, unha boa pista é cal sería a súa receita de goberno en caso de que gañasen as eleccións e en caso de que fosen capaces de poñerse de acordo os tres grupos. O modelo sería: máis impostos, o modelo sería máis déficit e o modelo sería máis débeda, que se traduciría en máis impostos e en menos servizos de cara ao futuro.

Logo, hai emendas que contradín directamente a normativa básica estatal. O BNG pide que incumpramos a normativa básica en todo o que ten que ver coa retribución de empregados públicos, ata o punto de que queren que lles subamos as retribucións aos profesionais que traballan en centros concertados de educación e ao mesmo tempo piden que se supriman eses concertos. ¡Oia, póñanse de acordo! O que non se pode é estar instalados na contradición absoluta.

Logo, hai emendas que restarían axilidade á Administración galega. Vostedes é evidente que non cren nunha administración áxil, eficiente, e só así se explica que propoñan emendas que, ao final, o que buscan é ralentizar a xestión da Xunta de Galicia. Vostedes cren na xestión pública como unha fábrica de trabas aos cidadáns, demostrárono cando aprobamos a Lei de implantación empresarial de Galicia. Vostedes entenden a administración como un moble con compartimentos estancos nos que non pode haber comunicación entre departamentos —así funcionaron cando tiveron ocasión de gobernar catro anos en Galicia— ou como un elefante incapaz de moverse segundo a situación na que se atope. O seu modelo é restar axilidade na xestión dos fondos ou no seu traspaso entre departamentos.

E logo están as emendas que prexudican directamente a Administración local. O BNG pide que se reasignen convenios, subvencións, transferencias ás entidades locais, para incrementar os fondos incondicionados a través do Fondo Galego de Cooperación. O que non parecen saber é que moitos dos fondos que se conceden aos concellos e que moitas das subvencións que se conceden aos concellos galegos son de carácter finalista e que proveñen de partidas que non se poderían incorporar ao Fondo Galego de Cooperación, e na práctica o que vostedes propoñen suporía restar eficiencia ao procedemento que actualmente se efectúa de acordo coa normativa actual. Co cal, unha medida coa que vostedes pretenden axudar as entidades locais sería francamente nefasta para esas mesmas entidades locais.

E logo piden as emendas que propoñen cousas que xa se están a facer na nosa comunidade. Piden que regulemos nestas emendas cuestións xa reguladas, piden que se recollan cuestións

sobre subvencións que xa están recollidas na normativa de subvencións actualmente en vigor, piden que se publique información que xa está publicada no Portal da transparencia da Xunta de Galicia, como contratos públicos, gastos en publicidade, ou piden simplemente unha oficina de control orzamentario, cando, dende a reforma do Consello de Contas, este organismo xa está plenamente capacitado para desempeñar esas funcións.

O BNG dinos que este non é un debate técnico, que este é un debate político, entón, o importante non é presentar emendas que poidan ser rigorosas, que poidan desenvolverse na realidade, o importante é debater, debater por debater, aínda que a Galicia lle vaia mal. Ese é o modelo do BNG, téñeno demostrado cando falan dese cupo, que sería nefasto para a nosa comunidade, pero o seu modelo é discutir por discutir nun debate que ten que ser político, pero técnico, nada. ¿E sabe que ocorre? Que o 1 de xaneiro do 2018 temos que ter un orzamento que sexa executable e que responda ás necesidades de toda Galicia.

Xa sabemos que para o BNG —que estiveron a piques de vir aquí nunha scooter, porque ían sacar 2 deputados, finalmente veñen no Scénic, porque sacaron os que sacaron— isto é un xogo, porque ao final o importante é que se salvaron. Pero isto é moito máis serio, porque están en xogo os intereses de Galicia e os intereses dos galegos, e o importante é que hoxe aprobamos un orzamento que entra en vigor o 1 de xaneiro de 2018.

Señora Presas, iso é o importante, que ten que estar en vigor e que ten que responder ás necesidades reais dos galegos da rúa.

Eu xa sei que o BNG segue agarrado por ese odio marxista-leninista (*Risos.*) a todo o que teña que ver coas empresas privadas; sacaron o rotulador vermello, tacharon todo o que puña empresas privadas, e esa foi a técnica de emenda nestes orzamentos para o ano que vén. E iso pasou nas emendas parciais, nas emendas de totalidade do orzamento, pasou nas emendas parciais das consellerías no debate en comisión e pasou tamén no debate do texto articulado.

Mire, piden que se retiren todos os fondos destinados a concertos con centros educativos, piden que se eliminen todos estes fondos, pero logo piden que se recuperen as pagas extras para o profesorado destes mesmos centros. ¿En que quedamos, señores do BNG? ¿En que quedamos?

Eu, en relación coa intervención do señor Losada, teño que dicir que esta semana, señor Losada, non é a mellor semana para que dende o Partido Socialista se fale de «Soto del Real Corporation». Non é a mellor semana, non o é. Chaves, Griñán e moitos cargos da Junta de Andalucía están pasando, precisamente nestes días, por *el banquillo*, par dar conta dunha fraude: a fraude dos ERE de Andalucía. Case 1.000 millóns de euros defraudados. Toda a corrupción é nefasta, señor Losada, pero non apunte permanentemente co dedo cara a este lado, non vaia ser que a realidade lle leve o dedo para aí (*O señor Tellado Filgueira sinala co dedo os escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*) (*Aplausos.*) e que sinale o seu propio partido.

Polo tanto, un pouco de sentidiño. Non se sume ao populismo oportunista dos señores das Mareas e abandonen xa dunha vez ese socialismo acomplegado, porque, ao final, é a actitude que desenvolven todos os días. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu, neste sentido, teño que recoñecer o carácter construtivo do Partido Socialista —quizás non no debate de hoxe pero si na tramitación destes orzamentos—, o que nos permitiu sumar distintas emendas presentadas polo Partido Socialista. O que eu si quero é agradecer unha vez máis a súa capacidade de diálogo, polo que puidemos aceptar dúas das emendas que nos presentaron e puidemos transaccionar outras dúas. Polo tanto, eu creo que ese espírito construtivo que ás veces lle sae ao Partido Socialista, cando non copia do resto da oposición, é bo para Galicia e é bo, dende logo, para os galegos e as galegas.

Señor Lago, eu súpome á súa declaración inicial na súa intervención. Nesta Cámara non se pode insultar, efectivamente. Pero, ¡joia!, fagan o que din. Dígoo porque un dos seus predecesores, o señor Beiras, viña a esta Cámara e era tan construtivo que lle chamaba a un membro do noso grupo «chulo de barra americana», «nazi necio», «mamarracho»... Eu entendo que na súa intervención de réplica pedirá desculpas por esas afirmacións do señor Beiras. E nós poderemos tomalo en serio cando vostede fale en nome do Grupo das Mareas de Podemos. Porque, se non, eu teño que entender que, cando vén o señor Lago aquí, fala polo señor Lago e non fala polo seu grupo. E, se non, supoño que na súa seguinte intervención virá aquí e condenará esas expresións que de forma reiterada lle escoitamos ao líder desa coalición das Mareas de Podemos. E, polo tanto, tamén espero, señor Lago, que aproveite esa intervención para rectificar aquelas declaracións da súa compañeira —se é que é compañeira, porque ao final aí non sabemos en que partido está cada un—. Polo tanto, supoño que rectificará á señora Carmen Santos cando dixo que os señores do Partido Popular eran «asasinados de mulleres». Dígoo porque, dende esas filas, aínda estamos agardando esa desculpa. Supoño que vai aproveitar, xa que nos deu unha clase de ética, de moral e de bo comportamento nesta tribuna. Como eu creo na súa intención, supoño que vostede virá aquí e nos dirá que, efectivamente, non se pode insultar desde esta tribuna e pedirá desculpas polo señor Beiras e rectificará á señora Carmen Santos. *(Aplausos.)* Eu creo que así poderemos empezar a falar en serio. *(Aplausos.)*

E supoño que aproveitará, ademais —falando de condutas machistas—, para condenar esas risas que lle causaba ao alcalde da Coruña, a Xulio Ferreiro, que utilizaran a imaxe da nosa voceira no Concello da Coruña saíndo dunha tarta para celebrar o cumpreanos do alcalde do seu partido na Coruña. Supoño que tamén pedirán desculpas por aquel uso daquela imaxe dunha muller. Supoño que tamén o farán.

Mire, é curioso o das emendas das Mareas de Podemos. Nas súas emendas ao articulado fan unha intensa revisión á baixa dos salarios de todos os cargos do Goberno galego. Olvidouse presentalo aquí pero é unha das propostas que fan. É curioso que esta reivindicación veña precisamente dun grupo cuxo portavoz ten como única proposta sólida e continuada ao longo do tempo o que é a reivindicación do seu propio salario. E, polo tanto, é curioso. O señor Villares entrou na política pedindo chofer e secretaria, e enfrontouse a todo o seu partido porque quería cobrar máis do que dicían os seus estatutos —era o que pasaba naquel momento—. O portavoz das Mareas de Podemos non sabe as normas máis básicas da economía pero manexa á perfección un concepto, que é o de lucro cesante. Ese coñecíao perfectamente. E, ademais, foi quen de inventar o concepto de «salario mínimo xusto», *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) que era el suyo. (Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Salario mínimo xusto! *(Aplausos.)* E púxoo en 1.000 euros. Pero pareceulle tan xusto que el quería

cobrar tres veces o salario mínimo xusto, porque era xusto pero pouco. Entón el quería *tres veces el justo. Para el, claro.*

E agora veñen cunha emenda que o que pide é rebaixarlle o salario a todo o Goberno galego. Bueno, non é o máis grave do que propoñen, teño que dicírllelo. Nós, dende logo, ao longo dos últimos tempos vímoslles ás Mareas de Podemos propostas estrela na súa curta vida política. En materia orzamentaria teñen a proposta estrela de subir masivamente os impostos, esa é a proposta estrela. En materia de industria teñen a proposta estrela de pechar todas as empresas que creen valor no noso país. E en materia de emprego teñen a proposta de derrogar a reforma laboral que permitiu crear emprego en España. ¡Vale!, esas son as tres propostas.

Nestas últimas semanas descubrimos unha terceira proposta estrela das Mareas de Podemos en materia de sanidade, que é que a xente non se vacine. Supoño que aproveitará, señor Lado, a súa oportunidade de vir a esta tribuna para tamén emendarlle a plana...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...á señora Senra por esas declaracións francamente irresponsables.

Mire, eu entendo que o papel da oposición é francamente difícil. O Goberno trouxo un proxecto de orzamentos serio, rigoroso, que é mellorable —claro que si— a través de emendas, e, coas que podemos incorporar, fixémoslo. Pero o certo é que este é un orzamento dificilmente criticable porque todas as partidas crecen, con especial mención á consolidación do crecemento económico, á creación de emprego e á mellora dos nosos servizos públicos. E, dende logo, o seu discurso *no cuaja. No cuaja* porque está alonxado da realidade. E, polo tanto, nós ao que non estamos dispostos é a aceptar leccións daqueles que meteron a Galicia e a España nunha situación de crise sen precedentes. Nós conseguimos saír do furado no que nos meteu aquel bipartito e aquel goberno da «Champions League» que agora volven reivindicar dende o Partido Socialista. Nós o que queremos é...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que Galicia siga medrando, que Galicia siga creando emprego. E cremos que os orzamentos de 2018 poden ser unha magnífica ferramenta para seguir baixando a taxa de paro do noso país e para seguir reforzando os servizos públicos da nosa comunidade.

Dende logo, vir con emendas que son fogos de artificios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e que non son nin aprobables nin executables creo que é un exercicio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de hipocrisía política sen precedentes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Hipocrisía, señor Tellado, é que o noso país presente unha evolución peor que o Estado español en emprego, en poboación e en salarios e que vostede veña aquí dicirnos que saímos do furado, iso si que é hipocrisía. (*Aplausos.*) Efectivamente, iso si que é hipocrisía. (*Aplausos.*)

E para mostra —pois en cinco minutos moitos datos non se poden poñer enriba da mesa— algo que é interesante é ver a foto fixa das retribucións medias no 2016, no último ano pechado, e a foto fixa das retribucións medias en 2008. E xa sen entrar en como se distribúe iso a nivel do número de perceptores, pois vemos como non avanzamos. A retribución media dos empregos era maior no 2008 —4.330 euros— que no 2016 —4.135—. E o mesmo vemos na retribución media de asalariados e desempregados conxuntamente, o mesmo na de pensionistas e desempregados, etc. Polo tanto —non falei do modelo de financiamento na miña primeira intervención—, en retribucións medias temos o mesmo con vostedes tras case unha década de negociacións políticas, a mesma imaxe conxelada e nada novo e positivo para o noso país.

Ben, por contestar así a algunhas das cuestións que saíron —aínda que non sei se me dará tempo a todo—, vaíamos ao dos concertados. Vostedes pintan unha imaxe coma se nós, non sei, fomos prender lume ao ensino concertado con todo o alumnado e o profesorado dentro e que quedamos tan anchos, cando os que son incoherentes absolutamente son vostedes. Nós o que facemos no articulado é suprimir o bloqueo que vostedes impuxeron aos traballadores e traballadoras da concertada, que levan agardando desde o 2009 a que levanten o bloqueo das súas negociacións salariais, tamén afectadas pola súa política de recortes. Iso ao mesmo tempo que suprimimos os artigos que conducen a que se poida facer algunha outra nova unidade concertada. Son dous debates diferentes e perfectamente coherentes e compatibles.

Do que non dixo nada —porque imaxino que non ten ningunha proposta que facer— é do que facer co profesorado da ensinanza pública e por que seguir, vía articulado dos orzamentos, avalando a súa temporalidade e os contratos parciais, e por que non teñen nin unha soa proposta seria para corrixir a situación de que o 60 % do persoal do ensino teña un destino provisional. Case máis do 20 % deste profesorado leva nesta situación entre nove e dez anos. Vostedes dirán que é por culpa da crise. Pero, se acabou a crise, fagan algo para corrixir esta situación, por exemplo.

Logo din que hai cuestións que xa se fan. Xa se informa suficientemente a este Parlamento e, polo tanto, non fai falta mellorar nin os soportes nin a frecuencia nin absolutamente nada. Iso fano desde a perspectiva —insisto— de a quen non lle interesa seguir dando eses debates.

Porque non sempre cumpren cos prazos —por exemplo, das modificacións orzamentarias de setembro, das que primeiro só colgaron un índice e tardaron en colgar a información completa, e tantas outras—. Polo tanto, non lle compramos tampouco ese argumento, señor Tellado.

Por ir avanzando algunha cuestión máis, falou vostede de marxismo-leninismo. Pois o marxismo-leninismo e a análise marxista da realidade, vendo tamén como foi a evolución do mundo e a evolución do capitalismo, demóstranos que unha repartición máis xusta da riqueza e do poder non chegou en ningún momento por un regalo benéfico e gratuito do capital. ¡Nunca!, en ningún momento. Chegou sempre por loita da clase traballadora (*Aplausos.*) e por movementos como o nacionalismo e os movementos soberanistas, que sempre loitaron contra a distribución igual das clases sociais e tamén dos territorios. Porén, con vostedes temos máis desigualdade Galiza-Estado e máis desigualdade coas clases sociais que peor o están pasando. E —insisto— temos unha evolución peor que o Estado en moitos aspectos. Polo tanto, nós continuaremos sen comprarlle ese argumento de que coas mesmas receitas conseguiremos uns resultados diferentes, porque insistimos en que temos hoxe unha Galiza máis desigual que hai dez anos, cando comezaba esa crise.

E falou vostede do modelo de financiamento, porque lle viña aí no argumentario a lea esta do concerto e entón tocáballe facelo. Eu insisto en que desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos e defenderemos esa posición, e teremos ocasión de seguir afondando niso. Pero o que é realmente preocupante é que, pese a que este país e estas arcas públicas perderon máis de 9.000 millóns de euros desde que vostedes gobernan —o que é un orzamento da Xunta—, aquí vostedes non dean nin unha soa explicación do que van facer para recuperar eses recursos perdidos. Igual que non dan nin unha soa explicación de cal é o seu modelo nin unha soa explicación de se Galiza contestou algo ao informe dos expertos nin absolutamente nada. Polo tanto, unha vez máis é un exemplo de que hai cuestións fundamentais para este país das que a oposición vimos aquí render contas e explicar o noso modelo pero que vostedes non o fan. ¿Por que? Porque non teñen, simplemente, un modelo diferente máis alá de desregular todo absolutamente e de continuar nun bucle autocompracente que, desde logo, ás maiorías sociais deste país non nos levará a ningún lado, e regalará unha imaxe dunha Galiza cada vez máis desigual.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Tellado, bueno, a verdade é que vir hoxe falar aquí de Andalucía e dos ERE..., está ben, está ben

Unha pregunta —como ten turno—: como o ex-presidente da Comunidade de Madrid afirmou que o tesoureiro do PP controlaba os contratos da Comunidade de Madrid, ¿no caso de

Galicia acontecía o mesmo? ¿O tesoureiro do PP de Galicia controla os contratos da Xunta de Galicia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pregunto, é unha pura inquietude intelectual. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten un turno para contestarme despois.

¿Sabe o que si acontece? Acontece que no Igape hai unha condena en firme. Acontece que na Gain hai unha investigación. E acontece que nos cursos de formación había un seguidor de Montepío que agora desapareceu. Eses son os tres factores fundamentais da estrutura produtiva desta comunidade autónoma e do Goberno da Xunta de Galicia. Entón, non veñan aquí falar dos ERE de Andalucía. *(Murmurios.)* ¡Ou falen! *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¡Falen todo o que queiran! *(Aplausos.)* En todo caso —insisto—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Las patentes de corso, señor Pazos, las tienen los piratas, como usted bien sabe.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ya nos llamó asesinos una vez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Non dialoguen.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, ya nos llamó asesinos una vez a los socialistas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Entonces, ¡ya basta! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Non dialoguen!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: No, no miento, no, que la cal viva vale para muchas cosas pero también para blanquear. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Claro! ¡Bien! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: También para blanquear.

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!, outro nivel de debate, por favor. ¡Estamos en Navidad! *(Aplausos.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por lo tanto, «Soto del Real corporation» existe, les guste o no. Y es un elemento que, más allá de la dimensión judicial, tiene una importancia política relevante porque la corrupción —o la presunta corrupción— de la Administración pública es un elemento que va en contra del crecimiento económico y de la asignación eficiente de los factores productivos. Seguro que lo estudió en alguna asignatura, señor Tellado. Por lo tanto, yo creo que debería de ser un poco prudente en estas cuestiones.

Mire, a orixe da crise, a orixe da crise —por moito que o repitan mil veces— non foi nin o Bipartito nin Zapatero nin etcétera, etcétera. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non foi o PP tampouco, non foi o PP. Pero foi a dereita. (*Murmurios.*) ¡Foi a dereita! Foi a dereita, foi a desregulación económica e financeira que fixo que os mercados se converteran na selva e que o sistema financeiro saltara polos aires. E, se non, déannos unha explicación alternativa máis coherente, porque eu aquí nunca a escoitei, ¡eh! Porque, claro, a min esa aportación intelectual de primeiro nivel de que o Bipartito é o causante da crise económica occidental..., ¡home!, pois está moi ben como recurso dialéctico aquí do señor Tellado. ¡Ben!, ¡vale!, pero, en todo caso, unha explicación alternativa á crise, se a teñen, cóntennola. Cóntennola aquí alguén do Partido Popular, porque eu nunca a escoitei, eu nunca a escoitei. Estou impaciente, señor Tellado. A verdade é que me sinto coma Sócrates, esperando, realmente peripatético, a aportación intelectual desa orixe da crise que vostede nos vai contar.

O que si é certa é a redistribución da renda e da riqueza en Galicia e en España gobernadas pola dereita. Miren, mentres que no conxunto da zona euro por cada 100 euros en que se incrementa a masa salarial as retribucións do capital se incrementan 77 —100 euros os salarios, 77 o capital—, en España, por cada 100 euros dos salarios, 356 o capital. Eu non sei quen orixinou a crise —que si que o sei—, sei qué intereses defenden os gobernos da dereita, sei qué intereses defenden os gobernos da dereita. (*Aplausos.*)

E poden vir aquí a falar dos ERE, poden vir aquí a falar do que vostedes queiran, pero a axenda política da dereita é a que é. E no pacto que firmaron en Viena, o venres pasado, a dereita e a extrema dereita, ¿saben cales eran os temas fundamentais? Eran reducir la burocracia, flexibilizar los horarios laborales, reducir las cargas fiscales y potenciar las ayudas a las familias. ¿Les suena? ¿O tampoco les suena? ¿No les suena esto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, porque ao mellor non lles soaba.

E seguro que lles soa tamén, seguro que lles soa tamén... (*Murmurios.*) Non, non, eu non firmei nada. Seguro que lles soa tamén o absoluto balance negativo deste goberno. Mire, ¿vostede sabe que a creación de empresas baixou máis en Galicia que en Cataluña no último mes, en outubro, esa tan afectada polo *procés* —que, efectivamente, o está—? Pois baixou máis a creación de empresas en termos porcentuais en Galicia. ¡Oia!, ¿de verdade que poden vir aquí a contarnos unha historia de que este país vai ben, etcétera? ¡Non, non vai ben! Este país vai ben en termos macro. Efectivamente, está medrando. Pero a redistribución da renda e da riqueza é máis desigual ca nunca. Entendendo por nunca un período histórico próximo, claro. Non estou falando do século XVII, é evidente. Pero, sen ningunha dúbida, eses problemas existen e están aí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

E eu volvo preguntar o mesmo: ¿como se explican uns salarios que medran por debaixo do IPC, unha perda sistemática da capacidade adquisitiva dos traballadores fronte aos incrementos dos beneficios empresariais e dos dividendos das grandes empresas cotizadas? Porque nisto, que é o tema fundamental, é moi importante o tamaño da tarta, pero tan importante como o tamaño é como se reparte. E desa repartición o Partido Popular aquí nunca fala. E eu o que lles pido, para poder debater sobre cuestións políticas e sobre opcións políticas diferentes, é que nos conten como pensan vostedes repartir a tarta, e se lles parece razoable que mentres os salarios están literalmente conxelados, a pesar da utilización torticeira dalgún dato, as empresas do IBEX repartan en dividendos 30.000 millóns de euros...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...é dicir, o 1 % do PIB español.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Cóntennos algo diso, máis alá...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...dos ERE de Andalucía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor Tellado, as mareas de Podemos, de Esquerda Unida, de Anova, de Cerna, as mareas municipalistas que gobernan A Coruña, Santiago, Ferrol, Cangas, A Pobra, a organización da xente oprimida que quere acabar coa corrupción e a política anti-social do Partido Popular, eses somos nós. *(Aplausos.)* Eses somos nós.

Non vou caer nun debate no barro, porque aí xa sei que perdería. Quen practica máis ese tipo de debates sempre ten as vantaxes, e eu prefiro dar os datos e debater con rigor. E hai crecemento económico... *(Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LAGO PEÑAS: Eu aínda creo que esta é unha cámara seria onde reside a soberanía popular do pobo galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Aínda o creo! ¡Cada vez teño máis dificultades para aceptalo! *(Murmurios.)* Pero aínda creo que é unha cámara seria onde reside a soberanía do pobo galego.

O PIB medra a partir do terceiro trimestre do ano 2014. Hai crecemento económico pero non hai recuperación social. Eu voules dar os datos para ver se teñen a ben adoptalos. Hoxe hai

153.000 persoas menos con emprego que antes da recesión. Menos emprego e máis precario, porque a taxa de precariedade dende o ano 2013 aumentou en 5 puntos, e xa o 27 % dos empregos son temporais. A metade da clase traballadora galega é precaria: o 27 % ten un contrato temporal, o 14 % traballa a tempo parcial e o 15 % rota entre o desemprego e o traballo precario. No caso das mulleres, peor, porque a taxa de temporalidade é do 29 %, a de parcialidade é do 22 % e a taxa de paro é do 17 %.

Hai menos emprego e máis paro, porque hai 201.500 persoas buscando un emprego, 100.000 máis que antes da recesión. Hai 175.000 vivendas, nas que viven preto de medio millón de persoas, nas que algún dos seus membros está en desemprego. E, dentro deles, hai 65.000 fogares con todos os seus activos en paro; e, dentro deles, hai 33.000 fogares que non teñen ningún ingreso nin salario nin pensión nin prestación por desemprego. En Galicia hai 450.000 persoas asalariadas con ingresos por debaixo de 1.000 euros, 1 de cada 2 asalariados non chega a mileurista no noso país —datos da Axencia Tributaria—. E dentro deste grupo hai 200.000 persoas que, porque traballan con baixos salarios e poucos meses ao ano, non chegan nin a 325 euros mensuais.

Ese é tamén o noso país. E iso explica que, en termos reais, as familias galegas perderan o 20 % do seu poder adquisitivo na recesión, as familias galegas son, de media, un 20 % máis pobres que no ano 2008. En Galicia, o 44 % dos 1.160.792 fogares que forman o noso país ingresan menos de 1.500 euros, sumando os ingresos de todas as persoas. E, dentro deles, hai 259.501 fogares, señor conselleiro, 259.501 fogares, que, sumando os ingresos de todos os seus compoñentes, non chegan a 1.000 euros, 1 de cada 5 fogares galegos non ingresa 1.000 euros ao mes. En Galicia hai 492.043 persoas que viven en fogares con carencia material. En Galicia hai 362.091 mulleres e 327.310 homes en risco de pobreza ou exclusión social, un 25 %; 1 de cada 4 galegos e galegas están en risco de pobreza e exclusión social.

Non discutimos que haxa crecemento económico, o que denunciámos é que ese crecemento económico se fai sobre a desigualdade e sobre a precariedade, que saímos da recesión pero non saímos da crise. Porque a maioría da sociedade galega segue vivindo nesa situación. A Galicia de hoxe, a Galicia que vostedes gobernan, é un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos protección social, con menos dereitos laborais, con peores servizos públicos, con menos emprego, con máis paro, con salarios devaluados e maior precariedade laboral que había no ano 2008. Señor Tellado, iso é exactamente do que nós queremos debater, da realidade deste país.

E, nese sentido, nós presentamos as nosas emendas, 42 emendas que non servirían, como di vostede, para aumentar o déficit. Porque, se as lera ben, daríase conta de que nós o que presentamos é fundamentalmente emendas para incrementar os ingresos públicos. E facémolo dende unha perspectiva que expliquei antes: o noso país, Galicia, tense que aproximar, ten que parecerse, a Suecia e Dinamarca e non a Bulgaria e a Romanía. E o modelo social do Partido Popular, reducindo a presión fiscal, reducindo os ingresos públicos, facendo unha defiscalización das rendas do capital en beneficio das grandes fortunas, contribúe a ese modelo que o Partido Popular encabeza en Galicia. Por iso mantemos as nosas emendas e votaremos a favor das emendas do Partido Socialista e do BNG porque van nesa liña de trasladar o crecemento económico á recuperación social.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que acabamos de descubrilos: os señores da oposición son uns nostálxicos. Gustaríalles volver ao ano 2009 por pura nostalxia.

E eu teño que dicirlles que o que mellor os caracteriza é a falta de rigor. Miren, nestes debates vostedes pediron que se baixe a cero o persoal eventual que axuda a prestar os servizos nas diferentes consellerías, vostedes pediron que se baixen a cero os gastos en material e os gastos de telefonía das consellerías, que lles gustaría ver comunicadas. Vostedes pediron que se baixen a cero os gastos en mantemento de equipos informáticos, os gastos en seguros. Ese é o seu modelo. Vostedes presentan unhas emendas que están caracterizadas por unha falta de rigor absoluta. Ese é o exercicio de hipocrisía política que levan protagonizando ao longo dos últimos meses neste Parlamento.

Señor Losada, espero estar á súa altura intelectual cando lle digo que, se non quere que falemos de Andalucía, non falamos de Andalucía, se esta semana non se pode falar dos ERE de Andalucía... Por certo, fondos destinados á formación e ao emprego que foron desviados a outros usos, case 1.000 millóns de euros, dous ex-presidentes de la Junta de Andalucía que están imputados e sentados no banquillo, como media Junta de Andalucía... Ese é o seu modelo, Andalucía.

Ben, se non podemos falar de Andalucía, falemos entón de Galicia, falemos de Galicia. Porque eu teño que dicirlle que ese bipartito que vostedes reivindicán como exemplo de virtudes só durou catro anos, con dous conselleiros imputados, un do Bloque e outro do PSOE. ¿Ese é o seu modelo? Para nós non, dende logo, señor Losada.

E, polo tanto, eses son os datos. Mire, ¿sabe por que entramos na crise? ¿Sabe o que facían vostedes cando gobernaban e entramos na crise? Gastar 2.000 millóns de euros que non había. Iso era o que había. Ao mellor nisto do inicio da crise tivo algo que ver a burbulla inmobiliaria que lle estoupou a Zapatero no ano 2011, e levaba gobernando dende o ano 2005. ¿Non teñen responsabilidades no inicio da crise? Bueno, señor Losada, eu teño que felicitálo polo exercicio de escapismo político habitual do seu partido. (*Aplausos.*) Vostedes, que crearon a crise, agora negan a recuperación.

E, señor Lago, eu, a verdade, teño que dicirlle que non os vexo a vostedes como representantes dos oprimidos, como se definiu hai un rato. Eu, sinceramente, non vexo as mareas de Podemos como representantes dos oprimidos, perdóeme que llo diga. Non sei se oprimidos son os firmantes dos manifestos das mareas de Podemos, eses que agora reciben todos os contratos menores na cidade da Coruña. ¿Eses son os oprimidos? A eses si que vostedes lles crearon postos de traballo. (*Aplausos.*) A eses creáronlles postos de traballo, son os grandes beneficiarios da chegada do populismo ás cidades de Galicia onde gobernan vostedes.

E, señor Lago, vostede perdeu a oportunidade de ser coherente. Eu estou seguro de que vostede cre sinceramente que non se pode vir a esta tribuna a insultar, estou seguro de que o cre sinceramente vostede. Vostede está en contra dos insultos, dos que vertía o señor Beiras, dos que verten os voceiros distintos da súa formación. E lamento sinceramente que non aproveitase a súa intervención para rectificar á señora Carmen Santos cando nos chamaba «asasinos de mulleres» ou cando o señor Beiras dicía as cousas que dicía. Lamento que vostede non fose coherente coa súa postura.

Mire, nós, efectivamente, temos un modelo, un modelo que é radicalmente distinto ao seu. É un modelo do que nos sentimos francamente orgullosos. Mire, a Xunta apostou por baixar impostos. Vostedes, a oposición, apostan por subilos. A Xunta apostou por reducir o endebedamento e a oposición o que quere é máis débeda. Vostedes queren botar empresas de Galicia, nós queremos atraelas e que se creen postos de traballo. Señor Lago, vostedes queren pechar Reganosa, vostedes queren pechar Ence, están en contra da ampliación de Citroën, están en contra do polo tecnolóxico de Rozas, queren pechar a central térmica nas Pontes e tamén en Meirama... Señor Lago, están en contra do emprego, están en contra da economía, iso é o que demostran cada vez que falan neste Parlamento. Polo tanto, non veñan aquí dicindo que están preocupados polo futuro de Galicia. Vostedes son o peor que lle podería pasar a Galicia se algún día alcanzasen o Goberno. Vostedes queren volver ao 2009 porque son uns nostálgicos. E ¿saben que pasaba no 2009? Vostedes metíannos na crise. É certo que hai algo bo no 2009 que si nos gustaría repescar. Miren, para os galegos a única boa noticia de volver ao ano 2009 sería que As Mareas de Podemos non existirían no noso país. Iso sería unha boa cousa para a nosa comunidade, ¿saben? *(Aplausos.)*

Remato xa.

Señorías, Galicia está vacinada. Galicia está vacinada contra o populismo irresponsable e casposo que representan as Mareas de Podemos, Galicia está vacinada contra ese nacionalismo rancio e obsoleto instalado no século XIX e Galicia está vacinada, pese o que diga a señora Lidia Senra..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...contra ese socialismo acomplejado fronte á esquerda radical. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, señor Lago! ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Galicia vai ter orzamento, que vai entrar en vigor o 1 de xaneiro de 2018, como toca, como corresponde. Galicia vai ter un orzamento que crece, señor Lago, un orzamento que crece por terceiro ano consecutivo. E isto é posible grazas a menos impostos. Xa sei que vostede quereda *crujir* os galegos a impostos. Nós apostamos por menos impostos para dinamizar a economía do noso país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Menos impostos, menos débeda, menos déficit, máis emprego, máis exportacións, máis investimento, máis e mellores servizos sociais, iso é o que imos conseguir con estes orzamentos. *(Aplausos.)*

Sigan vostedes por ese camiño.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Os galegos, dende logo, votaron outro, elixiron outro hai un ano. E vostedes pensan que os galegos se equivocaron. Quizais deberían pensar que os equivocados son vostedes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Votación do Ditame sobre o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

Votación dos estados de gastos

Votación dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais dependentes delas

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate imos proceder á votación.

Pechen as portas por favor.

Presten atención, porque é unha votación complexa. Pídolles aos membros da Mesa que me axuden nestas votacións.

En primeiro lugar, imos coa votación de xeito conxunto dos orzamentos das seccións e das entidades públicas que non foron obxecto de emendas. En total son 41.

Votación conxunta dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais que non foron obxecto de emendas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 20; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas seccións e entidades.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos á parte —porque o pediu o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego— orzamentos de determinadas seccións. Vounas ir relatando.

Votación dos orzamentos da sección 01 (Parlamento de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes orzamentos.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora tres seccións: Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia.*

Votación dos orzamentos das seccións 02 (Consello de Contas), 03 (Consello da Cultura Galega) e 20 (Consello Consultivo de Galicia)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes orzamentos.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais.*

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes orzamentos.

O señor PRESIDENTE: *Agora votamos as emendas ás seccións ás que se manteñen as emendas. Votaranse conxuntamente todas as emendas presentadas a cada sección coas matizacións que agora irei lendo.*

Comezamos pola sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia. Aquí votamos todas as emendas de xeito conxunto.

Votación conxunta de todas as emendas presentadas aos orzamentos da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comezando —porque pediu a separación o Grupo Parlamentario Socialista— pola emenda número 10 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda número 10 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas á Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), agás a xa votada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora de xeito conxunto as emendas á Consellería de Facenda.

Votación conxunta das emendas presentadas á sección 06 (Consellería de Facenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O Grupo Parlamentario Socialista pediu votar por separado a emenda número 21 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que é a que votamos agora.

Votación da emenda número 21 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentada aos orzamentos da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas a esta sección, que se votan xa de xeito conxunto.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), agás a emenda xa votada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a sección 08, Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as da sección 09, Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Hai unha petición do Grupo Parlamentario Socialista de votación separada das emendas 37, 38, 50 e 58 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas 37, 38, 50 e 58 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas feitas a esta sección, conxuntamente.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria), agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a sección 10, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Hai unha petición do Grupo Socialista de votar por separado as emendas 206 á 238, ambas incluídas, e da 250 á 264, tamén incluídas, do Bloque Nacionalista Galego.

(O señor Losada Álvarez: É da 250 á 256, se pode modificalo.)

O señor PRESIDENTE: Entón será así.

Votación dos grupos de emendas 206 a 238 e 250 a 256, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o resto das emendas, conxuntamente, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Perdón, todas as emendas, todas conxuntamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora teñen que ir conxuntas as outras emendas, fáganme caso. Acabamos de votar as que vostede segregou do Bloque e agora imos votar o resto, todas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero iso é novo logo. É que se me cambian o guión... ¡Oia!, non me cambien o guión. Así é moi difícil.

¿Agora queren votar, logo, todas as emendas de En Marea separadas?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu entendín que soamente había que modificar aquelas nas que había, dentro de cada grupo, votos diferentes. Pero neste caso nas de En Marea vai ser o mesmo voto do Grupo Socialista. Pero insisto en que cambiaron as normas, o cal é lexítimo pero...

O señor PRESIDENTE: Non, non, isto falouse na Xunta de Portavoces. E pediuse que nos remitiran información, e eu estou seguindo a información que vostedes me remitiron.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A información que lle remitín, insisto, é se pode votarse as do Grupo de En Marea por separado.

O señor PRESIDENTE: ¿Neste caso?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Neste caso só.

O señor PRESIDENTE: Pois moi ben.

As outras xa quedaron votadas. Votamos, logo, por separado as emendas de En Marea, que son da 206 á 264. ¿É correcto?

Votamos.

Votación das emendas 206 á 264, do G. P. de En Marea, presentadas aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora atención, por favor. Prégolles atención, porque, se non, confundímonos todos.

Agora votamos o resto das emendas a esta sección de xeito conxunto. Imos alá, votámolas. Menos as de En Marea, que xa se votaron, claro.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Sección 11, Consellería de Sanidade. Hai unha petición de votación por separado, do Grupo Parlamentario Socialista, da emenda número 65 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda número 65 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos da sección 11 (Consellería de Sanidade).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos da sección 11 (Consellería de Sanidade), agás a xa votada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos a sección 12, Consellería de Política Social.

Votamos conxuntamente todas as emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 12 (Consellería de Política Social).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos, tamén de xeito conxunto, as emendas da sección 13, Consellería do Medio Rural.

Votamos.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 13 (Consellería do Medio Rural).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a sección 14, Consellería do Mar. Votamos de xeito conxunto todas as emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da sección 14 (Consellería do Mar).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas ás entidades públicas instrumentais. Empezamos polos organismos autónomos, en concreto o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Votamos de xeito conxunto as emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as do Servizo Galego de Saúde.

Pediuse, polo Grupo Parlamentario Socialista, a votación separada das emendas 102 á 108 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Imos votar estas emendas.

Votación das emendas 102 á 108 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego presentadas aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Tamén se pediu por separado a emenda número 265 do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da emenda número 265 do G. P. de En Marea presentada aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora de xeito conxunto o resto das emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Servizo Galego de Saúde, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Axencias públicas autonómicas. Axencia de Turismo de Galicia. Votamos de xeito conxunto as emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos de xeito conxunto as emendas da Axencia Galega de Infraestruturas.

Votamos.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Instituto Enerxético de Galicia. Votamos as emendas de xeito conxunto.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Instituto Galego de Promoción Económica. Votamos de xeito conxunto as emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Axencia Galega de Innovación. Votamos de xeito conxunto as emendas.

Votación conxunta das emendas presentadas aos orzamentos da Axencia Galega de Innovación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable. Votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da emenda número 29 do G. P. de En Marea presentada aos orzamentos do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Entidades públicas empresariais. Empezamos por Augas de Galicia, e votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación conxunta das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas aos orzamentos de Augas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Portos de Galicia. Emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas aos orzamentos de Portos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Consorcios autonómicos. Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, presentadas aos orzamentos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Ata aquí a votación das emendas. Agora votamos, tamén de xeito conxunto, os orzamentos das seccións e das entidades instrumentais. Todo nunha única votación.

Votamos.

Votación conxunta dos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais que foron obxecto de emendas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas seccións e entidades.

Votación do texto articulado do ditame

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o texto articulado do ditame.

Haberá votación conxunta das emendas, pero hai algunhas peticións por separado.

En concreto, comezamos votando as emendas números 1 e 2 ao artigo 2, apartados 1 e 4, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas números 1 e 2 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao artigo 2, apartados 1 e 4, do texto articulado do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Tamén hai unha petición de votar por separado as emendas números 1 a 5 ao artigo 2, apartados 1 a 5, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación das emendas 1 a 5 do G. P. de En Marea ao artigo 2, apartados 1 a 5, do texto articulado do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas, de xeito conxunto, presentadas ao articulado.

Votamos.

Votación conxunta das emendas presentadas ao texto articulado do ditame, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o articulado.

Votación do texto articulado do ditame.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o articulado.


O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e, polo tanto, quedan aprobados os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018. *(Aplausos.)*

Antes de dar por finalizado este pleno, é bo que hoxe recordemos que tal día como hoxe, hai trinta e seis anos, naceu o Parlamento de Galicia, coa primeira sesión constitutiva no Pazo de Xelmírez. É unha boa ocasión para que nós recordemos os que nos precederon e o traballo que fixeron. Grazas a iso temos autonomía e temos as institucións, grazas a iso temos tamén unha calidade de vida mellor en Galicia. Polo tanto, é bo que llelo recoñezamos, e eu así llelo quero recoñecer.

E tamén grazas a todos vostedes. Vostedes son deputados e deputadas do Parlamento de Galicia e hoxe é un día, polo tanto, de celebración. Nós, ao longo deste tempo, estivemos pondo en valor o Parlamento e imos seguir pondo en valor o Parlamento. O Parlamento ha de ser máis coñecido. Acabamos hoxe aquí a celebración dos trinta e cinco anos, rematámola aquí, pero ha de seguir ese traballo de que o Parlamento sexa realmente coñecido. Nesa tarefa imos estar todos. E como hoxe é un día de celebración, ímolo celebrar todos agora en harmonía. Volveremos ao pleno ás catro, que hoxe é un día longo. Volveremos ás catro da tarde.

Bo día.

Remata a sesión ás tres e dous minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25